

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE MARZO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asisten, con escusa, don Manuel María Mora Pita da Veiga, do PP; don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2016 e á sesión extraordinaria do día 24 de novembro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2016 e á sesión extraordinaria do día 24 de novembro de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezaoto concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2016 [os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe); os cinco concelleiros de UxC; as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto); os dous concelleiros de ACdC-SON; o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez); a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]
- dezaseis concelleiros na sesión extraordinaria do día 24 de novembro de 2016 [os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe); os cinco concelleiros de UxC; unha concelleira do PSdeG-PSOE (dona Josefa Vázquez Soto); os dous concelleiros de ACdC-SON; o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez); a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Modificación da ordenanza fiscal núm. 12 reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancía de calquera clase, e da ordenanza fiscal núm. 13 reguladora da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta que as ordenanzas fiscais 12 e 13 definen un feito impositivo similar, o que fai que, en algunhas ocasións non resulte suficientemente clara a aplicación das tarifas correspondentes e poida aplicarse unha ordenanza e outra indistintamente e con distinto resultado.

Considerando que a vontade desta corporación é a de clarificar e detallar adecuadamente as tarifas de ambas as ordenanzas fiscais co obxecto de que non xurdan dúbidas, a modificación que se propón consiste en agrupar o maior número de tipos de ocupación ou aproveitamento en unha sola ordenanza, a número 13, e deixar a número 12 reservada aos denominados vaos, en todas as súas modalidades.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2017 e seguintes a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da Taxa por Entrada de Vehículos a través das Beirarrúas e as Reservas de Vía Pública para Aparcamento, Carga e Descarga de Mercancías de calquera clase e o artigo 6º da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública coa seguinte redacción:

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Entrada de Vehículos a través das Beirarrúas e as Reservas de Vía Pública para Aparcamento, Carga e Descarga de Mercancías de calquera clase

Artigo 6º. - Cota tributaria.

1. A contía da taxa determinarase consonte ás tarifas contidas no apartado seguinte:

2. Tarifas:

2.1 Tarifa primeira: será de aplicación ós vaos permanentes definidos na ordenanza reguladora dos mesmos:

- 2.1.1 Locais de ata 100 m², 150 euros.
- 2.1.2 Locais de 100 m² a 250 m², 190 euros
- 2.1.3 Locais de 251 m² a 500 m², 250 euros.
- 2.1.4 Locais de máis de 500 m², 310 euros.

2.2 Tarifa segunda: será de aplicación ós vaos laborais definidos na ordenanza reguladora.

- 2.2.1 Locais de ata 100 m², 195,00 euros.
- 2.2.2 Locais de 101 m² a 250 m², 245,00 euros

2.2.3 Locais de 251 m² a 500 m², 325,00 euros.

2.2.4 Locais de máis de 500 m², 405,00 euros.

2.3 Tarifa terceira: será de aplicación ós vaos nocturnos definidos na ordenanza reguladora.

2.3.1 Locais de ata 100 m², 75,00 euros.

2.3.2 Locais de 101 m². a 250 m², 95,00 euros

2.3.3 Locais de 251 m² a 500 m², 125,00 euros.

2.3.4 Locais de máis de 500 m², 155,00 euros.

2.4 Tarifa cuarta: placas de sinalización, por unidade, 25 euros.

3. Normas para a aplicación das tarifas:

Para os efectos da liquidación da taxa, cando se produza o acceso dende a vía pública a un grupo de fincas ou locais que compartan a mesma entrada computarase como superficie do local, a suma das súas superficies.

A superficie computada será a destinada a garaxe, expresada en metros cadrados e sumando as plantas ou pisos do mesmo, no seu caso. Non se computará a superficie destinada a outros usos tales como ascensores, pasillos exteriores ao garaxe, trasteiros, etc.

Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública

Artigo 6.- Cota tributaria

1. As tarifas da taxa serán as seguintes:

EPÍG.	TIPO DE OCUPACIÓN OU APROVEITAMENTO	TARIFA
1	Guindastres, vehículos formigonado e bombeo, expositores e contedores aos que non sexa aplicable outro epígrafe e aproveitamentos análogos	
1.1	Con impedimento circulación	7,30 € m2/día
1.2	Sen impedimento circulación	5,00 € m2/día
1.3	Media xornada	3,80 € m2/día
1.4	Cota mínima	30,00 €
2	Contedores de obra	
2.1	Por m2 de ocupación	0,60 € m2/día
2.2	Cota mínima	20,00 €
3	Mudanzas	
3.1	Xornada completa	35,00 € día
3.2	Media xornada	25,00 € día
4	Descargas subministracións	
4.1	Por m2 de ocupación	0,60 € m2/hora
4.2	Cota mínima	15,00 €
5	Valos, elevadores, andamios e outras instalacións semellantes	
5.1	Sen publicidade	3,80 € m2/mes
5.2	Con publicidade	5,50 € m2/mes
6	Outros usos extraordinarios	
6.1	Por m2 de ocupación	1,40 € m2/día
6.2	Cota mínima	20,00 €
7	Cables de conducción enerxía ou comunicacións	
7		2,00 € ml/año
8	Tubos auga ou gas	
8		4,50 € ml/año

9	MI de conducción electricidade alta tensión	6,00 € ml/año
10	Postes madeira, ferro ou cemento	5,00 € ud/año
11	Transformadores	6,00 € m2/año
12	Caixas de amarre, distribución, soporte, rexistro	8,00 € ud/año
13	Elemento de ocupación permanente distinto aos anteriores	10,00 € ud/año

As instalacións ou elementos non enumerados de maneira expresa nos anteriores epígrafes pero que realicen un aproveitamento do subsolo, solo ou voo da vía pública substancialmente igual aos enunciados, estarán sometidos á tarifa da instalación ou elemento que máis se lles asemelle.

Nos casos nos que a tarifa refírase a un mes de ocupación, computarase de data a data aínda que abarque máis dun mes natural.

As ocupacións diarias de duración menor ou igual a catro horas terán a consideración de media xornada a efectos de aplicación das tarifas anteriores.

2. As taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as referidas empresas.

Para os efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos, as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicarase a estas empresas, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se realiza a subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereito de uso, acceso ou interconexións ás mesmas.

As taxas reguladas nesta ordenanza esixibles ás empresas explotadoras de servizos de subministración citadas neste punto son compatibles co imposto sobre construcións, obras e instalacións e con outras taxas que teña establecidas ou poida establecer o concello pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos.

Para os efectos do disposto no apartado anterior, terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no termo municipal polas empresas explotadoras de servizos de subministración, os obtidos en dito período por estas como consecuencia das subministracións realizadas aos usuarios, incluíndo os procedentes de alugamento, posta en marcha, conservación, modificación, conexión e substitución dos contadores, equipos ou instalacións propiedade das empresas ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servizos e, en xeral, todos aqueles ingresos que procedan da facturación realizada por servizos derivados da actividade propia da empresa subministradora.

Non terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os seguintes conceptos:

- Os impostos indirectos que os graven.
- As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas subministradoras poidan recibir.
- As cantidades que poidan recibir por doazón, herdanza ou por calquera outro título lucrativo.
- As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos salvo que fosen compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que tiveran que incluírse nos ingresos brutos definidos con anterioridade.
- Os produtos financeiros, tales como dividendos, xuros e calquera outros de natureza análoga.
- Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.

- O maior valor dos seus activos como consecuencia das regularizacións que realicen nos seus balances, ao abeiro de calquera normas que se podan citar.
- As cantidades procedentes do alleamento de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- Os demais ingresos procedentes de conceptos distintos das subministracións anteriormente mencionadas.

Os ingresos da subministración minoraranse exclusivamente en:

- As partidas correspondentes a importes indebidamente facturados por erro e que foran obxecto de anulación ou rectificación.
- As empresas que empreguen redes alleas para realizar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes destas. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministración a que se refire este artigo.

3. Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adjudicación.

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que ante diversas situacións administrativas que se produciron en canto á aplicación da ordenanza núm. 12 de vaos e ordenanza núm. 13 de ocupación de vía pública, que ás veces se solapaban nalgúns artigos, decidiuse actuar sobre esas dúas ordenanzas fiscais. O que se fai é unha intervención sobre o artigo 6 de ambas ordenanzas, fundamentalmente esa é a modificación que se propón respecto destas ordenanzas fiscais.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, expón que vista a documentación da modificación das ordenanzas fiscais, vistas as explicacións que resolveron as súas dúbidas nas comisións, vista a conformidade do propio servizo de Intervención e visto o informe económico, dende o Grupo Popular valoran positivamente a proposta e van apoiála.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que entenden

que era necesaria e apropiada a clarificación das tarifas a aplicar aos aproveitamentos e a clarificación das dúas ordenanzas, en ocasións confusas entre si, de xeito que tamén apoian a proposta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que esta é unha modificación necesaria, pero, non obstante, en Ciudadanos consideran que sería precisa unha modificación máis completa e non un simple parche aquí e alá, xa que hai outras situacións que lles trasladaron algúns veciños, que tamén deberían revisarse nun futuro.

Así, aínda que van apoiar esta modificación pon como exemplo que se alguén solicita permiso en decembro de 2015, ten que pagar a taxa, que son 150 euros. Concédanllo ou non llo concedan, eses 150 euros hai que pagalos, e se non llo conceden perden os cartos. Como o solicitou en decembro, no mes de xaneiro de 2016 xa son outros 150 euros. E se ten a sorte de que llo conceden, ten que pintar o bordo de amarelo e despois pasaranse outra vez para comprobalo e dicir se outorgan o permiso ou se non se outorga. Outros 150 euros. Entre pintar, a visita e demais, chega 2017. Chámano para dicirlle que se lle concede definitivamente e xa tocan outros 150 euros do 2017, máis 25 da placa. Están falando de 450 euros por un servizo que aínda o veciño non ten usado, vaino ter nese momento, febreiro de 2017.

Este procedemento é moi custoso. Ciudadanos entende que se poida establecer unha taxa por se o solicitante se volve atrás, porque hai un gasto administrativo, pero cobrar toda a taxa sen saber se van conceder o permiso, sabendo que se non llo dan vai perder o diñeiro, e sabendo que iso se pode prolongar no tempo dependendo a data na que se solicite, é polo que consideran que, proximamente, cando así o consideren, esa regulación merecería tamén unha revisión.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que si, que seguirán intentando mellorar as ordenanzas, e di que seguro tamén lle vai tocar a esta mellorar nalgúns aspectos.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaoto concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento do 2017. Expediente núm. 9/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 44.912,07 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 9/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 44.912,07 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM. DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/5938	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	576,87
F/2016/5940	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	281,45
F/2016/5941	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	483,21
F/2016/5942	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	117,59
F/2016/5943	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	849,52
F/2016/5944	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	299,28
F/2016/5946	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	477,70
F/2016/5947	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	317,83
F/2016/5948	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	567,14
F/2016/5949	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	619,18
F/2016/5950	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	73,75
F/2016/5951	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	560,74
F/2016/5952	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	73,65
F/2016/5953	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	350,44
F/2016/5954	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	82,24
F/2016/5955	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	561,26
F/2016/5959	28/11/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	404,50
F/2016/6458	29/12/2016	A15050842	RECLAM PUBLICIDAD.MARKETING Y ARTES GRAFICAS, S.A.	98,01
F/2016/6499	30/12/2016	B15547979	JARDINERIA ARCE, S.L.	7.773,61
F/2017/73	05/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	218,56
F/2017/75	05/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.155,54

F/2017/76	05/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.001,31
F/2017/79	05/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	185,61
F/2017/81	05/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.638,65
F/2017/85	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	544,08
F/2017/87	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	354,54
F/2017/88	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	93,80
F/2017/94	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	75,48
F/2017/95	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	141,63
F/2017/97	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	86,90
F/2017/103	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	7.506,39
F/2017/130	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	109,08
F/2017/141	06/01/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	272,10
F/2017/190	13/01/2017	B15535552	MERCARTABRIA, S.L.U.	49,53
F/2017/262	26/01/2017	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	1.723,30
F/2017/377	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2017/417	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,20
F/2017/418	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	7,36
F/2017/440	01/02/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	729,11
F/2017/450	01/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	30,26
F/2017/459	02/02/2017	B70064472	EL ENTORNO METROPOLITANO GRUPO EDITORIAL, S.L.	484,00
F/2017/460	02/02/2017	B70064472	EL ENTORNO METROPOLITANO GRUPO EDITORIAL, S.L.	484,00
F/2017/487	02/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,95
F/2017/496	03/02/2017	B15907561	ROSAN GALICIA, S.L.	1.028,50
F/2017/497	03/02/2017	B15907561	ROSAN GALICIA, S.L.	2.233,18
F/2017/601	05/02/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	682,82
F/2017/684	07/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	343,80
F/2017/881	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	18,66
F/2017/882	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	29,31
F/2017/884	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	325,21
F/2017/920	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	16,01
F/2017/923	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,05
F/2017/932	10/02/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	5,05
F/2017/980	13/02/2017	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.868,56
F/2017/981	13/02/2017	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.839,09
F/2017/982	13/02/2017	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.799,49
F/2017/1023	13/02/2017	V15096621	CLUB ESCUELA DE TENIS MARINEDA	1.199,99
F/2017/1029	19/01/2017	53305208V	CASTIÑEIRA LÓPEZ JESÚS	54,51
F/2017/1041	17/02/2017	B15986029	LUFISA SERVICIOS, S.L.	987,29
			TOTAL	44.912,07 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que isto é reiterativo, son facturas que veñen de finais do ano pasado, ou de principios deste ano pero que os traballos se fixeron o ano pasado, co cal, como o orzamento se termina en decembro, hai que incorporalo ao novo orzamento.

Insiste en que é reiterativo e veñen sen reparos, polo que entenden que deben aboarse sen dificultade.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que si, que tan reiterativo, como que é o noveno expediente de recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores no ano, e só están no mes de marzo. O ano pasado foron máis de 22 expedientes de recoñecementos extraxudiciais de créditos, co cal volven incidir, outro pleno máis, e así o seguirán facendo, en que o Goberno debe revisar o motivo polo que estas facturas se están aprobando por procedementos que non son os habituais na aprobación de facturas polas entidades locais.

Cren que isto hai que revisalo, que hai que tomalo en serio. Non se pode estar traendo recoñecementos extraxudiciais pleno tras pleno, porque o ano pasado foron unhas cantidades enormes de diñeiro municipal que se ten imputado ao orzamento que non lle correspondía, concretamente máis de 3 millóns de euros, e este ano van polo mesmo camiño. Iso sen contar todas aquelas facturas que se están aprobando, con reparos, a través das xuntas de goberno municipal.

Polo tanto, conclúe dicindo que seguirán incidindo neste mesmo tema, e seguirán revisándoo e denunciando. O seu voto, dado que non hai reparos suspensivos da Intervención, vai ser abstención, porque como ten sido sempre o criterio do PP, tampouco van prexudicar os intereses dos acredores.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo tamén comparten ese sentir de que non é un procedemento que lles guste, non é unha maneira de dar conta das facturas que van xurdindo ao longo do ano, non é a maneira máis apropiada, pero tendo en conta tamén que hai que pagar aos provedores e os servizos que estes prestan, e tendo en conta que estas facturas non levan ningún tipo de reparo por parte de Intervención, eles tamén votarán abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que no seu grupo, seguindo a súa postura en relación aos recoñecementos extraxudiciais no 2017, tamén se van abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Aprobación do Plan estratéxico de subvencións do Concello de Cambre 2017/2019

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de marzo de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de marzo

de 2017, coa inclusión no punto 4.1 dun parágrafo 8º aclaratorio da emisión de informe con motivo do peche de lexislatura, do seguinte teor literal:

“O informe que corresponde emitir antes do 30 de abril de 2019, terá carácter de informe de peche de lexislatura, e servirá para que en setembro de 2019 a nova comisión, nomeada con base nos resultados das eleccións municipais de maio de 2019, poida continuar o labor de avaliación previsto no Plan estratéxico de subvencións. O quórum de 7 que se establece será recalculado conforme ao resultado das eleccións, tendo en conta o número de grupos integrantes da nova Corporación municipal.”»

Sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

“Vista a necesidade de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións no que consten os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo para a súa consecución, os custos previsibles e as fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, tal e como preceptúa o artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións (LXS) e o artigo 5.1 da Lei de subvencións de Galicia, para abordar posteriormente a aprobación dun Regulamento municipal de subvencións.

Visto que con data 1 de marzo dítase providencia desta Alcaldía dirixida á Intervención municipal dispoñendo se redacte pola ela un plan estratéxico de subvencións con vixencia para 3 anualidades.

Visto o documento redactado pola Intervención municipal en atención ás premisas establecidas por esta Alcaldía, e visto que no plan se establece que o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, en tanto que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, en atención ao previsto no artigo 22.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

É polo que se propón ao Pleno:

Primeiro: Aprobar o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Cambre para os exercicios 2017/2019, co seguinte tenor literal:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2017-2019

CONCELLO DE CAMBRE

ÍNDICE

1. Introducción.

- 1.1. Antecedentes legais.
- 1.2. Breve descrición das subvencións existentes no Concello no exercicio 2016.
- 1.3. Obxectivos xerais pretendidos coa aprobación do PES do Concello de Cambre

2. Principais elementos do contido do PES do concello de Cambre.

- 2.1. Ámbito subxectivo.
- 2.2. Período de vixencia.
- 2.3. Obxectivos estratéxicos: competencias municipais e obxectivos do PES.
- 2.4. Estabilidade orzamentaria e austeridade no gasto público.

3. As liñas de subvencións do Concello de Cambre.

- 3.1. Área 1. **Acción social.**
- 3.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- 3.3. Área 3. **Promoción cultural**
- 3.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares**
- 3.5. Área 5. **Promoción e fomento do deporte**
- 3.6. Área 6. **Promoción empresarial**
- 3.7. Área 7. **Transporte**
- 3.8. Área 8. **Outras**

4. Seguimento e avaliación do PES 2017-2019

- 4.1. Grupo para o seguimento e a avaliación do PES.
- 4.2. Actualización anual do PES.
- 4.3. Informe anual do PES.
- 4.4. Definición de indicadores para a avaliación da eficacia PES.
- 4.5. Control financeiro do PES.

5. Aprobación, publicidade e transparencia do PES.

- 5.1. Aprobación do PES.
- 5.2. Publicidade do PES
- 5.3. Transparencia do PES.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. Antecedentes legais.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS) introduciu unha obriga novedosa para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións (en adiante, PES), no que se deberán concretar os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Con esta medida, penetran na área da actividade administrativa de fomento as técnicas de planificación estratéxica propias do sector privado e que foron incorporadas progresivamente como ferramentas de programación e xestión nas dúas últimas décadas no sector público español. Con isto preténdese dar resposta ás esixencias constitucionais dunha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos, coherente, polo tanto, co resto de ferramentas de programación e planificación orzamentaria ou sectorial que se poidan aprobar. Así, de acordo co artigo 103 da Constitución, *“la Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”*, principios ligados aos expresados no artigo 31.2 da propia norma constitucional, en relación co gasto público, ao que se lle esixe realizar *“una asignación equitativa de los recursos públicos y su programación y ejecución responderán a los criterios de eficiencia y economía”*.

O artigo 8 da LGS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LGS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse del e os efectos do seu incumprimento.

Pese ao tempo transcorrido desde a aprobación da LGS, o concello de Cambre nunca contou cun PES. Máis alá da obriga legal de dar cumprimento ao artigo 8 LGS, o ineludible cumprimento do obxectivo de estabilidade

orxamentaria e o actual contexto de consolidación fiscal e de austeridade no gasto público esixen neste momento, máis que nunca, dispoñer na actuación administrativa dos adecuados instrumentos de planificación das políticas públicas, como é o caso dos plans estratéxicos de subvencións.

1.2. Apunte das subvencións existentes no concello de Cambre no exercicio 2016.

Directamente vinculadas coas competencias o concello de Cambre dispoñía de tres tipos de subvencións: nominativas, de libre concorrència e un terceiro tipo que podería considerarse mixtas (como poden ser emerxencias sociais, transporte metropolitano ou a partidos políticos que sen ser nominativas *per se* tampouco son sometidas a libre concorrència). Por cada unha das áreas serían as seguintes

Emerxencias sociais	mixto	150.000,00 €
Nominativas		11.800,00 €
Acción Social		250.399,98 €
Nominativas		8.000,00 €
Educación primaria		28.000,00 €
Nominativas. convenio		1.500,00 €
Nominativas		110.000,00 €
Educación Secundaria		111.500,00 €
Becas de estudo e libros. Libre concorrència		18.000,00 €
Outros premios		1.000,00 €
Programa Mañanceiro. Libre concorrència		75.000,00 €
Servizos comple. de educación		94.000,00 €
Becas e premios		14.000,00 €
Equipamentos culturais e museos.		14.000,00 €
Becas e premios		6.000,00 €
Nominativas		70.160,00 €
Sen fin de lucro libre concorrència		25.000,00 €
Promoción cultural		101.160,00 €
Becas e premios		
Nominativas		50.000,00 €
Festexos populares		50.000,00 €
Becas e premios		4.000,00 €
Nominativas		76.000,00 €

Fam. Inst. sen fin de lucro		22.000,00 €
Bolsas deportistas. Libre concorrencia		10.000,00 €
Promoción e fom. de deporte		112.000,00 €
Fomento emprego Cambre emprende		50.000,00 €
Convenio empresa privada. Nominativa		18.000,00 €
Becas e premios		20.000,00 €
Subv. Nominat. Ent. Non lucro		18.000,00 €
Promoción empresarial		106.000,00 €
Subv. Grupos políticos		33.000,00 €
Órganos de goberno		33.000,00 €
Transporte metropolitano		160.000,00 €
Transferencias a CCAA		160.000,00 €

1.3. Obxectivos xerais pretendidos coa aprobación do PES do Concello de Cambre

A elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do 2017-2019 debe concibirse como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas polo municipio.

Fronte a unha concepción formal do PES, o Concello de Cambre quere dotarse de un auténtico Plan Estratéxico de Subvencións, que dea cumprimento formal e materialmente ao previsto no artigo 8 da LGS. Así o esixe a legalidade, pero tamén o actual contexto de consolidación fiscal e de austeridade no gasto público.

Un auténtico PES é a ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional que os entes municipais levan a cabo e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse as actuacións subvencionais desenvolvidas polo Concello, o que sen dúbida debe de converterse nun obxectivo tanto político como técnico.

Tendo presente todo o anterior, a elaboración de un PES 2017-2019 do Concello de Cambre pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Dotar a cada departamento municipal dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha utilidade pública relacionada coas materias da competencia de cada área.
- Desde unha perspectiva económica-financiera, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto de todas as áreas que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.
- Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, preparar ao concello para as novas obrigas que se derivarán da futura normativa sobre estas materias.

Con todo, non debe esquecerse, como se sinalou anteriormente, que se trata do primeiro PES que se aproba no Concello de Cambre. O seguimento e avaliación que se realizará do mesmo permitirá, sen dúbida algunha, a mellora e o perfeccionamento dos plans estratéxicos de subvencións que se realicen no futuro.

2. PRINCIPAIS ELEMENTOS DO CONTIDO DO PES DO CONCELLO DE CAMBRE.

2.1. *Ámbito subxectivo: un PES único para o Concello de Cambre.*

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, introduciu unha obriga novedosa para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse deles e os efectos do seu incumprimento, que se ben non resulta aplicable aos concellos (tal e como se indica na súa exposición de motivos), recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

O dito plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais.

De acordo co Regulamento da LGS, ha de aprobarse un plan estratéxico para cada Ministerio, que abarcará as subvencións tanto dos seus órganos como dos organismos e demais entes públicos a el vinculados. Extrapolado ao ámbito municipal, calquera subvención que sexa outorgada polos departamentos municipais debe de estar recollida neste plan estratéxico, é dicir o **ámbito deste plan sería todas as áreas municipais**.

2.2. *Período de vixencia.*

De acordo co artigo 11.4 do Regulamento da LGS, os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Tendo presente esta previsión regulamentaria aínda que non aplicable directamente aos municipios, si que é razoable que se tome como referencia, aínda máis cando engloba os exercicios que quedan de mandato a esta Corporación polo que o **PES do Concello de Cambre terá vixencia no período 2017-2019**.

2.3. *Competencias do Concello de Cambre e obxectivos estratéxicos do PES.*

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social	Área 1
Educación + servizos complementarios	Área 2
Promoción cultural	Área 3
Festexos e tradicións populares	Área 4
Promoción e fomento de deporte	Área 5
Promoción empresarial	Área 6
Transporte	Área 7
Outras	Área 8

Ademais a aprobación deste plan persigue os seguintes obxectivos:

- Levar a cabo unha profunda modernización do concello en materia de subvencións e aposta por simplificación e maior control das mesmas.
- A consecución dunha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.
- Maior transparencia das mesmas que farán que cada un dos veciños sexa consciente de cómo se empregan os recursos municipais e cal é o fin dese destino dos recursos.

2.4. Estabilidade orzamentaria e austeridade no gasto público.

O PES do Concello de Cambre 2017-2019 debe ser coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria que se establece para eses exercicios. Non pode ser doutro modo, dada a importancia política, económica e constitucional do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que está contido no noso bloque interno de constitucionalidade e forma parte dos nosos compromisos irrenunciábeis coa Unión Europea.

Neste senso, debe recordarse que o obxectivo da estabilidade presupostaria se inclúe expresamente no artigo 135 da Constitución mediante a reforma aprobada o 27 de setembro de 2011:

“Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria”.

Esta previsión constitucional foi desenvolvida mediante a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxo artigo 7 é interesante recordar:

“1. Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.

3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”.

Previsións constitucionais e legais que se completan co disposto no artigo 9 LGS, onde se dispón expresamente que os Plans Estratéxicos de Subvención se supeditarán en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria.

3. AS LIÑAS DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE

3.1. Área 1. **Acción social.**

Enmarcábase en dúas grandes áreas estratéxicas. Por un lado as emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade, e unha segunda liña que serían as subvencións nominativas a aquelas asociacións sen ánimo de lucro que ben operan no concello de Cambre ou con veciños de Cambre dentro de ámbitos de integración, multiculturalidade ou atención a persoas sen recursos e cos que, por parte da área de servizos sociais, se considera necesario colaborar economicamente.

3.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**

Nesta área establécense tres liñas. A primeira sería a colaboración mediante subvención nominativa con cada unha das ANPAS dos centros de escolarización obrigatoria existentes en Cambre.

Por outro lado becas para poder financiar en libre concorrencia aqueles gastos de escolarización obrigatoria non financiados por outras administracións.

Por último, o programa Mañanceiro como alternativa que se oferta aos pais para poder conciliar vida familiar e profesional.

3.3. Área 3. **Promoción cultural.**

Establécense convenios con determinadas asociacións sen ánimo de lucro con importante implantación cultural no municipio, así como unha liña de 29.000,00 euros para que acudan as demais asociacións en libre concorrencia.

3.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares.**

Subvención en libre concorrencia ás asociacións de festas para que o concello colabore coa organización das diversas festas parroquiais. Constitúe o obxecto destas subvencións o colaborar no ocio e tempo de lecer e responsabilizar ás comisións da súa xestión.

3.5. Área 5. **Promoción e fomento de deporte.**

Dúas liñas en libre concorrencia, para clubs e deportistas de elite así como seis nominativas para os clubs máis representativos de Cambre compoñen o menú de subvencións que serven para fomentar o deporte en Cambre nas súas dúas vertentes, como instrumento de convivencia e no seu canle de competición.

3.6. Área 6. **Promoción empresarial.**

Establécense dúas subvencións nominativas así como o programa Cambre Emprende co obxecto de apoiar o estímulo empresarial no termo municipal, favorecendo a competitividade das empresas cambresas e a colaboración cos autónomos.

3.7. Área 7. **Transporte.**

Dotar de soporte orzamentario ao acordo adoptado coa Xunta en materia de transporte metropolitano.

3.8. Área 8. **Outras.**

Para mantemento dos grupos políticos conforme as bases de execución do orzamento e acordo plenario ao respecto.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PES 2017-2019.

4.1. Grupo para o seguimento e a avaliación do PES 2017-2019.

De conformidade co artigo 12.1.c) do Regulamento da LGS, os PES deben incluír o réxime de seguimento e avaliación continúa aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.

Para realizar o seguimento e avaliación do presente PES 2017-2019 formarase un grupo de seguimento formado polos seguintes membros:

Membros xerais
Presidente: Alcalde ou concelleiro no que delegue
Un concelleiro de cada grupo con representación no pleno
Interventor ou funcionario do departamento no que delegue
Funcionario do departamento de intervención designado polo interventor
Secretaría municipal ou persoa en que delegue para os efectos de fe pública

Membros dos departamentos		
Acción Social	Área 1	Coordinadora da Área ou persoa en quen delegue
Educación	Área 2	Coordinador da Área ou persoa en quen delegue
Promoción cultural	Área 3	
Festexos e tradicións populares	Área 4	
Promoción e fomento de deporte	Área 5	
Promoción empresarial	Área 6	Coordinadora da Área ou persoa en quen delegue
Transporte	Área 7	Concelleiro delegado de Área de Transporte

Para que exista quórum deberán estar presentes polo menos a metade dos membros máis un (7) e obrigatoriamente:

Membros obrigatorios para acadar quórum
Presidente: Alcalde ou concelleiro no que delegue
Interventor ou funcionario do departamento no que delegue
Secretaría municipal ou persoa en que delegue para os efectos de fe pública

Reunirse unha vez aprobada a liquidación dos orzamentos antes do 30 de abril do exercicio seguinte para avaliar o cumprimento dos obxectivos marcados en cada unha das subvencións e o grao de repercusión delas.

O informe que corresponde emitir antes do 30 de abril de 2019, terá carácter de informe de peche de lexislatura, e servirá para que en setembro de 2019 a nova comisión, nomeada con base nos resultados das eleccións municipais de maio de 2019, poida continuar o labor de avaliación previsto no Plan estratéxico de subvencións. O quórum de 7 que se establece será recalculado conforme ao resultado das eleccións, tendo en conta o número de grupos integrantes da nova Corporación municipal.

Tamén se reunirá para os efectos de modificar este plan estratéxico nos termos do apartado seguinte.

Terá a consideración de órgano colexiado e a indemnización por asistencia será a equivalente aos importes establecidos para unha Xunta de Voceiros, non devengando retribución ningunha para os concelleiros con dedicación total ou parcial e para os funcionarios soamente cando esta reunión se prolongue fora da súa xornada laboral.

4.2. Modificación do PES.

Segundo o artigo 14.1 do Regulamento da LGS, o plan estratéxico poderá ser actualizado anualmente en 2018 e 2019 coa información relevante dispoñible e remitida por cada un dos departamentos.

A actualización realizarase antes da aprobación dos orzamentos, tendo en conta particularmente o previsto nas leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. A indicada actualización realizarase por parte do Grupo para o seguimento e a avaliación e someterase a aprobación do pleno, e será publicitada nos mesmos termos que a aprobación do mesmo.

4.3. Informe anual do PES 2017-2019 do Concello de Cambre.

De conformidade co artigo 14.2 do Regulamento da LGS, o Concello de Cambre emitirá antes do 30 de abril de 2018 e 2019 un informe sobre o grao de avance da aplicación do plan, os seus efectos e as repercusións orzamentarias e financeiras que se deriven da súa aplicación.

Igualmente, antes do 30 de abril de 2020, realizarase un informe final de avaliación do PES.

Os informes a que se refiren os parágrafos anteriores realizaranse por parte do grupo para o seguimento e a avaliación a partir da información subministrada polos técnicos de cada unha das áreas.

4.4. Definición de indicadores para a avaliación da eficacia do PES 2017-2019 do Concello de Cambre.

De conformidade co artigo 12.1 c) do Regulamento da LGS, “*se deben determinar para cada línea de subvención, un conxunto de indicadores relacionados con los obxectivos del Plan, que recogidos periódicamente por los responsables de su seguimiento, permitan conocer el estado de la situación y los progresos conseguidos en el cumplimiento de los respectivos objetivos*”.

Para os efectos de dar cumprimento á indicada disposición, no marco do grupo para o seguimento e a avaliación do PES 2017-2019 do Concello de Cambre. Determinaranse durante o primeiro semestre de 2017 aqueles parámetros necesarios para permitir a avaliación da eficacia deste Plan que serán remitidos aos funcionarios de cada área.

4.5. Control financeiro do PES 2017-2019

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Cambre, realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- Control económico-financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención municipal, e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- Control e seguimento do Plan que será recompilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos xestores do procedemento de concesión das subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación financeira, das cales unha vez recompiladas se dará conta ao pleno.

5. APROBACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA DO PES 2017-2019 DO CONCELLO DE CAMBRE

5.1. Aprobación do PES 2017-19 do Concello de Cambre.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

5.2. Publicidade do PES 2017-2019.

O acordo plenario pola que se proceda á aprobación do PES 2017-2019 será comunicada aos xefes de cada área

Igualmente, o PES 2017-2019, así como as súas actualizacións e informes anuais de avaliación, se publicarán na páxina web municipal (www.cambre.org) séndolle de aplicación así mesmo calquera outras disposicións en materia de información e transparencia previstas en cada momento no ordenamento xurídico.

5.3. Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na web municipal (www.cambre.org) no Taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente, cando sexa necesario, e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinado.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións.

Acción Social	Área 1	Código 1.1
Axudas Emerxencia Social		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico. - Manter a familia como unidade básica de convivencia - Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida - Facer fronte a situacións de desprotección - Evitar situacións de marxinação - Axudar a conseguir a súa autonomía económica - Consegur a súa integración social 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	160.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

Acción Social	Área 1	Código 1.2
ASPACE		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar na prestación da atención necesaria ás familias de Cambre con parálise cerebral, para beneficiarse do servizo de hidroterapia través dos medios e persoal dos que dispoña ASPACE.	
b. Obxectivo específico	Beneficiarse do servizo de hidroterapia así como da atención e intervención cos posibles usuarios do municipio de Cambre que padezan parálise cerebral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.3
ADACECO		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar na atención necesaria ás familias de Cambre con afectados con dano cerebral, para beneficiarse do servizo de Rehabilitación Cognitiva Grupal en Dano Cerebral Adquirido a través dos medios e persoal dos que dispoña ADACECO.	
b. Obxectivo específico	Beneficiarse do servizo de Rehabilitación Cognitiva Grupal en Dano Cerebral Adquirido así como da atención e intervención cos posibles usuarios do municipio de Cambre que padezan parálise cerebral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.800,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.4
ANHIDA		
a. Obxectivo estratéxico	Orientar, asesorar e colaborar con profesionais, familiares e persoas afectadas (directa ou indirectamente) polo TDAH na zona de Cambre cos nenos e nenas matriculados en colexios públicos de Cambre.	

b. Obxectivo específico	Asesorar de xeito individual aos familiares e persoas afectadas (directa ou indirectamente) polo TDAH.
c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	1.500,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Acción Social	Área 1	Código 1.5
ADRA-TEMPLE		
a. Obxectivo estratéxico	Atender aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, centrándose fundamentalmente no reparto de alimentos, roupa, produtos de hixiene persoal e para a limpeza do fogar, material escolar,....	
b. Obxectivo específico	Atención personalizada aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, para axudar a cobertura das súas necesidades básicas de subsistencia.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.6
MESTURA		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar á integración sociolaboral das persoas inmigrantes, emigrantes retornados ou en risco de exclusión social empadroados en Cambre, onde a través dunha serie de actuacións, como son información, orientación, mediación intercultural, formación,... se intenta a súa integración.	
b. Obxectivo específico	Intentar a integración das persoas inmigrantes, emigrantes retornados ou en risco de exclusión social empadroados en Cambre a través da información e a orientación e a través de cursos de formación.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.800,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.7
CRUZ ROJA		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar en accións conxuntas e medidas de apoio aos colectivos máis desfavorecidos do municipio de Cambre.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, vestido, saúde,...) para un axeitado desenvolvemento persoal e físico. - Manter á familia como unidade básica de convivencia - Axudar ás familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha calidade de vida - facer fronte a situacións de desprotección - evitar situacións de marxinação - axudar a conseguir a súa autonomía económica - conseguir a súa integración social 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.8
APEM		
a. Obxectivo estratéxico	Prestar a atención necesaria aos veciños e veciñas de Cambre con enfermidades mentais, físicas e/ou sensoriais a través dos recursos e persoal do que dispoña APEM.	
b. Obxectivo específico	Participar nos talleres que se desenvolvan dende a mesma Asociación onde se adestra aos usuarios en diferentes técnicas: encadernación, enmarcado de cadros, cestería, xardinería, cerámica, cartón pedra, costura, coiro, mecánica,.... Facilitase tamén pola entidade a participación na Escola de familia e grupos de autoaxuda.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Acción Social	Área 1	Código 1.9
ARELA		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar na prestación da atención necesaria aos veciños e veciñas de Cambre con discapacidade e aos seus familiares, a través dos medios e persoal dos que dispoña ARELA.	
b. Obxectivo específico	Facilitar a incorporación aos servizos e ás actividades de lecer que se desenvolvan dende a Asociación e que son excursións, campamentos de verán, saídas de ocio en xeral,...	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.500,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.1
BECAS DE ESTUDO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar o estudo	
b. Obxectivo específico	Favorecer a escolarización dos veciños e veciñas de Cambre en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	24.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Educación	Área 2	Código 2.2
PROGRAMA MAÑANCEIRO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre con nenos e nenas en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	75.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo e o establecemento de bonificacións ás tarifas a aboar polo usuario, tal e como se aproben polo Pleno e se estableza nos pregos da licitación.	

Educación	Área 2	Código 2.3
ANPA CEIP W. FDEZ FLOREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	30.120,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.4
ANPA CEIP PORTOFARO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.020,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.5
ANPA CEIP EMILIO GONZALEZ LÓPEZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	19.759,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.6
ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	19.759,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.7
ANPA CEIP O GRAXAL		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.342,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	

f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
CULTURAIS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadá organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	29.000,00 € (25.000 € gasto corrente e 4.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer o desenvolvemento persoal e comunitario e a comunicación por medio da linguaxe universal por excelencia, a música.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionar unha formación musical teórica e práctica de base á poboación interesada - Realizar espectáculos musicais de carácter afeccionado para disfrute da poboación. 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	43.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Facilitar o desenvolvemento persoal e comunitario por medio do coñecemento e da práctica de distintas manifestacións culturais: o teatro, a literatura e outras tradicións culturais (a música tradicional)	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionar espazos para a lectura de obras literarias, para o encontro e o diálogo con artistas, a formación e a experimentación do teatro afeccionado e a música vocal tradicional. - Realizar espectáculos de música, teatro, encontros con artistas, escritores, etc, á poboación. 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	11.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.4
ASOCIACIÓN A XUVENTUDE DE CECEBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar o mantemento de instalacións privadas de carácter social e cultural que tiveron un valor estratéxico importante no seu momento e que cumpriron unha significativa labor social e cultural.	
b. Obxectivo específico	Favorecer a realización de actividades sociais e culturais nas instalacións e polo tanto, a participación popular.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.500,00 €	

e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Promoción cultural	Área 3	Código 3.5
ESCOLA DE MÚSICA E BAILE AS MARIÑAS		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer o mantemento e a práctica da música e o baile tradicional galego e o intercambio cultural con outras comunidades do estado español.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Ofertar a oportunidade da práctica grupal da música e o baile tradicional galego á poboación interesada, - Realizar espectáculos de música e baile tradicional para a poboación. 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
COMISSIONS DE FESTAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadá para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	50.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.1
ASOCIACIONES DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas - Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos - Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	29.000 € (22.000 € gasto corrente e 7.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
BOLSAS DEPORTISTAS		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento dos deportistas de Cambre	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción dos deportistas de Cambre a nivel nacional /europeo/ mundial	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	12.000,00 €	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Deportes	Área 5	Código 5.3
CAMBRE BALONCESTO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do baloncesto especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	9.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.4
CLUBS DE FÚTBOL DE CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	31.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.5
BÉISBOL CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do béisbol especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.400,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.6
CLUB DE HOCKEI CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do hockey especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.800,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.7
JUDO CLUB CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do judo especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	

d. Custo presupostado	1.800,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

Deportes	Área 5	Código 5.8
CLUB CICLISTA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do ciclismo especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	31.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Promoción económica	Área 6	Código 6.1
CAMBRE EMPRENDE		
a. Obxectivo estratéxico	Incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación a lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre de forma individual ou a través de microempresas e pequenas empresas, independentemente da súa forma xurídica, - Facilitar a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas - Creación de emprego no municipio 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	50.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrência	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción económica	Área 6	Código 6.2
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaboración cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio. - Mellora da competitividade das actividades empresariais. - Posta en marcha de campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio. - Mantemento do comercio e da hostalería no municipio. 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	12.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Promoción económica	Área 6	Código 6.3
EMPRESARIOS POLÍGONO DO ESPÍRITU SANTO		
a. Obxectivo estratéxico	Colaboración no mantemento dos servizos comúns do Polígono industrial	
b. Obxectivo específico	- Mellora dos accesos ao polígono industrial e posta en valor das zonas comerciais e industriais no municipio	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	18.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	

f. Procedemento de concesión	Nominativa
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.

TRANSPORTE	Área 7	Código 7
TRANSPORTE METROPOLITANO		
a. Obxectivo estratéxico	Establecer melloras na comunicación do núcleo de Cambre coas parroquias así como as liñas interurbanas.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - O fomento do transporte público como alternativa sostible ao transporte privado. - Fomentar as comunicacións de todas as parroquias. - Evitar o illamento de núcleos peor comunicados - Evitar o illamento de persoas que non poidan conducir vehículos privados. 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	160.000,00 € (ampliable conforme liquidación da Xunta)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Conforme a convenio da Xunta	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio coa Xunta	

Outros	Área 8	Código 8
SUBVENCIÓN GRUPOS POLITICOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar no mantemento dos grupos políticos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a participación política. - Custear gastos de traballo dos grupos. - Permitir o traballo dos diversos grupos representados no pleno de maneira digna 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	33.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Mixta (nominativa condicionada a bases de execución e acordo plenario)	
g. Plan de actuación	Regulada en bases de execución e acordo plenario	

Segundo: Publicar o Plan estratéxico de Subvencións 2017/2019 na paxina web municipal (www.cambre.es), e dar conta aos xefes das áreas municipais afectadas."

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que á vista das observacións realizadas pola Intervención municipal sobre a convocatoria das subvencións de libre concorrencia e de outorgamento das subvencións nominativas, relativas á necesidade de crear un plan estratéxico de subvencións, é polo que o Goberno municipal propón este plan estratéxico.

Entre os obxectivos do plan está levar a cabo unha profunda modernización do concello en materia de subvencións, así como apostar pola simplificación e un maior control, a consecución dunha maior eficacia e xustiza na xestión pública, e unha maior transparencia que fará que cada un dos veciños sexa consciente de como se empregan os recursos municipais e cales son os fins e destinos deses recursos.

Explica que este plan só é un documento transitorio para chegar ao que realmente é interesante, que é o regulamento de subvencións, que é o que realmente definirá o asunto. Neste proceso transitorio trátase de que todos os grupos políticos participen nas subvencións, examinen o proceso, como vai dende determinados puntos de vista, por exemplo as asociacións de veciños, como responden, a cantidade documental, etc., e, ao final, de todas esas conclusións, formular un regulamento que regule tanto a xestión como a propia definición de como se dará a subvención. Conclúe dicindo que iso é, en liñas xerais, o que recolle este plan.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que simplemente quere contestar ás explicacións que deu o señor concelleiro, porque fala de que o plan estratéxico de subvencións se basea nunha necesidade, e é verdade que é unha necesidade, pero ela apuntaría a que se diga claramente por parte do grupo de goberno que á parte dunha necesidade é unha obriga que non se cumpriu ata o día de hoxe, e que vén imposta pola Lei de subvencións de Galicia. Polo tanto, dado que é certo que é unha obriga que o Concello de Cambre ten que cumprir, o PP non vai poñer obstáculo en que se cumpra.

Por outro lado, ao seu grupo o que lle tería gustado é que ese período de transitoriedade non se alongase ata o ano 2020, senón que fose menor, porque o que si se necesita urxentemente é un verdadeiro regulamento de subvencións para o Concello de Cambre. O plan estratéxico realmente non ten carácter vinculante, como o tería un regulamento municipal, así pois van absterse na proposta, porque consideran que si debe acometerse con certa urxencia a proposta do regulamento de subvencións.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo consideran este plan estratéxico como algo clave, e celebran efusivamente que o traian a pleno por fin. No que levan de lexislatura, no seu grupo sempre foron bastante pesados no sentido de demandar este plan estratéxico, que para eles vén a significar a transparencia total do uso que se lle dá ao diñeiro público que dende os organismos oficiais vai ás asociacións e a determinadas institucións de carácter benéfico ou de beneficios sociais.

Tendo en conta que este é o primeiro paso, consideran que o seguinte, que non se pode alongar no tempo, é o que xa se dixo aquí, a creación dese regulamento, que é imprescindible para continuar, non só ese labor fiscalizador, senón tamén que vai permitir clarificar a todo o mundo que se fai co diñeiro público.

En conclusión, ven moi positivas as liñas de actuación que se marcaron e os obxectivos estratéxicos de cada unha desas liñas e, polo tanto, dende ACdC-SON non poden máis que felicitar ao Goberno e transmitir o seu apoio á proposta.

Concedida a palabra a M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol, e di que co funcionamento e cos resultados de aplicar este plan poderase valorar máis adiante a súa función, agora mesmo sería algo precipitado, pero cre que vai ser moi positivo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós sinala que só quere facer unha aclaración, e di que, evidentemente, é necesidade e obriga que, pero a obriga vén dende o ano 2003, por iso non a mencionara. Están no 2017 e, polo tanto, a obriga xa viña devengada.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Modificación do Regulamento orgánico municipal

Vista a proposta de Alcaldía do día 20 de marzo de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 23 de marzo de 2017, coa modificación na redacción do artigo 98.2 e penúltimo parágrafo do artigo 115.1 f), e coa inclusión de dous parágrafos no artigo 130.4, que quedan redactados do seguinte teor literal:

- Artigo 98.2:

“2 – Sendo preceptiva a notificación aos concelleiros das correspondentes ordes do día, a notificación aos concelleiros enténdese practicada cos xustificantes da remisión dos correos electrónicos, copia da notificación efectuada, e coa pertinente confirmación da lectura que deberán efectuar os concelleiros.”

- Artigo 115.1 f):

“ (...)

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederase unha rolda. A rolda comezará por orde de grupos, de maior a menor, ou concelleiros no seu caso, agás o do grupo que presentou o rogo, que será o que pechará o debate, momento no que ratificará ou modificará a súa proposta. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos, agás a intervención de peche de debate que non poderá exceder de tres minutos.

(...)”

- Artigo 130.4. Engádesse:

“Para salvagardar os dereitos das persoas menores de idade non se permitirá a gravación de persoas menores, agás accesoria, nin a intervención delas, agás autorización expresa do seu pai, nai ou titor.

No acceso ao salón de sesións colocarse un cartel facendo constar que as sesións son gravadas, e se entende que o público asistente dá o seu consentimento á difusión das opinións e imaxes que se obteñan.”

Sométese a debate e votación a proposta ditaminada tal e como se transcribe a continuación:

“A problemática xurdida durante a ordenación dos debates do pleno no punto concreto relativo aos rogos, foi posta de manifesto, e recoñecida de forma expresa, por todos os voceiros dos grupos presentes na Xunta de Voceiros que tivo lugar o día 16 de novembro de 2016, na que tal e como se recolle na acta da sesión, por esta Alcaldía se concluíu solicitando aos grupos municipais a remisión dun correo electrónico coas súas propostas, para tratalas nunha vindeira xunta de voceiros.

Transcorrido un tempo prudencial sen ter recibido unha proposta por escrito, e tendo en conta os incidentes que ao respecto seguen xurdindo durante a ordenación das sesións plenarias, por esta Alcaldía considérase necesario concretar e clarificar, á maior brevidade posible, a forma de levar a cabo o dito debate, sen menoscabar o dereito fundamental de todo membro corporativo a participar e intervir neles, e para acadar este obxectivo levar a cabo a modificación do Regulamento orgánico municipal, norma representativa da potestade regulamentaria e de autoorganización desta Corporación.

Os rogos son definidos no ROM, que coincide co artigo 97.6 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, como propostas de actuación dirixidas ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local a quen corresponda, no seu caso, a competencia sobre a que verse o rogo, que poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Esta definición consagra a diferente entidade dos rogos respecto das mocións que veñen definidas no artigo 115.1 c) como propostas relativas a asuntos da competencia do Pleno segundo as atribucións que ten conferidas como propias en virtude do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985 (artigo 63 do Regulamento orgánico municipal).

Así pois, a configuración do rogo responde ao principio de colaboración, posto que coa súa presentación o que se trata é de suxerir un tipo de actuación ao órgano de goberno que ostenta a competencia para que sexa tomada en consideración e, en caso de ser aceptado, se leve a cabo polo servizo municipal correspondente, polo tanto, por parte desta Alcaldía non se considera necesario que no debate existan dúas roldas, que o único ao que dá lugar é a que se alongue a sesión no punto de rogos, senón que se considera suficiente unha rolda co fin de que, no suposto de que algún grupo municipal ou concelleiro manifieste a súa opinión en contra ou de modificación da actuación que se propón, o grupo ou concelleiro que presentou o rogo poida ratificalo ou modificalo.

Paralelamente, considérase necesario concretar este mesmo asunto en canto ás preguntas, dado que, aínda que se vén facendo na práctica, e non está supoñendo causa de conflito entre os grupos municipais, non consta expresamente no artigo 115.1 g).

Por outro lado, por esta Alcaldía considérase necesario modificar os artigos do ROM que a continuación se relacionan, polos motivos que igualmente se indican:

- O artigo 97.3 do ROM establece a posibilidade de convocar de forma conxunta as comisións informativas e o pleno, sendo necesario, non obstante, que a resolución se notifique cunha antelación mínima de dous días hábiles á realización das comisións informativas e á sesión do pleno. Para o pleno do orzamento concrétese que a notificación á comisión informativa deberá facerse cun mínimo de cinco días hábiles á súa celebración.

Pois ben, na actualidade a convocatoria de ambos órganos vense efectuando con carácter independente para cada un deles, práctica que, por outro lado, resulta máis acorde coa literalidade do establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, polo que procede suprimir a alínea 3 do dito artigo, e a referencia que se fai á convocatoria da comisión informativa que deba ditaminar o orzamento, deberá incluírse no artigo 134.3 do Capítulo III relativo ao funcionamento das comisións informativas permanentes e de seguimento da xestión do alcalde, Xunta de Goberno e concelleiros que exerzan delegacións, así como das comisións informativas especiais e da Comisión Especial de Contas.

- Pola mesma razón debe suprimirse o segundo e o terceiro parágrafo do artigo 134.1 relativos ao carácter ordinario das comisións informativas que se convoquen simultaneamente coa sesión ordinaria do pleno, e á necesidade de que as comisións informativas ordinarias se reúnan cunha antelación de 24 horas, como mínimo, á sesión ordinaria do pleno.

- Igualmente e pola mesma razón, procede modificar a alínea 2 do artigo 99 respecto da necesidade de que os asuntos estivesen ditaminados antes da celebración do pleno pero non no momento mesmo da convocatoria, dado que na actualidade os asuntos que se inclúen na orde do día do pleno xa teñen sido ditaminados previamente, e modificar a alínea 3 respecto do prazo para entregar os asuntos na Secretaría Xeral, cunha antelación de catro días á realización das sesións das comisións informativas, prazo que non se cumpre na realidade e, polo tanto, procede darlles unha nova redacción.

- O artigo 97.4 establece que a convocatoria, orde do día e borrador as actas de pleno e comisións informativas serán notificadas aos concelleiros no lugar que estes designen, no termo municipal.

Dende hai máis de oito anos, as convocatorias véñense efectuando ao enderezo de correo electrónico facilitado para este efecto polos concelleiros.

A este respecto o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (que recolle o que se establecía no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos), permite que regulamentariamente as administracións públicas poidan establecer a obrigaçión de relacionarse con elas a través de medios electrónicos para determinados procedementos e para certos colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Para adaptar o ROM ao procedemento seguido actualmente na práctica das notificacións, que por outro lado leva consigo a mellora na eficacia e eficiencia da acción municipal, procede modificar a alínea 4 do artigo 97 do ROM.

- En relación co anterior, o artigo 98.1 c) e 2 do ROM establece que no expediente da convocatoria da sesión deberá constar, entre outros documentos, as copias das notificacións cursadas aos membros da Corporación, quedando acreditado o cumprimento do dito requisito na Secretaría Xeral, polo que procede modificar o dito artigo no sentido de que deberá quedar constancia no expediente, e polo tanto na Secretaría Xeral, do xustificante correspondente á remisión dos correos electrónicos efectuada aos concelleiros dende a Secretaría Xeral, xunto con copia da notificación efectuada.

- O artigo 101 relativo á consulta dos expedientes da sesión na Secretaría Xeral inclúe os sábados, actualmente día inhábil, e por outro lado, regúlase a entrega de copias de documentos aos concelleiros, cando na actualidade dende a Alcaldía se remiten aos concelleiros, por medios informáticos, as propostas e informes técnicos e xurídicos que integran os expedientes, polo que debe modificarse o artigo para incluír a remisión da documentación.

- O artigo 125 do ROM na alínea 3, relativa á presentación das mocións non resolutivas cunha antelación de 8 días hábiles anteriores á realización da sesión ordinaria, así como a alínea 4 relativa ao debate, pois na práctica as ditas mocións véñense presentando cunha antelación de 3 días á sesión do pleno onde se van tratar, tal e como se regulan no artigo 115.1 c) para as mocións de urxencia en asuntos de competencia do Pleno ou mocións resolutivas, e o debate lévase a cabo tal e como establece o artigo 111, non como aparece regulado no artigo 125.4.

- Pola Xunta de Goberno Local, de data 16 de xaneiro de 2017, adxudicouse a subministración e mantemento dun sistema de videoactas para as sesións do Pleno municipal. Na providencia de inicio do expediente xustificábase a necesidade da contratación non só no acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria do 28 de outubro de 2015, senón para mellorar a relación co cidadán e aumentar a transparencia da organización municipal, así como simplificar a elaboración das actas do pleno que, a data de hoxe, supoñen o traballo de dúas auxiliares que teñen que transcribirlas, cunha media de 25 horas de traballo, á vista de que as sesións ordinarias do pleno se alongan no tempo, isto sen ter en conta o traballo de certificación, notificación e traslado de acordos.

No artigo 130.1 do ROM recóllese o contido das actas dos órganos colexiados, no que se inclúe, entre outros extremos, as opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interveñen nas deliberacións e incidencias destas, así como cantos incidentes se produzan durante o acto e fosen dignos de ser recollidos a xuízo do secretario/a.

Na alínea 3 do dito artigo establécese que as sesións dos plenos serán gravadas en cintas e, a día de hoxe, as actas dos plenos, tendo como base a gravación, son unha transcripción literal do que acontece durante a sesión, non unha mera síntese efectuada polo secretario/a. Por iso, e tendo en conta a próxima implantación no Concello de Cambre do sistema de videoactas, procede modificar o artigo 130 do ROM, para adaptalo á nova realidade.

Tendo en conta canto antecede, por esta Alcaldía elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do Regulamento orgánico municipal respecto dos artigos e alíneas concretas que se relacionan a continuación:

A) Modificar o artigo 97 relativo á convocatoria das sesións do pleno, suprimindo a alínea 3, modificando a redacción e numeración da 4, e pasando a alínea 5 a numerarse como 4, co cal o artigo queda redactado do teor literal seguinte:

“1 – Correspóndelle ao alcalde convocar todas as sesións do pleno. Só a convocatoria das sesións extraordinarias urxentes, deberá ser motivada.

2 – Á convocatoria das sesións achegarase a orde do día comprensiva dos asuntos que se van tratar co suficiente detalle, e mailos borradores das actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas na sesión.

3 – A convocatoria, orde do día e borradores das actas do pleno e órganos colexiados, e as notificacións doutros actos normativos que deban practicarse aos concelleiros no exercicio do seu cargo, levaranse a cabo por medios electrónicos, iso de conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para tal efecto, os concelleiros facilitarán o enderezo de correo electrónico no que desexen ser notificados. No suposto de que non faciliten ningún, serán notificados nunha conta de correo electrónico institucional que asignará o Concello ao grupo político municipal ou aos concelleiros non adscritos, no seu caso.

4 – Entre a convocatoria e a realización da sesión, non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, contados desde a notificación, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.”

B) Modificar o artigo 98.1 c) e artigo 98.2, segundo a seguinte redacción:

“1 – A convocatoria para unha sesión, ordinaria ou extraordinaria, dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que deberá constar: (...)

c) Xustificante da remisión dos correos electrónicos aos concelleiros, xunto coa copia da notificación efectuada.

(...)

2 – Sendo preceptiva a notificación aos concelleiros das correspondentes ordes do día, a notificación aos concelleiros enténdese practicada cos xustificantes da remisión dos correos electrónicos, copia da notificación efectuada, e coa pertinente confirmación da lectura que deberán efectuar os concelleiros.”

C) Modificar o artigo 99 dando unha nova redacción á alínea 2 e 3, quedando redactadas como se transcriben a continuación:

“2 – Para a inclusión dos asuntos na orde do día do pleno será necesario que teñan sido previamente ditaminados pola comisión informativa correspondente. Non será necesario ditame previo da comisión informativa no suposto de convocatoria de plenos extraordinarios urxentes ou da inclusión na orde do día dos plenos ordinarios de mocións de carácter non resolutivo [artigo 115.1 b) e artigo 125 do presente regulamento].

3 – De conformidade co anterior, os expedientes deberán estar concluídos e entregados na Secretaría Xeral cunha antelación, polo menos cun día de antelación á data prevista para a convocatoria.”

D) Modificar o artigo 101 relativo á consulta dos expedientes da sesión polos concelleiros, dando unha nova redacción á alínea 1 que quedará redactada do teor literal seguinte:

“1 - Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base e, se é o caso, votación, deberá estar ao dispor dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Corporación, en horario de 8:00 da mañá ata as 15:00 horas, isto sen prexuízo de que, para facilitar o seu coñecemento polos concelleiros, dende a Alcaldía, mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, se lles remitan as propostas de acordo que se formulen e os documentos máis relevantes, incluíndo os informes técnicos e xurídicos que integran o expediente.”

E) Modificar o artigo 115.1 f) relativo aos rogos, engadíndolle tres parágrafos, e quedando redactado esta alínea do teor literal seguinte:

“f) **Rogo:** é a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local, e poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden formular rogos todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres rogos nun mesmo pleno ordinario, aínda que a xunta de voceiros poderá ampliar este número, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.

Ao finalizar a lectura e explicación do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederase unha rolda. A rolda comezará por orde de grupos, de maior a menor, ou concelleiros no seu caso, agás o do grupo que presentou o rogo, que será o que pechará o debate, momento no que ratificará ou modificará a súa proposta. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos, agás a intervención de peche de debate que non poderá exceder de tres minutos.

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente.”

F) Modificar o artigo 115.1. g), primeiro parágrafo, que quedará redactado do teor literal seguinte:

“g) Pregunta: é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do pleno e que, unha vez contestada, non dará lugar a réplica nin a debate.”

G) Modificar o artigo 125, alíneas 3 e 4, relativas ás mocións non resolutivas, quedando redactadas do teor literal seguinte:

“3 – As mocións formuladas co dito carácter de control e fiscalización deberán presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e serán entregadas, á maior brevidade posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Para ser tratadas requírese que o voceiro ou membro da Corporación propoñente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

No suposto de que sexan presentados antes de efectuarse a convocatoria do pleno ordinario, e por tratarse de propostas de acordos de posicionamento político o declarativo de carácter institucional o testemuñal, poderán ser incluídas na orde do día e ser sometidas directamente ao Pleno sen necesidade de ditame previo da comisión informativa, isto sen prexuízo de que por parte do señor alcalde se estime pertinente o ditame da comisión informativa que corresponda.

De non incluírse na orde do día, poderán tratarse logo da xustificación da urxencia e ratificación desta por maioría absoluta do Pleno.

4 – O debate e deliberación das mocións rexeráse polo establecido nos artigos 110 a 114 do presente regulamento, e no suposto de que resulten aprobadas, non precisarán de máis trámite que a comunicación do acordo adoptado ao seu destinatario.”

H) Modificar o artigo 130, quedando redactado do teor literal seguinte:

“1 – No Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

2 – O videoacta defínese como un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:

- Acta sucinta: Documento electrónico que contén, respecto de cada sesión, o lugar da reunión, con expresión do nome do municipio e local no que ten lugar; o día mes e ano; a hora de inicio e de finalización da sesión; identificación do presidente e dos membros da Corporación que asisten á sesión, así como dos ausentes, que se escusen e dos que falten

sen escusa, no seu caso; carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se ten lugar en primeira ou segunda convocatoria; asistencia do secretario/a, ou de quen legalmente o substitúa, e presenza do funcionario responsable da Intervención, cando concorra; o enunciado dos puntos da orde do día e dos asuntos tratados con transcripción das propostas; resultado das votacións, facendo constar o número de votos afirmativos, negativos e abstencións; resultado dos ditames e acordos adoptados.

- Documento audiovisual ou vídeo: Gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ou reunión contendo audio e imaxes. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores, e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.
- Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión dota de fehaiencia e efectos de Dereito ao documento. Esta sinatura realízase facendo uso do certificado de sinatura da dita persoa. O videoacta será asinado polo secretario/a xeral da Corporación e polo alcalde-presidente ou quen legalmente os substitúa.

3 – De conformidade coa alínea anterior, o videoacta é un documento público e oficial, rubricado e validado pola persoa titular da Secretaría Xeral do concello, na súa función de fedatario público. En consecuencia, gardaranse todas as cautelas respecto do seu manexo e tratamento, e será recomendable evitar a descarga total ou parcial e a republicación, tendo en conta que os principios de transparencia e publicidade se salvagardan igualmente co mero visionado da parte audiovisual, a cal se atopará a disposición de todos os cidadáns no sitio oficial municipal sen límite de reproducións. O incumprimento do deber de cautela previsto neste artigo dará lugar a responsabilidade nos casos nos que o tráfico ou difusión do videoacta prexudique a imaxe ou os intereses corporativos.

4 – Co obxecto de outorgar a adecuada protección á intimidade das persoas que desexen asistir de maneira presencial ás sesións do pleno, ao comezo da sesión obtérase o consentimento ao tratamento dos seus datos persoais, entre os que se inclúe a propia imaxe, informando o señor alcalde ao público asistente ás sesións a través da seguinte mensaxe: *'a sesión ten carácter público e vaise proceder á súa gravación e difusión para xeral coñecemento da cidadanía dos asuntos tratados nela. As persoas asistentes como público á sesión o fan libremente e enténdese que dan o seu consentimento á gravación e difusión das opinións e imaxes que delas se obteñan.'*

Para salvagardar os dereitos das persoas menores de idade non se permitirá a gravación de persoas menores, agás accesoria, nin a intervención delas, agás autorización expresa do seu pai, nai ou titor.

No acceso ao salón de sesións colocárase un cartel facendo constar que as sesións son gravadas, e se entende que o público asistente dá o seu consentimento á difusión das opinións e imaxes que se obteñan.

5 – Das sesións dos demais órganos Colexiados levantarase acta co contido establecido na definición de acta sucinta que contén a alínea 2 do presente artigo, coa seguinte salvidade:

- Constarán as opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas.

Cando un membro do órgano Colexiado desexe que a súa intervención conste na acta coa extensión ou precisión que considere de interese, manifestarao no momento de iniciar a exposición, e, concluída a sesión, entregaralle ao secretario/a unha copia dela para que sexa recollida na acta. No caso contrario, o secretario/a non ten a obriga de recoller literalmente as manifestacións efectuadas no transcurso da sesión, senón, como se fixo constar anteriormente, dunha forma sintetizada.”

I) Modificar o artigo 134 relativo ás comisións informativas, suprimindo o segundo e o terceiro parágrafo da alínea 1, e incluíndo un novo parágrafo na alínea 3, quedando redactadas as ditas alíneas do teor literal seguinte:

“1 – As Comisións Informativas Permanentes e de seguimento e control, realizarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas tal e como se establece nos artigos 41 b) e

79 do presente regulamento, nos días e horas que estableza o alcalde, ou o seu respectivo presidente, os que poderán así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes delas.

Reuniranse simultaneamente, nun mesmo acto. Cada unha emitirá o ditame que lle corresponda, salvo que o asunto sexa tamén competencia doutra, no que o ditame será conxunto.

Levantarase unha única acta.

O alcalde ou o presidente da comisión estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, cando menos, dos membros da comisión. Neste caso, o mesmo que no suposto das sesións ordinarias ou extraordinarias urxentes, polo que respecta á orde do día, aplicarase o disposto no artigo 98 do presente regulamento.

De non efectuarse a convocatoria da sesión extraordinaria solicitada, estarase ao previsto para o pleno no artigo 94 do presente regulamento.

(...)

3 – As convocatorias correspóndenlle ao alcalde, agás no suposto de delegación da presidencia, de conformidade co artigo 80 a) do presente regulamento, e deberanlles ser notificadas aos membros da Comisión cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día.

Para o pleno do orzamento, a notificación á comisión informativa correspondente deberá facerse cun mínimo de cinco días hábiles á súa celebración.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamación ou suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do Regulamento orgánico municipal e publicarase o texto modificado no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

O señor alcalde expón que hai unha emenda presentada por ACdC-SON en relación con este punto da orde do día.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que antes de darlle lectura a esta emenda, previamente quere xustificar a súa presentación, indicando que, ante un tema que resultou relativamente polémico nas comisións informativas, propuxéronse a presentación desta emenda, tendo en conta que dende o seu grupo, igual que dende outros, como ben é sabido, están apostando pola transparencia e pola idoneidade, e aí coinciden coa postura do Goberno e co sentido do Goberno, de clarificar este complexo mundo da política, que ás veces cae no constringimento das normas, para evitar, en ocasións por parte da oposición, e noutras por parte do Goberno, a fluidez do debate.

Quere dicir con isto que tamén en ocasións, tanto por parte da oposición como por parte do Goberno, utilizan os mecanismos que teñen á súa disposición para evitar promover un debate máis extenso ou máis encarnizado. A cuestión é que había determinados problemas á hora de entender ou interpretar determinados artigos, como é o dos rogos, por poñer un exemplo concreto, e é por onde vai a súa emenda, hai que dar unha claridade á interpretación da norma e unha unanimidade á esa interpretación, para que non se formen determinadas zarangalladas que ás veces se forman. Todos lembrarán que houbo rogos que se atendían e se interviña máis veces das contempladas no regulamento, había preguntas nas que se establecía diálogo, noutras non, é dicir, non había unha unanimidade á hora de entender as normas.

Se lles invitou por parte do Goberno a presentar iniciativas e a presentar propostas. Dende ACdC-SON non as presentaron, porque entenderon e confiaron na proposta que se ía facer por parte do Goberno co informe xurídico que faría a secretaria.

Unha vez recibida a documentación presentaron esta emenda porque hai un punto, en todo o que se presenta, no que eles entenden que non queda suficientemente recollida a posibilidade ou o labor de fiscalización da oposición, e nese sentido presentan esta emenda, co desexo de que a teñan en conta e a poidan debater e, no seu caso, aprobar.

A continuación, a voceira do grupo municipal de ACdC-SON dá lectura á emenda presentada polo seu grupo ao ditame da comisión informativa, rexistrada de entrada ao núm. 999/078 o día 28 de marzo de 2017, na que se propón que o artigo 115.1 f) do ROM quede redactado do seguinte teor literal:

“f) **Rogo:** é a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local, e poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden formular rogos todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres rogos nun mesmo pleno ordinario, aínda que a xunta de voceiros poderá ampliar este número, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.

Ao finalizar a lectura e explicación do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederase unha rolda. **A rolda comezará por orde de grupos, de maior a menor, ou concelleiros no seu caso. O grupo ou concelleiro que presentou o rogo, ademais, será o que pechará o debate, momento no que ratificará ou modificará a súa proposta. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos.**

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente.”

Explica que eliminan a frase “agás o do grupo que presentou o rogo”. Entenden con isto que se un grupo presenta un rogo, é quen de participar no debate, e posteriormente de pechalo. Ese é o seu sentido, e consideran que se trata dunha achega proactiva e positiva á configuración deste artigo.

Non sabe se o resto dos concelleiros teñen algunha dúbida ou pregunta en relación coa súa proposta, en caso contrario, simplemente pretendían engadir unha garantía máis no debate para o grupo que presenta o rogo, porque entendían que eliminando esa participación do grupo que presenta o rogo estíbese actuando en detrimento da iniciativa presentada polo grupo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que, unha vez reflexionado sobre este tema, queren aceptar a proposición, pero queren acurtar un pouco os tempos, en vez de proceder a 5 e 3 minutos, poñer 3 minutos para todo e aceptar o resto da proposta. Faríase o rogo, e se non é aceptado faise unha rolda, participa tamén o grupo que presentou o rogo, que evidentemente pecha tamén a intervención, todo con 3 minutos cada un.

Toma a palabra o señor alcalde para indicar que para deixar claro cal é a postura do Goberno despois da emenda, a súa proposta é que o propoñente fai o rogo, o Goberno contesta a ese rogo, se o rogo non se acepta o mesmo propoñente ten unha rolda de debate de 3 minutos, e o resto dos grupos políticos tamén 3 minutos, e pechará de novo o grupo propoñente con 3 minutos. Di que esa foi tamén unha proposta de Ciudadanos, máis ou menos, nas comisións, cando a última proposta era de 3 minutos e despois 2, e ao final o Goberno propuxo 3 minutos para todo. A proposta que fan quedaría do seguinte teor literal:

“Ao finalizar a lectura do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda. A rolda comezará polo partido propoñente do rogo, e continuará por orde de grupos de maior a menor, ou concelleiros no seu caso. Cada intervención non poderá exceder de tres minutos. Pechará o debate o grupo propoñente e, para tal efecto, o presidente preguntará se ratifica ou modifica a proposta. No caso de modificación, disporá de tres minutos.

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente.”

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que dende o seu punto de vista si é certo que con esta emenda presentada por ACdC-SON se mellora respecto do texto presentado nun primeiro momento polo grupo de goberno, pero tamén é certo que o espírito desta modificación do Regulamento orgánico municipal non ten máis xustificación que quitarlle participación aos grupos da oposición no labor de fiscalización dos órganos de goberno.

Polo tanto, dende ese punto de vista tampouco van aprobar a emenda presentada por ACdC, porque o que se trataba era modificar aquí, no seu caso, ou mellor dito non modificalo, senón aplicar o artigo 111, que é o que regula os debates no Regulamento orgánico municipal. Con esta modificación, en xeral o que se está facendo é crear un debate, un procedemento de debate específico para os rogos, co cal eles non están conformes coa modificación e van votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que teñen chegado a esta modificación do regulamento debido a que o señor alcalde nalgúns momentos tivo unhas actitudes un pouco estrañas á hora de aplicar as regras, incluso chegou a xustificarse nun suposto acordo nunha xunta de voceiros, e cando se lle pediu a acta tivo que recoñecer que non había tal acta, senón unha chamada de teléfono. Houbo varios plenos onde se permitiron intervencións sen cinguirse ao regulamento, o alcalde só se cinguía ao regulamento cando o que escoitaba era unha crítica, fundada ou non, entón retiraba ou outorgaba a palabra non cinguíndose ao regulamento.

Lembra que cando o actual alcalde estaba na oposición e viña aos plenos, calquera lle tería negado a el naquel momento algunha quenda de intervención, falaba que parecía unha metralleta. Nas comisións quedáronse bastante sorprendidos, preguntándose onde estaba aquel alcalde que falaba de participación, de escoitar á oposición, de deixar opinar a todo o mundo. Alégralles moito que rectifique. Iso non o vai facer máis débil, ao contrario, vai facelo máis grande como gobernante e como presidente dos plenos. Polo tanto, parécelles moi acertada a modificación que propoñen.

Despois si que tamén queren facer un inciso no tema das preguntas. Moitas veces o señor alcalde ten falado doutros concellos onde non hai tantas intervencións, pero o que non di é que hai outros concellos onde as preguntas, por exemplo, van directamente ao pleno, sen pasar con anterioridade por rexistro, como é o caso de Betanzos. Nese espello ás veces o Goberno non se mira. Aquí esixen que se

presenten o luns para respondelas o xoves, e poden simplemente responder si ou non. De luns a xoves soamente para saber se contestan si ou non, parécelle tempo suficiente.

Tampouco ven que haxa unha vontade real de que haxa debates, por exemplo nalgunha xunta de voceiros teñen falado do Concello de Culleredo, onde realizan un pleno anual para debater o estado do municipio, igual que a nivel estatal se fai o debate do Estado da Nación, e trátase de Culleredo, que é un goberno socialista, afín ao goberno de Cambre.

Conclúe dicindo que, de todas maneiras, ela quere felicitar ao señor alcalde, cre que deu un gran paso, porque rectificar é de sabios, e o seu voto vai ser a prol.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que ten que explicar unha cousa que se lle esqueceu ao principio. Leu antes a proposta en si, para que quedara claro, e é unha proposta que trae o Goberno de modificación do Regulamento orgánico municipal precisamente para intentar estar todos de acordo ou, polo menos, saber exactamente cales son as regras do xogo. Na proposta dise “Ao finalizar a lectura do rogo...”, é dicir, cambian o que era “Ao finalizar a lectura e explicación do rogo ...” por “a lectura do rogo”. A explicación ten que estar xa metida no texto do rogo. Antes non o dixo, leu literalmente a proposta que fan, pero é interesante que o saiban.

Á parte diso explica que non se modifica exclusivamente o apartado dos rogos no Regulamento orgánico municipal, senón que tamén se fan unhas achegas técnicas, como é o tema da videoacta, que tamén inclúen as propostas do PP sobre salvagardar a integridade dos menores e os dereitos dos menores, e tamén o cartel que se porá na porta do salón de plenos cando se empece a gravar. Todo isto vai incluído na modificación que traen hoxe.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós explica que respecto do asunto de se o Goberno municipal é participativo ou non participativo, hai distintas visións. Cre que deben aceptar que cada un deles ten unha visión de como se xoga este partido. O Goberno pode ter erros ou confusións, pero cre que ata agora aquí a ninguén se lle ten presentado ningunha dúbida sobre a documentación que se entrega e sobre a información que se dá. Cre que niso non debe caber dúbida.

Di que é verdade que había unha interpretación sobre o texto do ROM e que había intereses lexitimamente distintos na interpretación dese ROM. É verdade tamén, como dixo a voceira de ACdC-SO, que se propuxera que se fixeran alegacións ou que se fixeran proposicións para modificar ese tema. É verdade que levan case un ano dicindo que se debían solucionar este tipo de cuestións e que se debaterían na xunta de voceiros, todo iso é certo.

Chegado o momento a situación fíxose case imposible no pleno, ou non imposible, porque tampouco é que houbera tanta tensión como para ser imposible, outros gobernos tiveron moita máis tensión e moita máis discordia. É certo que teñen un ton ás veces un pouco elevado, pero tampouco imposible. É verdade que chegado iso o Goberno municipal entendeu que tiña que facer unha proposta. Fixo a proposta que cría adecuada, e aí está a relación e a referencia á democracia, faise unha proposta, analízase, vese, vólvese analizar, se entende ou non se entende, e acéptase ou non. Ata agora el non viu, el persoalmente e cre que o grupo de goberno tampouco, ningunha proposta por parte do resto dos grupos. A proposta veu do grupo de goberno. Os grupos sempre poden facer propostas, poden facelas e sempre foron valoradas, e aceptáronse ou non.

Conclúe dicindo que o mellor é deixar a cuestión aquí, modificar o ROM, ser sinérxicos e avanzar neste proceso, que ao final é un proceso de todos, porque o ROM non é un elemento do actual Goberno, é un elemento deste Goberno, do seguinte e do seguinte, e oxalá sirva para a verdadeira convivencia entre todos os gobernos que pasen por aquí. E, se non é así, teñen a posibilidade de na vindeira xunta de

voceiros, formular as modificacións que entendan necesarias, estudaranse e volveranse a traer a pleno, sen problema ningún.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que, en relación coa emenda, e tendo en conta que actualmente existe unha maioría absoluta no Goberno, coa súa emenda o que pretenden é garantir unha quenda de intervención máis, entende que xusta, para os grupos.

En canto á contraproposta o que ela si lle pediría ao señor alcalde é que deixe os cinco minutos iniciais, que non sempre se esgotan, e parécelle que por esa loita de dous minutos arriba ou abaixo non vai ir a máis, e non hai necesidade de restar dous minutos. Si que pediría iso, porque por cinco minutos na primeira e tres na segunda, tampouco pasa nada, non é tan importante.

Cre que o importante si que é iso, o de eliminar “lectura e explicación” do rogo. Na lectura do rogo xa vai, segundo a habilidade que teña cada concelleiro, a habilidade de explicar no propio rogo cal é a súa motivación sen necesidade de acabar a lectura e facer a explicación. É dicir, parécelle que é moito máis interesante facer a intervención despois, tal e como propoñen.

Continúa dicindo que saben que se non aceptan a contraproposta do equipo de goberno, vai quedar como está. Saben que eles son unha humilde agrupación, e se non aceptan a contraproposta, efectivamente se quedará como está e perderán unha quenda de intervención. Entón, evidentemente, si que a aceptarán, pero claman porque manteñan os cinco minutos da primeira intervención.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que entende que, entón, se manteñen os cinco minutos da primeira intervención e tres na segunda, votarán a prol.

A continuación somete a votación a seguinte proposta de emenda do ditame das comisións informativas, no que se refire á redacción dos tres últimos parágrafos do artigo 115.1.f):

“Ao finalizar a lectura do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda. A rolda comezará polo partido propoñente do rogo, e continuará por orde de grupos, de maior a menor, ou concelleiros no seu caso. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos. Pechará o debate o grupo propoñente e, para tal efecto, o presidente preguntará se ratifica ou modifica a proposta. No caso de modificación, disporá de tres minutos.

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente.”

Sometido a emenda a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou o texto da emenda, tal e como foi transcrito.

A continuación, dá comezo o debate do punto da orde do día.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós explica que a modificación do Regulamento orgánico municipal que se presenta a pleno vén motivada, por un lado, en resolver a problemática xurdida durante a ordenación dos debates de pleno, concretamente no punto relativo aos rogos, e para iso se modifica o artigo 115. Por outro lado, en adaptarse ao tratamento que se sigue actualmente, tanto na convocatoria de comisións informativas e plenos, notificacións de órganos colexiados, e tratamento das mocións non resolutivas, artigos 97, 98, 99, 101, 125 e 134. Por último, en regular o contido e tratamento das actas do pleno, iso tendo en conta a implantación dun sistema de videoactas para as sesións do pleno, artigo 130.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex manifesta que a proposta de modificación do Regulamento orgánico municipal vén precedida, como recoñece a propia Alcaldía propoñente, da problemática xurdida durante a ordenación dos debates plenarios respecto ao que son os rogos. Con este eufemismo, a proposta do señor alcalde non fai outra cousa que referirse, de forma solapada, á inxusta expulsión, ata en tres ocasións, dos membros do grupo municipal popular, que solicitaban, simplemente unha cousa moi sinxela, a aplicación do propio Regulamento orgánico municipal, que lles concedía unha segunda e ata unha terceira quenda de palabra, que ten sido sistematicamente furtada a toda a oposición no debate dos rogos.

Así mesmo, a proposta recolle como os ditos problemas, textualmente, obrigaron ao alcalde a solicitar dos grupos municipais a remisión das súas propostas, para tratalas nunha xunta de voceiros. Sorprende o interese do señor alcalde en tratalo nunha xunta de voceiros, sobre todo tras a modificación do Regulamento orgánico municipal proposta e aprobada na lexislatura pasada por todos os grupos políticos da oposición, entre eles todos os grupos políticos do actual goberno municipal. Porque se fan memoria, no pleno do 4 de abril de 2013, suprimiron expresamente do texto do regulamento o feito de que entre as funcións da xunta de voceiros estaba asistir e asesorar ao alcalde, entre outras cousas, na ordenación dos debates da sesión, que se substituíu por un conciso informar sobre a orde do día antes da resolución.

E máis sorprende este aprecio do señor alcalde de cara á xunta de voceiros cando lembran que foi el quen suprimiu a xunta de voceiros a principios desta lexislatura, reaparecendo única e exclusivamente tras a reclamación de toda a oposición, no seu conxunto, para que este órgano existira nesta lexislatura.

Xustifica o señor alcalde esta modificación en que á vista de que transcorrido un tempo prudencial sen recibirse ningunha proposta por escrito, e tendo en conta os incidentes que ao respecto seguían xurdindo durante a ordenación das sesións plenarias, dende a Alcaldía considerouse necesario concretar e clarificar á maior brevidade posible a forma de levar a cabo o dito debate sen menoscabar o dereito de todo membro corporativo a participar e intervir nos plenos. Para iso, segundo o equipo de goberno, preséntase esta modificación do Regulamento orgánico municipal, cando en realidade o que fai é definitivamente eliminar os debates no caso dos rogos.

Como xa puxeron de manifesto nas comisións informativas celebradas o pasado xoves, esta proposta conta, interesadamente, e para tratar de confundir ao persoal, con dúas partes ben diferenciadas. Unha parte eminentemente técnica, que trata de adecuar o Regulamento orgánico municipal tanto á normativa actualmente vixente, como aos usos e costumes que teñen ido axustando a súa literalidade á práctica, así como aos avances tecnolóxicos que teñen xurdido nos últimos anos e que recomendan, por exemplo, substituír a acta da sesión en formato tradicional, ao moderno sistema de videoactas.

Respecto desas modificacións técnicas o grupo municipal do PP si que achegou as súas propostas no debate aberto nas comisións informativas celebradas o pasado xoves. E por certo, o PP non fixo a

proposta respecto dos menores, esa proposta estaba reflectida no informe da señora secretaria respecto da proposta de Alcaldía, pero non foi unha proposta feita polo PP.

Continúa dicindo que outra parte, ademais da propiamente técnica, é a parte eminentemente política, na que lonxe de querer solucionar o problema terminolóxico ou práctico que estaba provocando a interpretación literal do texto do regulamento, acaba cos debates no seo do pleno, de forma que unha vez termine esta sesión plenaria, que previsiblemente acabará coa aprobación da modificación proposta dende Alcaldía, acabouse a posibilidade de debater os rogos que cada grupo propoña, instituíndose o paradoxo de que o grupo que faga un rogo será o que menos intervención teña na súa defensa.

A este respecto debe lembrar, e que non se enganen, que o auténtico problema de base que motiva a modificación do regulamento é a redacción do artigo 111 do propio regulamento, no que se regulan os debates. Segundo ese artigo, unha vez feita unha proposta, primeira intervención, abrírase unha primeira rolda para que poidan intervir todos os grupos políticos. Se o solicitase algún grupo, procederáse a unha segunda rolda, segunda intervención, que unha vez consumida faculta ao alcalde a dar por terminada a discusión, pero que non impide que haxa máis. Esa discusión pecharáse, imperativamente, coa intervención do propoñente, polo tanto unha terceira intervención, como mínimo.

Esa terceira intervención ten sido a que se estivo negando reiteradamente ao seu grupo municipal, e a que ten provocado a inxusta e alegal expulsión dos membros do PP, ao non querer aplicar o alcalde aquilo ao que estaba obrigado polo Regulamento orgánico municipal.

Tan claro é o texto do mencionado artigo 111, que a propia proposta de Alcaldía, esa na que se considera necesario concretar e clarificar á maior brevidade posible a regulación dos debates, non modifica o artigo 111 do ROM, e non se modifica porque onde hai claridade non é necesario poñer máis luz. O que fai falta é aplicar a literalidade da norma, que é o que non se estivo facendo durante todos estes meses de aplicación torticera, interesada e partidista do Regulamento orgánico municipal, coa única finalidade de restrinxir, calar e limitar o dereito á palabra da oposición.

Pero como a situación creada coa interpretación imposible do ROM polo señor alcalde, algo tiña que facer o equipo de goberno para limitar a participación da oposición nos debates. Para iso non se lles ocorre mellor cousa que promover a modificación do artigo 115 do ROM, o que define, entre outros, os rogos e preguntas, introducindo variacións que limitan ou restrinxen a réplica ou o debate para os primeiros, e impiden o debate para as segundas, cousa que non estaba recollida no Regulamento orgánico municipal con anterioridade.

Explica que así, para os rogos, a modificación interesada prevé que unha vez proposto, se o Goberno o atende e ningún outro grupo solicita intervir, non haberá debate. Fronte a regulación actual que prevé tres intervencións da oposición, a modificación limita a intervención a unha soa, furtando dúas quendas de palabra ao grupo propoñente.

Antes da emenda presentada por ACdC-SON, que si é certo que modifica a mellor a proposta que se facía dende a Alcaldía, para o caso de que o rogo non fora atendido ou se solicitara unha intervención, fixaba unha rolda para todos os grupos, que pecharía o propoñente, por riba con limitación a tres minutos, segundo a última modificación que se fixo nas comisións informativas. Fronte a regulación actual que prevé tres intervencións do propoñente, a modificación inicialmente proposta limitaba a súa intervención a dous, furtando unha quenda de palabra ao grupo propoñente, que pecharía o debate, como debería ter feito ata o de agora, pero cunha intervención limitada no tempo. E a maiores, sen esta última intervención do propoñente que pecha o debate, modificábase a proposta de actuación e o alcalde ou concelleiro en quen este delegue será o que peche o asunto, cando na situación anterior á

modificación sempre pechaba o propoñente. Esta situación tampouco ten sido modificada coa proposta de ACdC na súa emenda.

Polo tanto, a verdade é que ao Grupo Municipal Popular quédalle claro, e cre que a todos queda claro despois desta exposición, que se ten estado aplicando interesadamente o Regulamento orgánico municipal para acalar á oposición, e que ese é o destino final desta modificación que se está facendo.

Tamén sorprende a postura que toma o resto da oposición. Nunca se puido imaxinar que unha restrición dos dereitos a expresarse libremente e a exercer o seu dereito de participación política

Intervén o señor alcalde para solicitarlle ao concelleiro do PP que vaia rematando a súa intervención.

Don Juan M^a Abalo Castex contesta que termina axiña, e pídelle que polo menos os deixe estenderse máis aló, porque a partir de agora non van poder estenderse máis dos cinco minutos, iso no caso de que haxa debate, porque en moitas ocasións xa verán, xa o prognostican, que non vai haber debate, porque se aplican o regulamento tal e como vai a proposta respecto dos rogos, non vai haber nin sequera debate.

E para terminar, dicía antes que lle sorprende cal é a postura do resto da oposición, limitar as súas intervencións e os dereitos que tiñan recoñecidos, cos seus votos favorables. Conclúe dicindo que iso non se entende.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que a democracia é isto, votar e tamén aceptar a maioría, esa é a democracia. Polo tanto, parece un pouco excesivo que se estean formulando as cuestións dicindo que toda a oposición no seu conxunto está equivocada, e que eles son os que teñen a verdade. Parece un pouco excesivo. Polo tanto, pídelles que admitan que isto é parte da democracia, que admitan que neste caso se teñen quedado practicamente sós na súa posición, e admitan que este é o xogo derivado.

En segundo lugar, di que en calquera organización hai regras, boas ou malas. Modifícanse cando ven que non funcionan, pero hai regras.

E, en terceiro lugar, di que aquí nunca se intentou atar á oposición na súa expresión, o que se ten intentado é formular unha serie de regras do xogo sobre as que non tiñan a mesma interpretación. Chegado o momento de que non tiñan a mesma interpretación, puxéronse enriba da mesa para discutilas, e nesa discusión chégase a unha conclusión, e a conclusión é esa, rogo, cinco minutos, tres minutos. Esas serán as regras a partir de agora se as aproban neste pleno, e entende que deben continuar adiante.

Se nalgún momento se entende que iso non está ben, que non se entende, poden volver a modificalo, volver a falalo e volver a comentalo, e iso é parte do xogo e parte da democracia. O resto é entender que eles teñen o dereito, e non como dixo o Sr. Rivas unha vez, entender que teñen a maioría porque sacaron o número maior de votos, non, a maioría a teñen aqueles que saben unirse para un interese común. Neste caso o interese común quedou claro cos once votos positivos do resto dos partidos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que, empezando polo final da exposición do Sr. Abalo, ela non sabe cal é a postura do resto da oposición, a súa é que son plenamente conscientes da situación e da posición que ocupan neste pleno. Son dous concelleiros e fagan o que fagan, voten o que voten, esta modificación vai saír para adiante, de xeito que nesa situación o que intentan facer é mellorar, dende o seu punto de vista, unha proposta do Goberno. Seguramente sexa mellorable en moitas cousas, si, e de seguro que van ter que volver a modificar o regulamento máis

adiante, porque hai moitos máis artigos do Regulamento orgánico que hai que tocar, non soamente estes. O Regulamento orgánico municipal de Cambre ten moito que tocar.

Respecto das modificacións propostas, ela persoalmente celebra a modificación do artigo relativo á videoacta, porque vai supoñer un paso previo, incluso, á propia retransmisión dos plenos, algo polo que levan loitando dende o minuto cero dende ACdC-SON, e dende Esquerda Unida na anterior Corporación. Calquera que seguira a anterior Corporación sabe que a súa insistencia respecto da retransmisión dos plenos incluso foi tremendamente pesada, se pode chegar a dicir. Entón, ben, que previamente se regule a videoacta para poder retransmitir os plenos é algo que é necesario, fíxose rápido, fíxose ben, está aquí, e non lles doen prendas en felicitar ao Goberno.

Tamén respecto da intervención do Sr. Abalo vai dicir unha cousa que a di xa non como voceira de ACdC, senón como unha opinión absolutamente persoal. A ela dálle a sensación de que en moitas ocasións o PP o que facía en rogos e preguntas era intentar rebentar os plenos, e isto o di con todas as consecuencias do que está dicindo.

Di que os rogos fanse para que o Goberno atenda ese rogo, esa actuación, que pode atendela ou non, e que se non se atende o seu grupo tamén é o primeiro en tirarlle das orellas e en denunciálo, e en sacar nota de prensa e en volver a traelo a pleno, porque hai que atender os rogos, evidentemente se é posible, da oposición. Se non se pode hai que dar unha resposta, pero en moitísimas ocasións o protagonismo búscase máis na escenificación da resposta que poida dar o Goberno, que na propia importancia do asunto.

Engade que ela mesma, e lembrarao o Sr. Rivas, foi expulsada cando el era alcalde, cunha única chamada á orde, violando o Regulamento orgánico municipal na anterior Corporación, e moitos dos que están aquí presentes o saben, cunha soa chamada á orde foi expulsada, de feito o resto dos grupos levantáronse naquela ocasión. Lembra que o Sr. Rivas utilizaba, como dicía o Sr. Abalo, torticeramente, a diferenza entre rogo e moción e, finalmente, a señora secretaria tivo que facer un informe, extenso, moi longo. En fin, deron a lata ata que se acabou modificando o tema das mocións, polo mesmo, porque se utilizaba o ROM en función de se conviña ou non conviña, para poñer a favor do propio PP se podían presentarse como mocións determinadas iniciativas.

Por iso insiste en que vai haber máis cousas que modificar seguramente, e non lles parece mala, todo o contrario, parécelles boa, a determinación das regras do xogo. Van poñelo en marcha e xa se verá, igual funciona. E se non funciona está claro que todos os que están aquí teñen capacidade para denunciar, unha vez máis, que será necesario modificar o regulamento.

Ata o de agora en caso de Asemblea Cidadá véñense atendendo os rogos. Cando non se pode, danlles explicacións, ás veces os convencen máis, ás veces menos, pero non teñen queixa nese sentido de que non se lle estea dando unha resposta aos rogos que formulan.

Conclúe dicindo que por iso quería contestar sobre todo ao Sr. Abalo Castex, porque lle gustaría que repasara as actas do goberno do PP, que repasara unha por unha que pasou cos rogos, e como se trataban os rogos e as preguntas nesa Corporación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que non quere monopolizar coa súa intervención, que procurará ser breve, pero á vista da intervención do PP di que certamente lle sorprende. Sorpréndelle e lémbrale en certa maneira ao chiste daquel que vai pola autoestrada en dirección contraria, prende a radio, din que hai un suicida na autoestrada e el di que un non, que son moitos, son todos, porque realmente o PP se queda só e o Sr. Abalo dixo na súa intervención que non acababa de entender o por que. Por certo, di que inventou unha nova modalidade

de acción política, ata o de agora ás veces hai gobernos que dalgunha maneira parece que fan oposición á oposición, pero o Sr. Abalo é oposición que lle fai oposición á oposición. Di que é unha nova achega política e institucional que eles celebran que se introduza na política municipal, que está moi necesitada delas.

Continua dicindo que realmente o PP realiza un relato que ao modo de ver do BNG, e sinceramente llelo di, ao seu modo de ver, na súa opinión, é falso. O PP di que foron expulsados dos plenos da Corporación de Cambre por un problema relativo aos rogos. Dilles que non, que foron expulsados do pleno da Corporación de Cambre porque polas súas reiteradas faltas de educación, de respecto e de civismo ao resto da Corporación, impedían o normal desenvolvemento da sesión plenaria. Iso nalgunha ocasión, porque noutras ocasións, validos moitas veces dos alaridos dalgún dos seus concomitantes, abandonaron de motu propio o pleno, sen ser expulsados.

Pero, a maiores, seguen no seu delirium tremens, fabricando unha realidade paralela que non existe, e din que o Goberno, froito por así dicilo da inseguridade que lle provocaba eses lances, esas teóricas expulsións, vese abocado a ter que modificar o ROM e traelo ao pleno para, dalgunha maneira, poñer orde nese problema. Pois non é así, tampouco é así.

O Goberno, que é un Goberno tripartito, trae esta cuestión ao pleno, abre un proceso de diálogo, de achegas, porque previamente se falou de que había determinados aspectos que non quedaban claros, pero non co PP, senón reiteradísimo con ACdC, reiteradísimo ao cadrado con Ciudadanos. E é lóxico e normal, formuláronse unha serie de cuestións, e trouxéronse aquí, loxicamente coa idea de resolvelas. Non pasa nada, é dicir, tanto ACdC como Ciudadanos formularon unha serie de disquisicións, falaron e trouxéronas aquí.

O PP quere, dalgunha maneira, patrimonializar unha Corporación que é moi plural, creñe o centro do mundo e do universo, e para nada é así. A maiores, a intervención que trouxo o PP é prefabricada, fan bo ese dito de que a realidade non te estrague un bo titular, porque loxicamente saben e son conscientes de que a aceptación, como non podía ser doutra maneira, da proposta que trouxo ACdC debuxa un novo panorama, pero o PP fai a súa intervención facendo oposición á formulación previa que segundo eles traía o alcalde.

Di que o PP quixo fabricar unha realidade segundo a cal o equipo de goberno o que quería era recortar a liberdade de exposición, a liberdade de oposición por parte dos grupos que non forman parte do equipo de goberno, e nada máis lonxe da súa intención, porque o equipo de goberno, sobre todo e dende logo co que ten que ver co grupo municipal que el representa, que é o BNG, non lle ten medo aos debates, e non lle teñen medo aos plenos, e non lle teñen medo ao control e á fiscalización da oposición, ao contrario, queren que se faga dunha maneira ordenada, queren que se faga dunha maneira lóxica, e proba diso é que aprobaron, transixiron, pactaron, e levaron adiante unha proposta que entenden mellora e amplía as garantías democráticas do texto precedente.

Invitan a todos os grupos a que fagan un uso completo das súas capacidades fiscalizadores, que non soamente atinxen ao pleno, senón tamén ás comisións municipais, onde poden tamén presentar rogos e preguntas e non o adoitan facer.

Continúa dicindo que ao seu modo de ver esta é unha historia cun final feliz, porque se saca unha proposta que ao seu entender mellora un ROM que segue sendo, ao seu entender, dalgunha maneira obxecto de hipotéticas melloras no futuro, e están a iso total e absolutamente abertos. Desmóntase un relato total e absolutamente ficticio por parte do PP que pretendía debuxar, diante da opinión pública, que en Cambre había un goberno que quere minorar os dereitos da oposición, porque van ter a partir de agora un debate máis ordenado, onde, por certo, o PP vai poder intervenir un montón.

Dicía antes o concelleiro popular que están na última oportunidade para debater, pero están nun asunto da orde do día. Pregúntalle que ten que ver isto. O Sr. Abalo sabe perfectamente, porque ten unha formación xurídica que outros para eles xa quixeran, que non ten absolutamente nada que ver o que aquí se está falando respecto da limitación de tempos dos rogos, co que son os puntos na orde do día.

Intervén o señor alcalde para solicitar que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que remata facendo de maneira pública un requirimento, e non o fixo ata o de agora e o fai de verdade, de moi bo grao, á representante de Ciudadanos, no sentido de algo que se dixo, e que en parte é certo, é o relativo a que en determinado momento por parte do actual alcalde se dixo nunha xunta de voceiros, en fin, dille moi sinceramente que el cre que todos nos equivocamos moitas veces, non son políticos de altos vos, pero el vive pensando, e dillo así publicamente, que nese momento o alcalde pensou de boa fe que ese asunto se tratara nunha xunta de voceiros. Tan pronto se lle dixo que iso non fora así, rectificou.

A el cónstalle que si se falou telefonicamente, polo menos con el, e cre na versión doutros voceiros municipais, pero ás veces fálase unha cousa por teléfono e pénsase que se falou en persoa. En todo caso el cre que iso xa se rectificou, pedíronse desculpas e cre que é un pouco extemporáneo afeal algo que para el, en realidade, cre que foi un erro que non tivo maior transcendencia política.

Conclúe dicindo que o señor alcalde sabe defenderse perfectamente, pero máis aló das rivalidades políticas todos son compañeiros na Corporación, ás veces métese a pata, pero cando se fai por recoñecelo hai que aceptar as desculpas.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta, en resposta ao Sr. Carballada, que precisamente nos momentos en que a un se lle impide intervir é cando esa persoa se queda coas imaxes gravadas. Di que foi en dous plenos nos que o señor alcalde reiterou que había ese acordo adoptado en xunta de voceiros, non foi un, foi en dous, quizais o Sr. Carballada non o lembre.

É normal, ten razón, todo o mundo se equivoca, ela tense equivocado seguramente máis dunha vez nos plenos. E tenlle recoñecido ao señor alcalde a grandeza que tivo agora, porque precisamente nas comisións informativas Ciudadanos o que defendía é que non se podía simplemente expoñer e logo pechar, quen facía o rogo tiña que ter dereito, igual que todos os grupos municipais, aos seus minutos de intervención nese rogo.

Cre que o señor alcalde o día das comisións estaba ofuscado, cortou dunha maneira bastante brusca e dixo que non, que se quedaba a proposta como estaba. Agora acaba de felicitalo por ter reconsiderado a situación. Cre que é o xusto. Soamente lle queda unha dúbida, e pídlle ao señor alcalde que lla aclare. Di que tal e como queda a proposta dise que se concederá unha rolda e logo hai un punto. No anterior dicíase que se o alcalde concedía unha segunda rolda, podería habela. Pregunta se aínda que non quede aquí reflectido o señor alcalde poderá conceder unha segunda rolda se o considera necesario.

Esa é a pregunta e loxicamente non van cambiar o sentido do seu voto, vai seguir sendo a prol, pero gustaríalle que llo aclarara, porque si é certo que non se debe eternizar o debate, como ten sucedido moitas veces, pero si pode xurdir un rogo no que polo contido haxa debate e sexa necesario. Por iso pregunta que se o señor alcalde considera que pode dar outra rolda, se efectivamente a vai dar.

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex manifesta que segue coas mesmas dúbidas que tiña ao principio respecto do resto da oposición. É clarísimo que con esta nova regulación se están limitando

as facultades de fiscalización dos órganos de goberno que ten a oposición, co cal non entenden a postura do resto da oposición, se non é que se quere xogar ao goberno dende a propia oposición. É unha cousa que de verdade parece que é evidente.

Si é certo, como dixo a representante de ACdC, que se vai conseguir a retransmisión dos plenos pola que tanto se loitou, pero pregunta para que a queren se a oposición non vai ter intervención, se lles restrinxen a posibilidade de intervir nos plenos, se saben perfectamente que se o alcalde, tal e como reflicte esta modificación, ao finalizar a lectura da explicación pode contestar ao rogo e se acabou o debate. Non hai debate, di que é clarísimo, non hai ningún tipo de interpretación.

Pregunta para que queren que se retransmitan os plenos, para que exclusivamente o equipo de goberno diga cal é a súa proposta e a oposición non poida replicar, non poida dicir nada, non haxa debate. Para iso a verdade é que non sabe se queren que se retransmitan os plenos. Para ver exclusivamente máis autobombo por parte do goberno, ademais das publicacións que se están facendo co diñeiro de todos para darse tamén autobombo. Agora os plenos tamén se retransmitirán para dar máis autobombo ao equipo de goberno, sen que a oposición interveña. E por riba a oposición vota a prol de todas esas cousas.

Continúa dicindo que se fala por parte do representante do BNG de que o PP presentaba os rogos para rebentar os plenos. Esa xa é unha interpretación da democracia que a verdade... Iso foi o que lle pareceu entender.

Ante as manifestacións de varios concelleiros intervén o señor alcalde para lembrar que está en uso da palabra o concelleiro do Partido Popular.

Don Juan M^a Abalo Castex sinala que foi o que lle pareceu entender, pero é certo que foi á voceira de ACdC-SON, pide perdón porque se equivocou de poñente. Pregunta se o feito de presentar rogos e preguntas busca rebentar os plenos, porque iso xa é unha interpretación que tamén é torticera e interesada.

Tamén dicía a Sra. Santos que tiñan que revisar as actas das intervencións das anteriores lexislaturas, e dille que si sería bo, porque os representantes do seu grupo político estaban máis aló dos cinco minutos, e dos dez, e dos quince, e agora limítaselles a cinco e a tres e todos o dan por bo. Se na lexislatura pasada o alcalde non tivera a paciencia que tivo, probablemente o representante de EU non tería tido a extensión que se lle viu en moitos plenos.

Falaba o Sr. Carballada, agora si, da expulsión que tivo o PP por falta de educación. Dille que parece mentira que sexa el quen diga iso, parece mentira coas faltas de respecto que el si tivo sucesivamente nos plenos e polas que o PP lle ten requirido ao señor alcalde para que lle recriminara, e tampouco o ten feito.

Di que aos representantes do grupo municipal do PP os expulsaron pola non aplicación do artigo 111, ten quedado clarísimo, e quedou clarísimo o outro día nas comisións. No se dixo absolutamente nada porque é certo. É clarísimo o texto, estábanelles furtando a posibilidade de pechar os rogos.

Tense falado dun pleno máis ordenado, e di que evidentemente vai ser así, vai falar só o Goberno. Practicamente vai ser así, vaise deixar intervir á oposición o mínimo posible. Así o intentou o equipo de goberno coa proposta que foi obxecto de emenda por ACdC. Teñense intentado limitar ata o último momento os minutos da intervención da oposición. Con todo isto, conclúe reiterando que o voto do PP vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que moi breve e por clarificar o texto tal e como queda. Di que quere clarificalo, porque non sabe se é que non o está entendendo ela ou non o está entendendo o Sr. Abalo. É posible que sexa ela a que non o estea entendendo, por iso quere lelo, porque é moi importante. O texto di que ao finalizar a lectura do rogo, porque eliminan o tema da explicación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate. Di que ata aí está claro. E segue dicindo o texto da proposta que no caso de non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda.

Explica que con isto o que quere dicir é que se ela fai un rogo ao Sr. Leirós, e o Sr. Leirós lle acepta o rogo, e non se solicita intervención, entón fin da cita, como diría o outro.

Se ela fai un rogo ao Sr. Leirós, e o Sr. Leirós non o atende, e se solicita intervención, entón se concede unha rolda.

A terceira opción é que ela faga un rogo ao Sr. Leirós e o Sr. Leirós si o atenda, pero se solicita intervención. Tamén se concederá unha rolda.

É dicir, non se perde ningunha rolda de intervención neste caso. E pregunta isto porque lle dá a sensación de que co que dicía o Sr. Abalo o que pasaría é que cando se fai un rogo, se o aceptan, non habería nada máis que dicir. E si existe posibilidade de intervención dende o momento en que se di que no caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda. É dicir, a rolda a teñen concedida acéptese ou no se acepte o rogo.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que os rogos son propostas de actuación ao Goberno, non son os temas que veñen na orde do día, senón claramente, e xa estaba definido así no Regulamento orgánico municipal anterior, son unha proposta de actuación ao Goberno. Polo tanto, se dentro desa proposta de actuación, que o Goberno poderá dicir que si ou non se vai atender, ou a van a estudar, que supoño que será tres das respostas máis usadas, neses casos pouco debate se pode producir.

El entende que se hai un tema importante virá como moción ou virá como asunto da orde do día, a proposta do Goberno ou proposta de calquera dos voceiros ou de calquera dos grupos, polo tanto, non sabe se se vai dar ese suposto do que falaba a concelleira de Ciudadanos e se chegado o caso van ter unha terceira rolda, ben, unha segunda para os grupos e unha terceira para o propoñente. Di que non lle sabe dicir e non quere mentir, porque mañá para un concelleiro pode ser importante ter unha segunda rolda e para el pode non selo. Entón, non sabe o que vai facer. Se a pregunta é se é posible, si, se é que están todos de acordo, se a pregunta é se o vai facer, non o sabe.

Continúa dicindo que volven ao mesmo tema. Este tema tráese a pleno porque os señores do PP, non o PP, senón algún dos seus membros foi expulsado, e o resto acompañou a ese concelleiro e saíu do salón de plenos. Pregúntalles que fixeron eles, que propostas fixeron para cambiar o Regulamento orgánico municipal, porque segundo dixo na súa primeira e extensa intervención o Sr. Abalo, había unha diferenza de interpretacións. Por suposto, por iso foi.

Dille ao Sr. Rivas que a diferenza é tamén que cando o Sr. Abalo falou, ou calquera falou, el estivo calado e foi respectuoso, o Sr. Rivas, pola súa parte, estaba agora falando e interrompendo a súa intervención. Esa é a grande diferenza entre o PP e eles. O PP di que hai que facer algo, e claro que si, pero a proposta a trae o Goberno, o que deu o primeiro paso en traer este tema ao pleno foi o Goberno. Puido facelo calquera da oposición, pero non o fixo, foi o Goberno, e é verdade, o Goberno fixo unha

proposta que foi mellorada polos grupos da oposición, tanto Ciudadanos, como Asemblea Cidadá de Cambre, e incluso se atenderon parte das demandas do PP na nova redacción do Regulamento orgánico municipal.

Falábase do tema da videoacta, claro que si. Da retransmisión dos plenos, claro que si, e cre que é o PP o que fai unha pregunta ou un rogo despois sobre ese tema.

Di que o PP estivo gobernando catro anos e non fixo nada sobre isto, cando hai unha funcionaria municipal dedicada 26 horas a transcribir o que din neste pleno en 3 ou 4 horas. Catro días para un pleno. Agora, coa videoacta que van aprobar, nunha hora terá solucionado todo ese traballo. Diso o PP non fala absolutamente para nada.

Continúa dicindo que claro que o Goberno fai as cousas, claro que as fai, por suposto. Antes falaba o PP de que o Plan estratéxico era unha imposición legal dende o 2003. Dilles que dende o 2003 aquí pasou unha lexislatura onde estivo o PP e preguntalles que fixeron, se propuxeron algunha vez o Plan estratéxico de subvencións. Que el saiba non, o trouxeron eles, o actual Goberno, o tripartito foi quen o trouxo aquí.

Polo tanto, o que cre é que ao PP vaille ben este debate. O PP fala do artigo 111, o Goberno fala do 115, e esa é a diferenza que podían ter en canto aos debates dos rogos, que era o problema principal que tiñan nos plenos. Agora o que traen é unha modificación do regulamento para esclarecer as regras do xogo, para saber en todo momento esas regras, que están máis pechadas, que cada un saberá o que hai.

O concelleiro do PP dixo que lles están furtando, pois dilles que é unha palabra moi fea, e máis do partido ao que pertence. É unha palabra moi fea dicir furtar, e máis do seu partido. Debería, polo menos, ter un pouco máis de sentido común á hora de utilizala.

Expón que aquí o que se acorda é por maioría. Di o PP que non haberá debate, o que non haberá será o debate que ao Sr. Abalo lle gustaría e quere, o debate que seguramente implantaría, ese non. Vai haber un debate aprobado por unha maioría plenaria, e iso é o que van facer aquí e é o que traen aquí. Dille que non fale de furtar e de que lles están quitando intervencións, porque non é así.

Conclúe dirixíndose á voceira do GM (C's) para dicirlle que o sente, pero que non pode dicir se vai haber unha segunda ou terceira rolda nun debate dun rogo que non deixa de ser unha proposta ao Goberno. Non cre que se vaia dar o caso, pero en caso de que se dea, decidirán no momento se o fan ou non.

Concedida a palabra a don Juan M^a Abalo Castex manifesta que só quere deixar claro que eles non fixeron ningunha intervención ou ningunha proposta cando o señor alcalde o requiriu, porque o PP o que quería non era que se modificara o Regulamento orgánico municipal, eles o que querían era que se cumprira o texto do Regulamento orgánico municipal.

Tamén dicir que evidentemente unha cousa é estar na oposición, e está clarísimo que o Sr. García Patiño se aproveitou do ROM tal e como tiña na redacción orixinaria, precisamente para facer oposición, e é o que lle quere negar a oposición no momento en que é alcalde. Pénsase de forma distinta dende a Alcaldía que dende a oposición.

Don Juan González Leirós manifesta que o Sr. Abalo é xurista, así que ten que saber por que existen os xulgados. Os xulgados existen porque hai distintas interpretacións dunha mesma norma, senón non existirían. O Sr. Abalo ten a súa visión e eles teñen a súa, e incluso pode haber técnicos no concello

que teñan a visión do Sr. Abalo e outros a deles. Nese dilema é no que intentaron corrixir este asunto. Se o Sr. Abalo fora o xuíz, decidiría, que ás veces parece que o é. Parece que ten moita necesidade de saltar de banco, dille que tranquilo, que non se preocupe, que ten longo tempo, que non salte aínda. Dille que ten moito tempo, que é novo.

Intervén o señor alcalde para pedir ao concelleiro que vaia rematando.

Don Juan González Leirós di que iso foi un inciso, que o que hai é que o PP ten a súa visión e o Goberno a súa, polo tanto cada un ten a súa, teñen que votar, e se lles parece ben, acaban este tema.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que só quere sinalar que o señor alcalde si respondeu á súa pregunta. A súa pregunta era se non habería ningunha posibilidade, se o alcalde non podería nin sequera conceder unha segunda rolda, e o señor alcalde contestou que si podería, que outra cousa é que o vaia facer. A pregunta está contestada.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que nese caso o que dirixe o pleno é o alcalde, o presidente, o que estea sentado aquí.

Don Juan Abalo Castex solicita a palabra. O señor alcalde manifesta que xa falon suficiente, non obstante, concédelle uns segundos, para que non diga que lle furta.

Don Juan Abalo Castex expón que só quere responderlle exclusivamente ao Sr. Leirós que nada máis lonxe da súa intención que saltar de banco.

Sometido o asunto ditaminado pola comisión informativa a votación ordinaria, coa inclusión da emenda á redacción dos tres últimos apartados do artigo 115.1.f) aprobada no día de hoxe, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do Regulamento orgánico municipal respecto dos artigos e alíneas concretas que se relacionan a continuación:

A) Modificar o artigo 97 relativo á convocatoria das sesións do pleno, suprimindo a alínea 3, modificando a redacción e numeración da 4, e pasando a alínea 5 a numerarse como 4, co cal o artigo queda redactado do teor literal seguinte:

“1 – Correspóndelle ao alcalde convocar todas as sesións do pleno. Só a convocatoria das sesións extraordinarias urxentes, deberá ser motivada.

2 – Á convocatoria das sesións achegarase a orde do día comprensiva dos asuntos que se van tratar co suficiente detalle, e mailos borradores das actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas na sesión.

3 – A convocatoria, orde do día e borradores das actas do pleno e órganos colexiados, e as notificacións doutros actos normativos que deban practicarse aos concelleiros no exercicio do seu cargo, levaranse a

cabo por medios electrónicos, iso de conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para tal efecto, os concelleiros facilitarán o enderezo de correo electrónico no que desexen ser notificados. No suposto de que non faciliten ningún, serán notificados nunha conta de correo electrónico institucional que asignará o Concello ao grupo político municipal ou aos concelleiros non adscritos, no seu caso.

4 – Entre a convocatoria e a realización da sesión, non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, contados desde a notificación, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.”

B) Modificar o artigo 98.1 c) e artigo 98.2, segundo a seguinte redacción:

“1 – A convocatoria para unha sesión, ordinaria ou extraordinaria, dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que deberá constar: (...)

c) Xustificante da remisión dos correos electrónicos aos concelleiros, xunto coa copia da notificación efectuada.

(...)

2 – Sendo preceptiva a notificación aos concelleiros das correspondentes ordes do día, a notificación aos concelleiros enténdese practicada cos xustificantes da remisión dos correos electrónicos, copia da notificación efectuada, e coa pertinente confirmación da lectura que deberán efectuar os concelleiros.”

C) Modificar o artigo 99 dando unha nova redacción á alínea 2 e 3, quedando redactadas como se transcriben a continuación:

“2 – Para a inclusión dos asuntos na orde do día do pleno será necesario que teñan sido previamente ditaminados pola comisión informativa correspondente. Non será necesario ditame previo da comisión informativa no suposto de convocatoria de plenos extraordinarios urxentes ou da inclusión na orde do día dos plenos ordinarios de mocións de carácter non resolutivo [artigo 115.1 b) e artigo 125 do presente regulamento].

3 – De conformidade co anterior, os expedientes deberán estar concluídos e entregados na Secretaría Xeral cunha antelación, polo menos cun día de antelación á data prevista para a convocatoria.”

D) Modificar o artigo 101 relativo á consulta dos expedientes da sesión polos concelleiros, dando unha nova redacción á alínea 1 que quedará redactada do teor literal seguinte:

“1 - Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base e, se é o caso, votación, deberá estar ao dispor dos concelleiros dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría da Corporación, en horario de 8:00 da mañá ata as 15:00 horas, isto sen prexuízo de que, para facilitar o seu coñecemento polos concelleiros, dende a Alcaldía, mediante medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, se lles remitan as propostas de acordo que se formulen e os documentos máis relevantes, incluíndo os informes técnicos e xurídicos que integran o expediente.”

E) Modificar o artigo 115.1 f) relativo aos rogos, engadíndolle tres parágrafos, e quedando redactado esta alínea do teor literal seguinte:

“f) **Rogo:** é a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local, e poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden formular rogos todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres rogos nun mesmo pleno ordinario, aínda que a xunta de voceiros poderá ampliar este número, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.

Ao finalizar a lectura do rogo, o alcalde ou concelleiro en quen delegue, contestará se atende ou non ao rogo. No caso de que se atenda por aceptarse a proposta de actuación ou a procedencia do seu estudo, e non se solicite intervención polos demais grupos ou concelleiro no seu caso, non haberá debate.

No caso de que non se atenda o rogo, ou se solicite intervención, concederáse unha rolda. A rolda comezará polo partido propoñente do rogo, e continuará por orde de grupos, de maior a menor, ou concelleiros no seu caso. Cada intervención non poderá exceder de cinco minutos. Pechará o debate o grupo propoñente e, para tal efecto, o presidente preguntará se ratifica ou modifica a proposta. No caso de modificación, disporá de tres minutos.

Finalizado o debate, se como resultado deste se modifica a proposta de actuación, o alcalde ou concelleiro en quen delegue manifestará se ratifica ou modifica o exposto anteriormente.”

F) Modificar o artigo 115.1. g), primeiro parágrafo, que quedará redactado do teor literal seguinte:

“g) Pregunta: é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno no seo do pleno e que, unha vez contestada, non dará lugar a réplica nin a debate.”

G) Modificar o artigo 125, alíneas 3 e 4, relativas ás mocións non resolutivas, quedando redactadas do teor literal seguinte:

“3 – As mocións formuladas co dito carácter de control e fiscalización deberán presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e serán entregadas, á maior brevidade posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Para ser tratadas requírese que o voceiro ou membro da Corporación propoñente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

No suposto de que sexan presentados antes de efectuarse a convocatoria do pleno ordinario, e por tratarse de propostas de acordos de posicionamento político o declarativo de carácter institucional o testemuñal, poderán ser incluídas na orde do día e ser sometidas directamente ao Pleno sen necesidade de ditame previo da comisión informativa, isto sen prexuízo de que por parte do señor alcalde se estime pertinente o ditame da comisión informativa que corresponda.

De non incluírse na orde do día, poderán tratarse logo da xustificación da urxencia e ratificación desta por maioría absoluta do Pleno.

4 – O debate e deliberación das mocións rexeráse polo establecido nos artigos 110 a 114 do presente regulamento, e no suposto de que resulten aprobadas, non precisarán de máis trámite que a comunicación do acordo adoptado ao seu destinatario.”

H) Modificar o artigo 130, quedando redactado do teor literal seguinte:

“1 – No Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

2 – O videoacta defínese como un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:

- Acta sucinta: Documento electrónico que contén, respecto de cada sesión, o lugar da reunión, con expresión do nome do municipio e local no que ten lugar; o día mes e ano; a hora de inicio e de finalización da sesión; identificación do presidente e dos membros da Corporación que asisten á sesión, así como dos ausentes, que se escusen e dos que falten sen escusa, no seu caso; carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se ten lugar en

primeira ou segunda convocatoria; asistencia do secretario/a, ou de quen legalmente o substitúa, e presenza do funcionario responsable da Intervención, cando concorra; o enunciado dos puntos da orde do día e dos asuntos tratados con transcripción das propostas; resultado das votacións, facendo constar o número de votos afirmativos, negativos e abstencións; resultado dos ditames e acordos adoptados.

- Documento audiovisual ou vídeo: Gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ou reunión contendo audio e imaxes. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores, e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.
- Sinatura electrónica: A sinatura electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión dota de fehaiencia e efectos de Dereito ao documento. Esta sinatura realízase facendo uso do certificado de sinatura da dita persoa. O videoacta será asinado polo secretario/a xeral da Corporación e polo alcalde-presidente ou quen legalmente os substitúa.

3 – De conformidade coa alínea anterior, o videoacta é un documento público e oficial, rubricado e validado pola persoa titular da Secretaría Xeral do concello, na súa función de fedatario público. En consecuencia, gardaranse todas as cautelas respecto do seu manexo e tratamento, e será recomendable evitar a descarga total ou parcial e a republicación, tendo en conta que os principios de transparencia e publicidade se salvagardan igualmente co mero visionado da parte audiovisual, a cal se atopará a disposición de todos os cidadáns no sitio oficial municipal sen límite de reproducións. O incumprimento do deber de cautela previsto neste artigo dará lugar a responsabilidade nos casos nos que o tráfico ou difusión do videoacta prexudique a imaxe ou os intereses corporativos.

4 – Co obxecto de outorgar a adecuada protección á intimidade das persoas que desexen asistir de maneira presencial ás sesións do pleno, ao comezo da sesión obterase o consentimento ao tratamento dos seus datos persoais, entre os que se inclúe a propia imaxe, informando o señor alcalde ao público asistente ás sesións a través da seguinte mensaxe: *'a sesión ten carácter público e vaise proceder á súa gravación e difusión para xeral coñecemento da cidadanía dos asuntos tratados nela. As persoas asistentes como público á sesión o fan libremente e enténdese que dan o seu consentimento á gravación e difusión das opinións e imaxes que delas se obteñan.'*

Para salvagardar os dereitos das persoas menores de idade non se permitirá a gravación de persoas menores, agás accesoria, nin a intervención delas, agás autorización expresa do seu pai, nai ou titor.

No acceso ao salón de sesións colocárase un cartel facendo constar que as sesións son gravadas, e se entende que o público asistente dá o seu consentimento á difusión das opinións e imaxes que se obteñan.

5 – Das sesións dos demais órganos colexiados levantarase acta co contido establecido na definición de acta sucinta que contén a alínea 2 do presente artigo, coa seguinte salvidade:

- Constarán as opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas.

Cando un membro do órgano colexiado desexe que a súa intervención conste na acta coa extensión ou precisión que considere de interese, manifestarao no momento de iniciar a exposición, e, concluída a sesión, entregaralle ao secretario/a unha copia dela para que sexa recollida na acta. No caso contrario, o secretario/a non ten a obriga de recoller literalmente as manifestacións efectuadas no transcurso da sesión, senón, como se fixo constar anteriormente, dunha forma sintetizada.”

I) Modificar o artigo 134 relativo ás comisións informativas, suprimindo o segundo e o terceiro parágrafo da alínea 1, e incluíndo un novo parágrafo na alínea 3, quedando redactadas as ditas alíneas do teor literal seguinte:

“1 – As Comisións Informativas Permanentes e de seguimento e control, realizarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas tal e como se establece nos artigos 41 b) e 79 do presente regulamento, nos días e horas que estableza o alcalde, ou o seu respectivo presidente, os que poderán así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes delas.

Reuniranse simultaneamente, nun mesmo acto. Cada unha emitirá o ditame que lle corresponda, salvo que o asunto sexa tamén competencia doutra, no que o ditame será conxunto.

Levantarase unha única acta.

O alcalde ou o presidente da comisión estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, cando menos, dos membros da comisión. Neste caso, o mesmo que no suposto das sesións ordinarias ou extraordinarias urxentes, polo que respecta á orde do día, aplicarase o disposto no artigo 98 do presente regulamento.

De non efectuarse a convocatoria da sesión extraordinaria solicitada, estarase ao previsto para o pleno no artigo 94 do presente regulamento.

(...)

3 – As convocatorias correspóndenlle ao alcalde, agás no suposto de delegación da presidencia, de conformidade co artigo 80 a) do presente regulamento, e deberanlles ser notificadas aos membros da Comisión cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase a orde do día.

Para o pleno do orzamento, a notificación á comisión informativa correspondente deberá facerse cun mínimo de cinco días hábiles á súa celebración.”

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamación ou suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do Regulamento orgánico municipal e publicarase o texto modificado no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2.5. Aprobación, se procede, do proxecto “Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole, e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 13 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicadas no DOG número 14 do 20 de xaneiro de 2017.

Logo de ver que con data 16 de febreiro de 2017, elaborouse o proxecto denominado “Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre”, pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun importe total de 59.826,84€.

Logo de ver que con data 17 de febreiro de 2017 o Concello de Cambre solicitou participar na convocatoria de subvencións antedita para a execución da actuación denominada “Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre”, para o que solicitou unha axuda por importe de 39.554,94 €.

Considerando que segundo o disposto no artigo 11 da Orde reguladora da convocatoria, o prazo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde, será de tres meses contados desde o día da súa publicación no DOG, isto é o 20 de abril de 2017; e que de acordo co establecido no artigo 15 da Orde antedita, no caso de resultar o Concello de Cambre, entidade beneficiaria da subvención, deberá de executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa na data límite do 30 de setembro de 2017.

Tendo en conta os prazos anteditos, e que de resultar o Concello de Cambre, beneficiario desta subvención, disporá de tan só cinco meses para contratar, executar e xustificar a actuación subvencionada, interesa axilizar á realización dos trámites que se podan xestionar antes de que pola Xunta de Galicia se conceda a achega solicitada, para gañar tempo de cara a contratación, execución e xustificación da obra.

Tendo en conta que un dos requisitos necesarios para proceder á contratación é a aprobación do proxecto polo Pleno ao non estar o mesmo, previsto no orzamento do exercicio actual, todo elo conforme ao disposto no artigo 22.ñ) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, podendo realizarse este trámite sen necesidade de esperar a que se resolva sobre a concesión ou non da achega solicitada polo Concello.

A vista do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 13 de marzo de 2017.

En base ao anterior, e de acordo coa resolución de Alcaldía número 1841 de data 18 de novembro de 2016, elévase ao Pleno, para a súa aprobación se procede, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre”, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal cun orzamento total de 59.826,84 €, IVE engadido (49.443,67 €, sen IVE).

Segundo: Notificar ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que os cinco proxectos que veñen a continuación son proxectos que se traen a pleno porque non estaban previstos nos orzamentos e, polo tanto, hai que traelos. Proceden de subvencións que dá a Xunta, neste caso, ou mellor dito, quere clarificar isto, que lles pode dar a Xunta.

O feito de traelos agora a pleno é porque tendo en conta os curtos prazos que despois se dan para contratar e executar, se agardasen e lles deran a subvención non habería tempo para xestionala, polo que necesitan que xa estean aprobados para levar a cabo unha xestión máis eficaz.

Tamén quere aclarar outra cuestión, que é que o feito de que lles dean a subvención non quere dicir que a vaian aceptar, porque se non lles dan o 80% da subvención e lles dan, por exemplo, un 20%, o concello non tería capacidade orzamentaria, en moitos casos, para abordar o proxecto. Pero o interesante é telo aprobado para despois poder decidir dunha forma clara se o poden levar a cabo ou non.

Neste caso en concreto, que é o primeiro, é unha subvención para unha pavimentación que dá a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e estaría destinada á pavimentación de Paseo Marítimo e Ánxel Fole e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas. Actúase na zona do Temple, o importe do proxecto son 59.000 euros, 39.000 serían subvencionados pola consellería e 20 polo concello.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como comprenderán, o seu partido non vai poñer ningunha obxección a eses cinco proxectos que traen hoxe a aprobación en obxecto de telos na recámara para cando xurda a subvención poder presentalos. Iso é o que o Sr. Leirós lles ten transmitido, que de momento non teñen aprobada ningunha subvención.

Di isto porque nas comisións el xa fixo unha pregunta sobre o último dos proxectos que se presenta, pero vaise agora a referir aos cinco, porque nos cinco van contar coa abstención do grupo municipal do PP para que todos os proxectos saian adiante.

Non os van votar en contra, pero dilles a verdade, era algo que se merecían, porque vai facer referencia a unha frase do pleno do 28 de setembro do ano 2016. Nese pleno dise que:

“Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC, explica que con esta proposta de novación de crédito (porque isto foi unha transferencia de crédito) o que se trata é de dar resposta a unha situación irregular, xa que no proxecto de arranxo do campo de fútbol Os Pinares, de Brexo-Lema, non ían incluídas nin as torres de iluminación, nin as luminarias.

Consideran que esta é unha situación irregular, que os equipo de fútbol que van utilizar ese campo necesitan, sobre todo no inverno, a iluminación. O concello conseguiu incorporar as torres, pero quedalles por incorporar as luminarias. A partir de aí, como non había partida orzamentaria, tiveron que buscar os cartos noutro lado, de aí a novación de crédito.”

E o concelleiro segue falando máis adiante da irresponsabilidade, cando lle conceden de novo a palabra e di:

“Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso dálle as grazas aos compañeiros dos grupos, e simplemente contestar á compañeira do PP, que os acusa de negligencia e de falta rigor, que el quere lembrarlle que o proxecto do campo de fútbol o trouxeron eles, e viña sen torres e sen luminarias. Non sabe se iso é rigor e non negligencia.”

O Sr. Rivas Caridad explica que naquel momento, cando iso se presentou, el non lembraba o proxecto, pero di que o conseguiu, e teno con el, e si estaban incluídas as torres e máis as luminarias no proxecto. Polo tanto, fixeron unha transferencia de crédito dun sitio para outro porque non lles interesaba telo aí, e aplicárono ao campo de fútbol municipal, pero reitera que si estaban incluídas as torres e as luminarias no proxecto, por importe de 60.000 euros.

O voceiro do PP amosa aos asistentes o proxecto que ten na súa bancada e di que se trata do proxecto de marzo de 2015 e que xa lle explicaran como custou 70.000 euros.

Continúa dicindo que se van abster nos proxectos presentados, para non entorpecer o labor, para que os demais organismos lles dean as subvencións que dende o concello van pedir, e mellorar tanto o Temple, como a mellora da accesibilidade da contorna da igrexa, ou a renovación do emisario da rede de saneamento. Pero van facelo dicindo que non se fían do Goberno. E é normal que non se fíen, porque lles acaba de ler unha acta coas manifestacións dun concelleiro do goberno, un acta na que se di que non había torres nin luminarias.

Conclúe dicindo que iso mesmo pode pasar con calquera outro proxecto que o Goberno lles presente, porque isto é todo utopía. Poden facer un proxecto, pero ao mellor dependen de Patrimonio e se Patrimonio non lles dá autorización o proxecto queda no caixón. Pero non os van a entorpecer, van a axudarlles a que consigan esas subvencións. Se poden axudalos, van facelo, pero polos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que se o que dixo o Sr. Rivas sobre o proxecto é verdade, dende logo que dende o seu grupo séntense sorprendidos e enganados, pero moi enganados. Eles preguntaron moitas veces cando se trouxo ese tema, e se lles dixo que era para a instalación dos cables e para as luces porque non ían incluídas no proxecto.

Isto outro, a verdade é que é unha sorpresa moi grande. Se non se van a poder fiar do que lles din, ou dos proxectos, ou cando fai falta incorporar máis diñeiro, tamén se van a ter que abster en todos estes proxectos e pediránlles explicacións.

Xa di que Ciudadanos preguntou moitas veces por este tema, é máis, o día da inauguración do campo de fútbol volveron a reiterar o dos 70.000 euros e que as torres non estaban incluídas. De feito cando faláron co ex-presidente do Brexo-Lema, o Sr. Muñiz, eles pensaban que si estaba incluída a instalación de cables e as luces, e foi cando lles dixo que non, que non estaban.

Por todo isto conclúe dicindo que lles pediría unha explicación e manifesta que se van abster nos proxectos que lles presente o Goberno porque a verdade parécelles que non son de fiar.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que non son de fiar porque a señora concelleira lle está dando veracidade a unhas declaracións do PP e non ao que di o Goberno. Acaba de facer unha afirmación, que non son de fiar.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que el ía dicir o mesmo, a voceira de Ciudadanos dálle unha credibilidade ao Sr. Rivas e non lla dá ao Goberno. El cre que esa non é a forma de actuar, cre que a forma de actuar é ir ao Goberno e preguntar se iso é certo ou se hai algún erro.

Pídelle á señora concelleira que lle permita continuar, que agora está falando el. El escoitouna a ela e é por unha cuestión de poder dialogar con sensatez. Dícialle que ela se está fiando dunhas palabras e poñendo en evidencia un tema que pasou hai un tempo, agora están falando doutro proxecto, e ela dilles que non se pode fiar deles.

Evidentemente unha das partes fundamentais da política é a confianza, iso é certo. Non cre que a señora concelleira tivera ata o de agora por parte do actual Goberno ningún tipo de desconfianza. Ata o de agora cre que lle teñen clarificado todas aquelas cuestións, e o sabe persoalmente polo que atinxe ao departamento de Urbanismo e Obras que el leva, que se lle ten clarificado sempre que ela ten pedido explicación.

Expón que eles non son uns perseguidores do proxecto, nunca o teñen sido. Saben perfectamente cal é a función política e cal é a función do funcionariado e dos técnicos municipais, e saben distinguir, nin a eles lles deixan que se metan nas súas funcións políticas, e recoñece que lles custou un traballo bastante enorme neste concello explicar que a función dos funcionarios era unha e a dos políticos outra, e eles procuran non meterse na función técnica. A el ás veces pídenlle consello, porque saben que é técnico, pero el procura non llo dar e se llelo dá é porque llo piden insistentemente, porque sabe cal é a súa función e cal é a deles. Iso queda clarificado.

Continúa explicando que o equipo de goberno actúa segundo os informes dos técnicos, e os informes eran que as torres non estaban. Mañá mesmo pola mañá poñerá ao enxeñeiro municipal a verificar o que di a señora concelleira e o que dixo o Sr. Rivas. Pero quere dicirlle que eles non supervisan os proxectos, baséanse nos informes técnicos que son os que lles din se hai torres ou non. Eles actúan dende a acción política, que é buscar o diñeiro e buscar os conformes. Non van ao proxecto a buscar se hai un tema de inventario, non é esa a súa función.

Conclúe reiterando que, en todo caso, mañá esta cuestión se aclarará, e agora mesmo o que están aquí é votando uns proxectos, cinco. Se queren poden votalos, e se non queren están no seu dereito a non facelo. Pero pídelles que, por favor, desconfianza, mentres non haxa datos enriba da mesa, rógalles que non a teñan, nin a manteñan, porque é unha afirmación moi forte diante de todo o Pleno.

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que aquí se poden dicir corenta mil cousas. Eles o que trouxeron agora son uns proxectos que queren adiantar, para se o día de mañá teñen a ben conceder esas subvencións, ter os proxectos adiantados, nin máis nin menos. Iso é o que traen a este pleno.

Engade que hai unha páxina na que poden entrar todos, que é *contratosdegalicia.gal* e poden ver o contrato do tema do campo de fútbol Os Pinares, onde estaba a preinstalación e non estaban as luminarias. Entón, o Sr. Rivas pode dicir o que lle dea a gana aquí, xa están acostumbrados a que o diga e a que o faga. El estalles dicindo o que lles chegou a eles para contratar, e non había orzamento para facelo.

Dille ao Sr. Rivas que os denuncie. Volve dicirullo outra vez, que os denuncie e deixe de tanto vir aquí ao pleno a dicir que son alegais, que non fan as cousas legalmente. Dille que os denuncie, que teña a valentía de facelo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que recolle o ofrecemento do Sr. Leirós e rógalle que lle faga chegar ese informe do técnico.

O señor alcalde contesta que por suposto, que lle chegará a todos os voceiros, só faltaría. Este é un tema de transparencia. O que lle parece increíble é que poñan aquí enriba da mesa calquera tipo de dúbida e que se lle dea a lexitimidade que se lle está dando.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós aclara que el non fixo ningún ofrecemento, que o ten tomado o Sr. Rivas de man. El o único que dixo é que os técnicos lles indicaron que non había orzamento para as luminarias, e mañá van comprobalo. Unha vez o fagan, comunicaráselles, como teñen feito sempre.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Aprobación, se procede, do proxecto “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da casa consistorial e outros edificios municipais”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 13 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do 30 de decembro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOG número 14 do 20 de xaneiro de 2017.

Logo de ver que polo enxeñeiro de camiños municipal, Xefe da Sección de Servizos, elaborouse o proxecto denominado Mellora na eficiencia enerxética mediante led da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, cun importe total de 43.088,29 (IVE engadido).

Logo de ver que con data 20 de febreiro de 2017 o Concello de Cambre solicitou participar na convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva antedita para a execución da actuación denominada “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, para o que solicitou unha axuda por importe de 32.000,00 €.

Considerando que segundo o disposto no artigo 26 da Orde reguladora da convocatoria, o prazo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de catro meses contados desde o día da súa publicación no DOG, isto é o 20 de maio de 2017; e que de acordo co establecido no artigo 31 da Orde antedita, no caso de resultar o Concello de Cambre, entidade beneficiaria da subvención, deberá de executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa ata o 30 de setembro de 2017.

Tendo en conta os prazos anteditos, e que de resultar o Concello de Cambre, beneficiario desta subvención, disporá de tan só catro meses para contratar, executar e xustificar a actuación subvencionada, interesa axilizar á realización dos trámites que se podan xestionar antes de que pola Xunta de Galicia, se conceda a achega solicitada, para gañar tempo de cara a contratación, execución e xustificación da obra.

Tendo en conta que un dos requisitos necesarios para proceder á contratación é a aprobación do proxecto polo Pleno, ao non estar o mesmo, previsto no orzamento do exercicio actual, todo elo conforme ao disposto no artigo 22.ñ) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, podendo realizarse este trámite sen necesidade de esperar a que se resolva sobre a concesión ou non da achega solicitada polo Concello.

Á vista do informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal de data 13 de marzo de 2017.

En base ao anterior, e de acordo coa resolución de Alcaldía número 1841 de data 18 de novembro de 2016, elévase ao Pleno, para a súa aprobación se procede, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Mellora na eficiencia enerxética mediante led da Casa Consistorial e outros edificios municipais”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Ignacio Fernández Díaz, cun importe total de 43.088,29 (IVE engadido).

Segundo: Notificar ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que non se vai repetir para non cansalos. É o mesmo que no caso anterior, a subvención vén de Vicepresidencia, é para unha intervención que busca o aforro enerxético, e consiste en cambiar as luces a led na casa consistorial e noutros edificios municipais.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que vai ser moi breve. Di que este é un proxecto que viñeron demandando historicamente dende o seu grupo, por razóns obvias, a eficiencia enerxética é algo que se ten que perseguir dende as administracións públicas e fomentala nas construcións privadas. Por iso, consideran que os proxectos neste sentido non se deben quedar nos edificios públicos, senón que se debe tentar cambiar as luminarias públicas de todo o concello, o que inclúe tamén as estradas e demais, e mesmo comezar negociacións cos entes superiores necesarios, como Deputación, Augas de Galicia, etc., que teñen competencia nestes temas por dispoñer tamén eles de luminarias nos seus viarios.

O señor alcalde contesta que xa se está facendo. Esta subvención é específica para o tema dos edificios públicos, pero o resto si que se está pedindo, incluso agora van comezar no polígono industrial, en fin, estase facendo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Aprobación, se procede, do proxecto “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 13 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017, publicada no DOG número 14 do 20 de xaneiro de 2017.

Logo de ver que con data 17 de febreiro de 2017 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, elaborou o proxecto denominado “Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre” cun orzamento total de 54.606,97 €, IVE engadido.

Logo de ver que con data 20 de febreiro de 2017 o Concello de Cambre solicitou participar na convocatoria de subvencións antedita para a execución da actuación denominada “Mellora da accesibilidade na contorna da Igrexa de Sta. M^a de Cambre”, para o que solicitou unha axuda por importe de 45.129,73 €.

Considerando que segundo o disposto no artigo 13.3 da Orde reguladora da convocatoria, o prazo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de cinco meses contados desde o día seguinte ao da publicación no DOG; e que de acordo co establecido no artigo 19 da Orde antedita, no caso de resultar o Concello de Cambre, entidade beneficiaria da subvención, deberá de executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa ata o 1 de outubro de 2017.

Tendo en conta os prazos anteditos, e que de resultar o Concello de Cambre, beneficiario desta subvención, disporá de pouco máis de tres meses para contratar, executar e xustificar a actuación subvencionada, interesa axilizar á realización dos trámites que se podan xestionar antes de que pola Xunta de Galicia se conceda a achega solicitada, para gañar tempo de cara a contratación, execución e xustificación da obra.

Tendo en conta que un dos requisitos necesarios para proceder á contratación é a aprobación do proxecto polo Pleno ao non estar o mesmo, previsto no orzamento do exercicio actual, todo elo conforme ao disposto no artigo 22.ñ) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, podendo realizarse este trámite sen necesidade de esperar a que se resolva sobre a concesión ou non da achega solicitada polo Concello.

Á vista do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 13 de marzo de 2017.

En base o anterior, e de acordo coa resolución de Alcaldía número 1841 de data 18 de novembro de 2016, elévase ao Pleno, para a súa aprobación se procede, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro: Aprobar o proxecto "Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre", cun orzamento total de 54.606,97 €, IVE engadido, redactado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño.

Segundo: Notificar ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que esta é unha subvención que vén da Axencia de Turismo de Galicia. É unha subvención de recursos turísticos, e consideraron que o adecuado era empregala no ámbito da igrexa de Cambre. O proxecto son 54.000 euros e 45.000 a subvención.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que, novamente, como no proxecto anterior, tamén botan cousas en falta. Nese sentido dende o seu grupo propuxeron para a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible, para os fondos EDUSI, un proxecto no que estaba contemplada esta actuación, e mesmo tiña un factor engadido, a modificación das bancadas que están situadas xusto enfronte deste paseo, xusto no Campo da Feira. Actualmente eses bancos quedan absolutamente inutilizados case todos os días por causa de que os coches xustamente aparcan aos pés dos bancos. A beirarrúa que leva dun lado ao outro é tamén escasa e moi deficiente, tendo en conta a proximidade ao colexio, ao concello e á mesma igrexa, con parques e todo iso, os nenos teñen moito perigo por esa beirarrúa.

Polo tanto, tamén consideran dende ACdC necesario facer ampliación dese proxecto e traballar para que esas cousas se vaian incluíndo en pro de garantir un centro do concello que dea servizo e sexa seguro para todos os cidadáns.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que supón que o señor concelleiro é coñecedor de que iso necesita unha estrutura xeral. Unha das partes, como dixeron sempre, é abrir a rúa Balado. Outra das cuestións nesa zona é organizar a UE-3 de Morás, porque é outro tema fundamental. Tamén potenciar que poida haber unha rúa pola parte posterior da igrexa, precisamente hoxe estiveron con don Manuel para acabar co problema de entrar no terreo, precisamente para poder entrar por atrás e poder urbanizar ou peonalizar todo ese marco.

Quere dicir que as cousas levan o seu tempo. Entenden e recollen a idea e están niso, pero hai uns orzamentos, unhas formas, e non dá para todo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo

Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Aprobación, se procede, do proxecto “Renovación do emisario da rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muíño Vello, Cambre”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do 27 de xaneiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (IN519B), publicada no DOG número 35 do 20 de febreiro de 2017.

Logo de ver que pola enxeñeira técnica de obras públicas Municipal, elaborouse o proxecto denominado “Renovación do emisario de rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muíño Vello, Cambre”, cun importe total de 189.911,27 €.

Logo de ver que o Sr. concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente ditou a resolución número 399 de data 14 de marzo de 2017 mediante a que se solicita unha subvención por importe de 120.000,00 € para a execución do proxecto denominado “Renovación do emisario de rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muíño Vello, Cambre”.

Considerando que segundo o disposto no artigo 13.4 da Orde do 27 de xaneiro referenciada anteriormente, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, que se contará a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación solicitudes; e que de acordo co establecido no artigo 19 da Orde, para cobrar a subvención os concellos beneficiarios terán ata o 31 de outubro de 2017 para presentar a documentación xustificativa da subvención.

Tendo en conta os prazos anteditos, e que de resultar o Concello de Cambre beneficiario desta subvención, no caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria esgote o prazo máximo para resolver, disporá de tan só dous meses para contratar, executar e xustificar a obra, interesa axilizar a realización dos trámites que se podan xestionar antes de que pola Xunta de Galicia se conceda a achega solicitada, para gañar tempo de cara a contratación, execución e xustificación da obra.

Tendo en conta que un dos requisitos necesarios para proceder á contratación é a aprobación do proxecto polo Pleno ao non estar o mesmo, previsto no rozamento do exercicio actual, todo elo conforme ao disposto no artigo 22.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, podendo realizarse este trámite sen necesidade de esperar a que se resolva sobre a concesión ou non da achega solicitada polo Concello.

Á vista do informe proposta emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 15 de marzo de 2017.

En base ao anterior, e de acordo coa resolución de Alcaldía número 1841 de data 18 de novembro de 2016, elévase ao Pleno, para a súa aprobación se procede a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Renovación do emisario da rede de saneamento do polígono industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muíño Vello, Cambre”, redactado pola enxeñeira técnica de obra públicas municipal, cun orzamento total de 189.911,27 €.

Segundo: Notificar ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que esta é unha vella reivindicación da xente da Gándara, que sempre que hai inundacións ou choivas excesivas sempre hai problemas coa auga. Polo tanto, van ver se fan unha primeira fase, que está combinada con outra subvención que está pedindo tamén Oleiros e que está pedindo Sada ao mesmo tempo. Agarda que llea dean.

Continúa dicindo que hai un compromiso, cre que ademais público por parte do Sr. Rivas de, se pode, tamén axudalos nesta cuestión. Agarda que lles dean esta subvención para o ano que vén volver pedir a mesma e rematar o tramo ata chegar á Marisqueira.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.9. Aprobación, se procede, do proxecto “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, polígono industrial do Espírito Santo, Cambre”

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 15 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do 27 de xaneiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (IN519B), publicada no DOG número 35 do 20 de febreiro de 2017.

Logo de ver que pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, elaborouse o proxecto denominado “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. Espírito Santo, Cambre”, cun importe total de 134.666,65€.

Logo de ver que o Sr. concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente ditou a resolución número 401 de data 14 de marzo de 2017 mediante a que se solicita unha subvención por importe de 107.733,32 € para a execución do proxecto denominado “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. Espírito Santo, Cambre”.

Considerando que segundo o disposto no artigo 13.4 da Orde do 27 de xaneiro referenciada anteriormente, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, que se contará a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación solicitudes; e que de acordo co establecido no artigo 19 da Orde, para cobrar a subvención os concellos beneficiarios terán ata o 31 de outubro de 2017 para presentar a documentación xustificativa da subvención.

Tendo en conta os prazos anteditos, e que de resultar o Concello de Cambre beneficiario desta subvención, no caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria esgote o prazo máximo para resolver, disporá de

tan só dous meses para contratar, executar e xustificar a obra, interesa axilizar a realización dos trámites que se podan xestionar antes de que pola Xunta de Galicia se conceda a achega solicitada, para gañar tempo de cara a contratación, execución e xustificación da obra.

Tendo en conta que un dos requisitos necesarios para proceder á contratación é a aprobación do proxecto polo Pleno ao non estar o mesmo, previsto no rozamento do exercicio actual, todo elo conforme ao disposto no artigo 22.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, podendo realizarse este trámite sen necesidade de esperar a que se resolva sobre a concesión ou non da achega solicitada polo Concello,

Á vista do informe proposta emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 15 de marzo de 2017,

En base ao anterior, e de acordo coa resolución de Alcaldía número 1841 de data 18 de novembro de 2016, elévase ao Pleno, para a súa aprobación se procede a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. do Espírito Santo, Cambre”, redactado pola enxeñeira técnica de obra públicas municipal, cun orzamento total de 134.666,65 €.

Segundo: Notificar ao departamento de Secretaría-Contratación e á Sección de Servizos para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que esta tamén é unha reivindicación bastante antiga respecto do polígono de Espírito Santo, que está un pouco abandonado. Son unhas rúas que hai que asfaltar e que teñen que urbanizar, entón é necesario facelo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.10. Proposta de solicitude á Xunta de Galicia de execución da obra itinerario peonil e ciclista na AC-214 A Xira, Cambre, e cesión dos terreos necesarios para tal fin

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 17 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Exposición de motivos

Por parte da Consellería de Infraestruturas estase elaborando o proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC-214 A Xira-Cambre, téndose requirido ao Concello de Cambre a colaboración para a cesión dos terreos afectados pola execución da dita obra.

Unha vez levadas a cabo as xestións oportunas cos propietarios afectados, pola entidade por Acuatea Técnicas Aplicadas S.l.p., elaborouse un documento, rexistrado de entrada ao núm. 0/2225, o 17 de marzo de 2017, que contén:

- 1.- Informe de situación das parcelas con numeración dos terreos (un total de 29) constando de forma expresa a cesión, no seu caso (un total de 27).
- 2.- Planos parcelarios con identificación da superficie afectada pola obra.
- 3.- Documentos de cesión relativos a cada un dos terreos afectados.
 - 3.1. Acta asinada polo propietario afectado e polo señor alcalde, na que se fai constar a conformidade coa execución do proxecto e a cesión ao Concello de Cambre dos metros cadrados de parcela afectados e condicións acordadas.
 - 3.2. Anexo con condicións de cesión.
 - 3.3. Documento gráfico con identificación da parcela e a superficie de cesión.

Tendo en conta canto antecede, propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Solicitar á Xunta de Galicia que leve a cabo a execución da obra consistente nun itinerario peonil e ciclista na AC-214 A Xira-Cambre.

Segundo: Aprobar o documento elaborado por Acuatea Técnicas Aplicadas S.l.p., co contido que quedou reflectido na exposición de motivos.

Terceiro: Ceder á Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción da obra tal e como consta nas actas asinadas con cada propietario afectado e nas condicións que consten en cada caso."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que aquí hai un proxecto feito para as beirarrúas na Xira. Por parte do concello fíxose unha xestión para conseguir a cesión gratuíta dos terreos. Os cartos que estaban destinados a esa expropiación puxéronse en melloras da obra. Agora o que se trata é de que o concello colla esas cesións e llelas transmita á Xunta para que eles rematen o proxecto, rematen a actuación e se poñan a construíla.

Iso é do que se trata aquí, de coller as cesións, aprobalas por este pleno, e levalas á Xunta para que eles as recollan e executen.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.11. Proposta de designación de representante municipal na Comisión de Escolarización curso 2017/2018

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 3/466, o día 03 de marzo de 2017 procedente da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que se solicita a designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da comisión de escolarización do concello de Cambre do vindeiro curso 2017-2018, isto para os efectos de dar cumprimento ao regulado no artigo 16.d) do Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Con base no exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na comisión de escolarización, curso 2017-2018, a dona M^a Jesús Gómez González.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que se trata de designar, como sempre se fixo, a representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización. Neste caso a dona M^a Jesús Gómez González, xa que a concelleira de Educación sempre foi a que se designou para esta comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.12. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre para o ano 2017

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade de data 15 de marzo de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos – humanos e coherencia nas programacións.

Dende hai anos asínase polo concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais ven colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

A cantidade que se vai destinar á convocatoria de bolsas para o ano 2017 é de 12.000,00 euros, incrementando en 2.000 euros os orzamentos do ano 2016 coa intención de ofrecer maior cobertura aos bolseiros e aos seus proxectos deportivos. Consecuentemente elevase o límite máximo por bolseiro de 1.200 a 1.400 euros.

Este ano, novamente, preténdese por esta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deportes de nivel en Cambre, para o cal se pretende a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2017, que se relacionan a continuación, así como a súa convocatoria:

BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2017

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 12.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017/341/48910, cun límite máximo por bolseiro de 1.400,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación, salvamento e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroadado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, pola persoa interesada deportista de nivel ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2016, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial deberá vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2017, no que se incluíra necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións ás que se asistiu e se pretende asistir no 2017, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2017. Para a realización da compulsa será preciso presentar o orixinal da mesma no momento de realizar a solicitude.
5. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
6. Certificado de núm. IBAN da conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, no seu caso, tal e como establece o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

Incorporarase de oficio ao expediente o volante de empadramento no que conste a data de alta.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude, previa resolución que haberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

D- Prazo de solicitude:

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da Provincia*, a través da BDNS, e rematará o 22 de maio de 2017

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorran algún dos seguintes supostos, sempre e cando non se concederan as bolsas:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

E- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

- Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría: Secretaría xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:
Concelleiro delegado de Deportes
Interventor do concello ou funcionario en quen delegue
Persoal da concellaría de Deportes

F- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máximo de competición:
 - 11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico
 - 7,77 puntos campionato de Europa
 - 3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:
 - 11,66 puntos senior
 - 7,77 puntos xuvenil/junior (previo a senior) /veterano
 - 3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:
 - 11,66 puntos por asistencia a 10 ou máis probas federadas
 - 7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
 - 3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.

Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2016 segundo a publicación do Consello Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación se lle outorgaran 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo /Olimpíada /Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/ Olimpíada/ Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato /copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2017. Ao deportista con maior achega económica se lle outorgarán 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas de outras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

G- Obrigas do beneficiario:

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos.
- Certificación orixinal da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
 - Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
 - Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
 - Cando o gasto xustificativo se presente a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2017. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos. É dicir, non se terán en consideración como gastos validamente xustificadas os importe das facturas nas que non conste desagregación adecuada dos produtos adquiridos e o prezo unitario de cada un deles, e nos que non sexa identificable a súa natureza e vinculación ao proxecto deportivo. No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá estenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión/promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

H- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas ditarase polo concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Mobilidade nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no

taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

I- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado G.3. das presentes bases.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 15 de outubro de 2017.

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellería de Cultura, Deportes e Mobilidade valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao Alcalde ou concelleiro delegado, no seu caso, que ditará resolución ao respecto.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Cultura, Deportes e Mobilidade

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a achega municipal de forma proporcional.

L- Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto, e publicados no Portal de Transparencia para os efectos do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.»

Segundo: Aprobar o gasto por importe de doce mil euros (12.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2017 341 48907 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2017, que se relacionan a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

**« FORMULARIO DE SOLICITUDE
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE 2017**

DATOS INTERESADO

Nome: _____ NIF: _____
Idade: _____ Enderezo: _____ CP: _____
Tlf.: _____ Correo-electrónico: _____

DATOS REPRESENTANTE

Nome: _____ NIF: _____
Enderezo: _____ Código postal: _____ Municipio: _____
Tlf.: _____ Correo- electrónico: _____

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva:
Licenza Federativa nº:
Categoría:
Club ao que pertence:
Enderezo do club:

Cambre, ___ de _____ de 2017

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2017**
- Certificación de datos bancarios**

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante estea ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na tramitación do expediente.

- Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente).

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS

Licenzas :
Materias :
Desprazamentos :
Outros :

INGRESOS

Achega propia :
Achega Club :
Achega Federación :
Bolsa Concello :
Outras bolsas :
Patrocinadores :

TOTAL: TOTAL:

Cambre, ___ de _____ de 2017.

Asdo.: _____

Don/ dona _____, con DNI _____,
de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano
2017, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición
de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___ de _____ de 2017.

Asdo.: _____ »



**« FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN
BOLSAS PARA DEPORTISTAS DE NIVEL DO CONCELLO DE CAMBRE 2017**

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. mobil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado G.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. , do de 2017), e para o abonamento da bolsa concedida.

Cambre, ___ de _____ de 2017

Asinado:

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

Sr. Alcalde do Concello de Cambre

	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6

MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2017, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como adestramentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria e xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)



D./ Dña. _____ con DNI: _____

como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2017,

DECLARO:

1.- Que para o 2017 obtiven unha bolsa (subvención) do concello de Cambre, por importe de _____ euros

2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes axudas ou subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración. En _____, a ____ de _____ 2017.

Asinado: _____



Don/ dona _____, con DNI _____
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2017, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ____ de _____ de 2017.

Asinado: _____

»

Cuarto: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlle publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 23 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, explica que en ausencia, por motivos persoais, do seu compañeiro don Brais Cubeiro, vai explicar a proposta de maneira sucinta. Basicamente no referido a esta partida xa se explicou de maneira prolixa na documentación os seus aspectos en detalle.

Destacar unicamente que pasa de 10.000 a 12.000 euros, que é unha suba importante e necesaria, pero ben, tamén fan autocrítica de que non descubriron o Mediterráneo. Doce mil euros foi unha contía que xa tivo esta partida en exercicios anteriores, que agora felizmente se recupera e, loxicamente, o reto que teñen é en exercicios sucesivos poder aumentala, polo que entenden que ten de favorecedor da inclusión social, de xustiza, da igualdade de oportunidades.

Conclúe dicindo que, dende ese punto de vista, animan ao voto favorable da Corporación.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, expón que estas bolsas veñen concedéndose en Cambre dende hai máis de 10 anos. Son programas que teñen unha grande aceptación, e que, ademais, facultan para que os deportistas de Cambre teñan unhas axudas para poder desprazarse, ou para outros gastos necesarios. Así pois, o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que dende o seu grupo celebran que a través desta partida os deportistas máis punteiros do concello reciban un pequeno incentivo por parte do pobo de Cambre e agardan que a subida que se contempla este ano non signifique que os mesmos reciben máis, senón que máis xente solicita máis axudas, o que indicaría un crecemento da excelencia no deporte que este concello vén ostentando dende hai anos.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.13. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O señor alcalde indica que hai unha moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON, que ten que xustificar a urxencia que despois votará a Corporación.

A dita moción foi rexistrada de entrada ao núm. 999/070 o día 24 de marzo de 2017.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, expón que tal e como recolle o artigo 115.1 c) deben xustificar a urxencia desta moción. Di que presentan unha moción que ten como obxecto outorgar o nome de Rafael Báez Vázquez a unha futura vía pública, rúa, praza, parque ou similar nun lugar destacado do concello, na súa memoria.

Explica que a urxencia na presentación desta moción vén xustificada porque sendo veciño de Cambre, concellos como o da Coruña, Oleiros, Ferrol, Fene, Ares, Pontedeume e Narón, así como diversos colectivos cidadáns, xa teñen feito recoñecementos institucionais á súa memoria, de feito o pasado 9 de marzo fíxoselle unha homenaxe na Coruña, moi emotiva, con ocasión da súa obra inédita, escrita dende a cadea, 'Poemas del 10 de marzo'.

Entenden que a urxencia da presentación desta moción a debate e votación do pleno queda máis que xustificada porque é veciño do Concello de Cambre e por ter máis que merecido recoñecemento da súa traxectoria como avogado laboralista e loitador polos dereitos de tantos e tantas traballadores e traballadoras. Tamén lembra que foi concelleiro de Urbanismo na Coruña, polo Partido Comunista, no goberno de Domingos Merino, e impulsor do primeiro plan xeral de ordenación municipal da Coruña.

Gustaríalle lembrar que o lema da campaña nas eleccións municipais do 79 era “honestidade, eficacia e transparencia”. Coida que calquera dos que a día de hoxe se dedican a este complexo mundo da política deberían ter eses valores como principais nas súas carreiras, e sobre todo tendo en conta que veñen dun veciño de Cambre.

Continúa dicindo que a urxencia vén precisamente por iso, porque outros concellos xa llo recoñeceron e Cambre non debería quedarse atrás no recoñecemento dese veciño.

Son coñecedores, si é certo, que están pendentes da modificación no Concello de Cambre da ordenanza que dará soporte a este tipo de iniciativas, pero entenden que con independencia desa modificación o recoñecemento a Rafael Bárez debe ser aprobado e sometido a debate e votación canto antes, para que no momento en que a ordenanza o permita lle sexa dado en Cambre un lugar tal e como merece.

Conclúe dicindo que por eses motivos cren que está máis que xustificada a urxencia da proposta e a someten a súa consideración.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que falando cos grupos implicados neste tema, dende o Goberno entenden, sen entrar a debater os méritos de Rafael Bárez, por suposto, que os ten máis que sobrados, que deben cumprir co compromiso de todos os voceiros de tratar o Regulamento especial de honores na próxima xunta de voceiros, que sería no mes de abril. Cre lembrar que ese foi o acordo que tiveron todos os voceiros, e por iso lle pide que a retiren, porque senón o seu grupo vai votar non á urxencia, debido a que deben cumprir cos compromisos que adquiriron na anterior xunta de voceiros. Prégalle que a retiren.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que entenden a motivación. Di que a eles ocorréuselles o camiño do medio, que é non sometela a debate e votación, pero que se lles permita lela.

O señor alcalde contesta que o sente, pero que primeiro habería que votala para poder lela, e se a votación sae en contra non se pode ler.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que efectivamente o señor alcalde ten razón. Di que esta proposta lle sorprende, e sorpréndelle porque o PP presentou unha moción hai uns meses para poñerlle o nome dunha rúa a unha ilustre e singular veciña de Cambre que foi María Pita, e teñen pendente de traer esa moción a pleno porque se lles pediu que a retiraran para modificar o Regulamento de honores.

E di que lle sorprende porque precisamente o concelleiro de ACdC-SON estivo na xunta de voceiros na que se tratou este tema, e ante unha proposta que fixo a concelleira de Ciudadanos sabe que quedaron de debater todo isto na vindeira xunta de voceiros. Por iso sorpréndelle que polo medio presenten esta moción. El dende logo non atopa xustificada a urxencia, dado que o PP ten unha moción presentada hai máis de tres meses, agardando que se modifique o regulamento. Por ese motivo, loxicamente, van votar en contra da urxencia.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que o único que cambiou dende esa xunta de voceiros é simplemente que os familiares están aquí ata o venres, que marchan para Nicaragua, onde non se lles pode trasladar de forma efectiva este tema, nin poden sequera achegarse ao concello a dar as grazas, se así o consideraran oportuno.

O señor alcalde indica que senten a présa e que teñan que marchar, pero en realidade os acordos son os acordos que adoptaron, e é verdade que o PP retirou, cre que foi xa hai dous plenos, unha moción para

poñerlle unha rúa a María Pita, polo tanto, o equipo de goberno cre que tamén debe votar non á urxencia, e non se poderá ler a moción, sentíndoo moito.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que se conforman con que conste en acta. Sendo xustos é certo que acordaron que iso ía ser así, é hai que cumprir, pero tiñan a obriga coa familia e con aquelas persoas que llelo solicitaron, e eles encantados de trasladar a moción ao concello, e deixar constancia, que así vai ser na acta deste pleno, que efectivamente teñen este tema pendente.

Conclúe dicindo que por respecto ao resto dos grupos, retiran a moción, non hai ningún tipo de problema en facelo e agradecen o talante. Xa di que querían que constara en acta que están con este tema e, en canto se aprrobe a ordenanza van seguir con isto adiante.

O señor alcalde indica que, en todo caso, na explicación da urxencia quedou bastante clara a proposta.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Vista a proposta de declaración institucional remitida pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) que consta do seguinte teor literal:

“Visto que o 9 de marzo, instituído polo Congreso dos Deputados dende 2010 como o Día das persoas desaparecidas sen causa aparente, o Concello de Cambre declara:

- A nosa solidariedade incondicional cos familiares atezados pola angustia e a incerteza de non saber onde nin por que desapareceu algún dos seus familiares.
- O noso compromiso activo materializado na posta en marcha de todos os recursos posibles do noso ámbito administrativo (Protección Civil, Policía Local, Servizos Sociais) en estreita coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- O noso chamamento aos medios de comunicación e á cidadanía a sumar os seus esforzos nunha colaboración que permita dar unha resposta inmediata, especialmente nos casos de menores e persoas maiores ou con enfermidades mentais; así como prestar un sólido e continuado acompañamento aos familiares que os buscan.

A experiencia vén a confirmar que a absoluta maioría das desaparicións denunciadas en España ano tras ano responde a causas alleas ao lexítimo libre albedrío das persoas. Por isto, a súa busca, lonxe de cuestionar a súa liberdade, é unha man tendida fronte ás circunstancias forzosas de moi diversa índole.

A solidariedade ben entendida supón a reivindicación do dereito a saber das familias sobre o paradiro dos seus seres queridos, unido ao máis absoluto respecto á liberdade individual de toda persoa a decidir sobre a súa vida.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 23 de marzo de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez), a

concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, o señor alcalde informa ao voceiro do PP que se quere logo lle dá a copia do último proxecto do campo de fútbol, onde se di textualmente que non se inclúe a instalación do cableado nin os focos, directamente. Agora lles pasará as fotocopias a todos. Explica que mandou a buscar o proxecto á oficina.

Ante as palabras do Sr. Rivas, dille que nalgún proxecto había algunha modificación, pero o que lle está dicindo é que este é o proxecto ao que o Goberno se refería antes, polo tanto aí está. Non sabe máis, se quere logo o ven, simplemente lle está dicindo que non está en toda a posesión da verdade para dicir que no Goberno menten alegremente. Non é así.

3.2. Mocions dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo GM (C's). Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, as tres concelleiras presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única: Moción do GM (C's) para instar ao Goberno Central a modificar a Lei de facendas locais en consonancia co exposto polo Tribunal Constitucional na súa resolución do 16 de febreiro de 2017

Rexistrada de entrada ao núm. 999/065, o día 21 de marzo de 2017. Consta do seguinte teor literal:

“O 16 de febreiro de 2017, o Tribunal Constitucional ten resolto a cuestión de inconstitucionalidade núm. 1012/2015 promovida por un xuíz do contencioso de Guipúscoa sobre os artigos 4.1, 4.2 a) e 7.4 da Norma Foral 16/1989, que regula o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, a plusvalía municipal.

Os ditos preceptos, basicamente iguais aos recollidos na Lei de Facendas locais e na nosa ordenanza reguladora que regulan o dito gravame, teñen sido declarados inconstitucionais e nulos na medida en que someten a tributación situacións de inexistencias de incrementos de valor.

A dita resolución pon de manifesto a inadecuada regulación dun imposto cuxa esixencia é potestativa, e que ten obrigado a numerosos contribuíntes a facer fronte ao pago de impostos cando non tiñan obtido ningún beneficio/plusvalía na transmisión de bens inmoables na nosa localidade.

Xa fora motivada por unha elección persoal, por froito da necesidade ou unha imposición legal, como foron os supostos de execución hipotecaria, resulta claramente inxusto o seu cobro ao contribuínte naqueles casos de perda patrimonial.

A Ordenanza fiscal núm. 5 do Concello de Cambre, reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, basea o cobro da plusvalía municipal nos mesmos criterios recollidos na Lei de facendas locais postos en entredito polo TC: valor catastral e anos transcorridos dende a adquisición ata a venda.

Faise necesario, polo tanto, que o Pleno do Concello de Cambre arbitre con carácter urxente medidas que, dentro das competencias das administracións locais, faciliten a reclamación co fin de reparar a aqueles que teñan feito fronte ao gravame, cando non debían de ter tido obriga.

Con este obxectivo o grupo municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía incluído no Grupo Mixto, propón ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

Primeiro: Instar ao Goberno Central a modificar a Lei de facendas locais en consonancia co exposto polo Tribunal Constitucional na súa resolución do 16 de febreiro de 2017.

Segundo: Instar ao Goberno municipal a que, unha vez sexa modificada a Lei de facendas locais, adapte a ordenanza municipal núm. 5, para que o cobro da plusvalía municipal se axuste á capacidade económica real do contribuínte.

Terceiro: Instar ao Goberno municipal a estudar a posible devolución do cobrado inxustamente a aqueles contribuíntes que non obtivesen plusvalías coa transmisión de inmobles situados no termo municipal de Cambre, así como arbitrar as medidas necesarias mediante as cales os afectados poidan reclamar as cantidades satisfeitas en concepto de imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana nos casos nos que non se produciu tal incremento.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que é evidente que unha decisión do Tribunal Constitucional tira por terra todo o que está regulado nese sentido na Lei de facendas locais, e o fai, ao seu parecer, cun criterio de xustiza bastante adecuado. Polo tanto, subscriben a moción no seu contido básico.

Non obstante, polo que se refire aos acordos aos que se pretende chegar na moción, teñen dúas puntualizacións que facer, sobre todo no primeiro punto que fala de instar ao Goberno Central a modificar a Lei de facendas locais en consonancia co exposto polo TC na súa resolución do 16 de febreiro de 2017. Expón que unha resolución do TC é de obrigado cumprimento para calquera Goberno. Xa de por si, e só pola existencia da sentenza, o Goberno ten a obriga de adaptar a lexislación ao que establece o TC.

Paralelamente a iso, unha vez que o Goberno modifique a Lei de facendas locais, as corporacións locais tería, á súa vez, a conseguinte obriga de modificar as súas ordenanzas para adaptalas á nova lei. Polo tanto, xa dixo que están totalmente a favor do contido da moción, pero cren que os dous primeiros puntos deberían suprimirse do texto, por ser obvios.

Conclúe rogando a Ciudadanos, para que o voto do PP sexa favorable, que elimine as dúas primeiras consideracións, dado que xa son de obrigado cumprimento.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que efectivamente iso é así, polo que poden seguir mantendo eses dous puntos, dá igual. O que eles non entenden é o punto terceiro, instar ao Goberno municipal a estudar a posible devolución do cobrado inxustamente. Di que habería que dilucidar esa cuestión, porque normalmente as normativas non teñen efectos retroactivos. Prodúcense as sentenzas, pero esas sentenzas ou recollen un efecto retroactivo ou non se pode empezar a solicitar a instancia delas a devolución por parte do Goberno.

Despois haberá que ver en que casos, porque cada caso é distinto. É dicir, no tema da devolución das plusvalías hai que comprobar primeiro que efectivamente non houbo plusvalía, que é o que di o Tribunal Constitucional.

Explica que isto vén porque houbo un momento de crecemento ilusorio, todo o mundo crecía, e logo chegou un momento en que non se creceu máis e realmente se comezou a retroceder. Todas as regulacións e normativas foron feitas para ese momento de crecemento, co cal as fórmulas de aplicación estaban fixadas con base nese crecemento. Cando decreceron, produciuse un baleiro legal e produciuse un baleiro entre o que crece e non crece.

Con isto quere dicir que cada caso tería que ser estudado no seu momento, polo tanto, o seu grupo non pode estar de acordo co terceiro punto da proposta. Non poden estudar as formas de devolución se antes non ven cales son as consecuencias que iso ten sobre o tema municipal e, sobre todo, se iso é retroactivo ou non o é. Polo tanto, ese punto non poden aceptalo.

En canto aos outros dous, como ben dixo a concelleira popular, poden mandalo como un simple sentimento ou apoio, cun mero efecto tácito.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González, voceira suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo, se retiran o punto terceiro, polo mesmo que acaba de comentar o anterior voceiro, votarían a favor.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que hai que puntualizar varias cousas. En primeiro lugar hai que lembrar que con data 30 de outubro de 2014 quedou aprobada unha moción, por unanimidade da Corporación daquel momento, dos que a día de hoxe cre que hai oito persoas aquí, que acordaba solicitar os informes técnicos necesarios para modificar todas as ordenanzas fiscais afectadas naquel momento polo “catastrazo”, que eran IBI e plusvalía, entre outras. Iso está pendente. Tamén se acordara que unha vez emitidos os ditos informes se convocaría unha sesión extraordinaria da Comisión de Facenda para estudar e ditaminar a posible modificación de IBI e plusvalía. Isto simplemente a modo de recordatorio.

É absolutamente xusta a petición de que unha persoa que perde diñeiro vendendo un inmovible, por riba non teña que pagar un imposto que castigue esa perda de capacidade adquisitiva, e cre que ata aí están todos de acordo, porque o que non é normal é que por riba teñan que pagar unha plusvalía que non existe, porque non hai máis valía da que tiña cando comprou ese inmovible.

Pero dito isto, e en relación co que se está dicindo aquí, de recibo é a campaña que Ciudadanos está facendo autooutorgándose o mérito da loita pola devolución da plusvalía cobrada indebidamente, cando o que están facendo é subirse a un carro que leva moitísimo tempo de loita por outros partidos e colectivos.

Esa posibilidade da devolución e de non cobrar unha plusvalía cando non se xera, é exclusivamente porque o Tribunal Constitucional acaba de declarar inconstitucional a norma foral que regula o imposto da plusvalía en Guipúscoa, que ten unha lei que é exactamente igual que a estatal. E, en relación co que dicía a concelleira do PP, por ese motivo, ese pronunciamento do Tribunal Constitucional vai obrigar, si ou si, é dicir, se presente unha moción por parte de Ciudadanos en todos os concellos ou non se presente, vai obrigar si ou si, afortunadamente, a unha modificación da normativa nacional.

Di que isto coñécese como oportunidade política, ou como roubar melóns, eu os semento e outros os rouban, pois ben, xa está, aquí cada un fai política como lle parece. Antes de que chegara Ciudadanos ao panorama político xa había múltiples sentenzas en diferentes xulgados e tribunais de distintas comunidades autónomas que determinaban que se na transmisión dun inmovible non houbo a prol do contribuínte un incremento do prezo, non se daba o presuposto fixado pola Lei de facendas locais para que se teña dereito a percibir o tributo.

Entón, como poden ver hai moitísimo traballo feito antes de que chegara Ciudadanos co cupón premiado. Foi o xulgado do contencioso de San Sebastián, un de tantos, o que cuestionou perante o propio Tribunal Constitucional o feito de que se pague un imposto cando se está perdendo diñeiro na venda. E resulta que, por se non o sabe, o artigo que se ve afectado por esa situación é o artigo 31 da Constitución, que di que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, e iso o garante a Constitución, agás que lle diga que o artigo 31 da Constitución o redactou Albert Rivera.

Continúa dicindo que foi ese xulgado o que presentou a cuestión de inconstitucionalidade ante o TC. Polo tanto, esta moción non ten ningún tipo de sentido. O punto un, como dicía a concelleira do PP, no que se insta ao Goberno Central a modificar a Lei de facendas locais en consonancia co exposto polo TC na súa resolución do 16 de febreiro de 2017, é que o Concello de Cambre non ten por que instar ao Goberno Central a facer algo que obrigatoriamente ten que facer.

Di que iso queda moi bonito nunha nota de prensa, ou se lle contan aos veciños que grazas a Ciudadanos se vai devolver ou non se vai pagar a plusvalía cando non corresponde, pero a realidade é que se aprobe ou non se aprobe esta especie de moción, o Concello de Cambre non ten que instar a nada, iso vaise modificar si ou si, pero porque o di o TC, non porque o di Ciudadanos nin Albert Rivera.

Respecto do punto dous, no que se fala de instar ao Goberno municipal a que unha vez sexa modificada a Lei de facendas locais adapte a ordenanza municipal. Di que só faltaría. Como se modifique a Lei de facendas locais e o Concello de Cambre non adapte a ordenanza municipal, teñen un grave problema no Concello de Cambre, porque hai que actualizala, si ou si, que é o que tamén acaba de dicir a concelleira popular.

En canto ao punto tres, no que se insta ao Goberno municipal a estudar a posible devolución do cobrado inxustamente a aqueles contribuíntes que non obtiveran plusvalías, coidado coa frase, na transmisión de inmobles situados no termo municipal de Cambre. Ela o que se pregunta é como estudar iso, é dicir, que fórmula se lle dá a ese estudo. Teñen que ser un pouco serios, e se aproban acordos e aproban mocións, teñen que ter, entende, un mínimo de forma e de capacidade de poder collelo por algún sitio.

Tamén se di na moción que hai que arbitrar as medidas necesarias mediante as cales os afectados poidan reclamar as cantidades satisfeitas. Pois ben, os afectados poden reclamar as cantidades se arbitre ou non se arbitre, porque son dereitos constitucionais. Dende o momento en que o TC ditou sentenza, ela non ten que pagar por unha plusvalía que non percibe, e xa pode o Concello de Cambre poñerse como queira. Ela chega ao Concello de Cambre e reclama, e o Concello de Cambre ten a obriga de atender esa reclamación.

Pregunta como o concello vai arbitrar as medidas necesarias para que ela poida reclamar. Arbitre ou non arbitre ela chega aquí coa súa reclamación e a presenta, porque dálle soporte o TC.

Polo tanto, ela o que pediría, con toda a boa intención a Ciudadanos, é que estude un pouco máis antes de traer mocións de aprobar por aprobar, porque ningunha destas medidas teñen ningún tipo de operatividade real, xa que as primeiras vanse cumprir porque si, por lei, e a terceira ela pode entender que nun momento determinado se queira ..., pero o que quere deixar claro é que non é que ACdC-SON vote en contra ou vote a prol, é que non están ben redactados os acordos.

Cre que todos están de acordo en que se non gañan diñeiro na venda dun piso, non poden pagar unha plusvalía. Aí non hai discusión, pero pídelle á concelleira de C's que redacte e presente un terceiro punto que lles permita dicir que lle van garantir a un veciño, nun momento determinado, algo que ese veciño non teña garantido xa de por si. Conclúe pedindo a intervención da poñente para ver se lles pode dar resposta a todas estas solicitudes.

Concedida a palabra ao señor interventor informa que, previamente a que se adopte o acordo e se vote, el como técnico na materia quere facer un par de puntualizacións. A primeira é no punto 2, cando se fala de que a plusvalía se axuste á capacidade económica real do contribuínte. Explica que a plusvalía é un imposto directo de carácter real, que non grava a capacidade económica do contribuínte, senón que grava o incremento que sufriu un ben de natureza urbana, neste caso o terreo. É dicir, é independente, agora mesmo non está regulada nese sentido. É dicir, pode ser que unha persoa con moitos bens, unha persoa rica cuns bens que xeren perdas, non teña que pagalo. Pola contra, unha persoa cunha capacidade económica baixa, que obtivo unha gran plusvalía pola venda do seu terreo, si terá que pagala. Explica que non se fala de

capacidade económica, a sentenza do Tribunal Constitución do 16 de febreiro fala, en todo caso, daquelas vendas en perda.

Outra cuestión é que aquí o que se grava é que non se teña producido a plusvalía no terreo, é dicir, alguén pode vender un piso en perdas, pero o terreo pode ter sufrido unha plusvalía, porque o que se grava é o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, non dos inmobles de natureza urbana, co cal as cousas se complican un pouco máis, porque están falando de que se pode vender un piso perdendo diñeiro, pero pode terse producido incremento no solo onde está situado o piso.

Explica que quixo facer estes matices á vista do acordo que se vai tomar, para que se tome un pouco máis axustado. Reitera que en ningún momento o Tribunal Constitucional se pronuncia sobre a capacidade económica do contribuínte, pronúnciase principalmente sobre se houbo unha diferenza, é dicir, véndese unha propiedade e hai que ver se ese terreo de natureza urbana se ten depreciado ou non sufriu incremento, en cuxo caso non se pode cobrar a plusvalía, e fálase do terreo, non se fala de pisos, etc. Se todos se fixan, cando lles cobran pola plusvalía non se lles cobra polo valor catastral do piso, senón polo do terreo de natureza urbana.

Conclúe dicindo que eses dous matices quería facelos á vista de que van tomar un acordo e quería que quedara claro.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que quere engadir unha cousa. A Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados, o pasado mércores, xusto un día despois de ter rexistrado Ciudadanos esta moción, aprobou instar ao Goberno da Nación a cambiar a Lei de facendas locais, como se pide no punto número 1, é iso aprobouse a petición de Ciudadanos na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados.

Di que os puntos 2 e 3 son consecuencia do primeiro. Esta é unha iniciativa lexislativa para cambiar a lei e que se deixe de cobrar un imposto que é confiscatorio, e que loxicamente é inxusto. O que se aprobou nesa Comisión de Facenda foi precisamente que Facenda comunique a información das depreciacións dos terreos aos afectados e aos concellos, e así facilitarlles o traballo.

Tamén se pide a devolución do imposto de compravenda de vivendas no caso de que non houbera plusvalía para garantir os seus dereitos, para que se arbitre ese procedemento e os contribuíntes non teñan que pasar un vía crucis acudindo masivamente aos tribunais.

Se instan ao Goberno estatal a que Facenda transmita esa información de cando se teñen producido esas depreciacións nas vendas, saberase o impacto orzamentario, ou sexa, facilitaríase o traballo aos concellos.

Que supón un caos para o concello, di que ben, que tamén supuxo un caos para aquel veciño que tivo que pagar inxustamente, porque non tivera unha plusvalía. Se hai que dotar de medios, entón pide que se dote. Noutros concellos tense aprobado.

Expón que ela descoñece os motivos polos que o resto de membros da Corporación se meteu en política, pero a verdade é que inxustizas como esta é polo que moita xente de a pé deu o paso de participar na política. Algunhas veces prodúcense este tipo de abusos por parte da Administración, e este é un deses moitos casos.

Continúa dicindo que, ben, a actitude que demostran parece que como sempre é a de que sexa o cidadán o que se amole e eles intentar arranxalo doutra maneira. Dilles que non hai que defender esa voracidade recadatoria dun imposto inxusto.

Dinlle que haberá que traballar máis. Pois si, precisamente por iso, para que ese imposto tan inxustamente cobrado, aínda que eles digan que esa non sería a palabra, pois para que non haxa que pagalo.

Respecto da posición do PSOE, que din que se retira o punto tres que votan a moción, pois a verdade é que non teñen criterio, e o mesmo lle di ao resto de partidos, porque teñen votado a prol en moitos outros concellos. Precisamente na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados votou a prol o PSOE, Unidos Podemos, Esquerda Republicana, PDeCAT e Compromís, coa abstención do PNV e o voto en contra do PP.

Expón que esta iniciativa o único que insta é a modificar de maneira urxente a regularización dese tributo, e apoiar ás administracións municipais para devolver as cantidades indebidamente cobradas. Pregunta se é tan difícil de entender. Non o sabe, pero se o resto dos grupos buscan ramificacións a ver como lle dan a volta a iso, para votar en contra e demais, dilles que a vontade se ve, e a vontade municipal debe de ser axudar ao contribuínte.

É máis, falando do voto do PSOE, que xa mencionou antes. Dilles que a iniciativa tamén recolle, por petición do PSOE, porque por riba e por petición do PSOE, que se sumou á iniciativa, a esixencia de acordar unha reforma da cota tributaria que reflecta dun modo máis fiel, e cita, o verdadeiro incremento de valor dos terreos. Di que de verdade, un aplauso, votan unha cousa na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados, e aquí votan a contraria.

Mentres non se modifique a Lei de facendas locais e mentres o concello siga cobrando aos veciños, que menos que dicirlles como poden comezar a reclamación, dicirlles se primeiro é en fase administrativa ante o concello e logo en fase xudicial, polo menos dicirlle á xente o que ten que facer, e cre que eses son os puntos que recolle a moción, se non queren votala, dende logo non é vontade de facilitarlle aos veciños as cousas, é vontade de facer contrapolítica. Dille aos presentes que eles verán.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe dille, en primeiro lugar, á concelleira de Ciudadanos que se ben na súa primeira intervención manifestaron que a moción non lles parecía de todo correcta, porque hai dous puntos que son totalmente obvios e de obrigado cumprimento, e se ben tiveron unha intervención bastante suave, porque creron, o creron de verdade, que esta moción a traía pensando nos veciños de Cambre e pensando nos cidadáns, e manifestaron que se ían abster, pois ben, unha vez oídas as manifestacións da voceira de Ciudadanos, evidentemente van cambiar o voto e van votar en contra, decididamente, porque esta é unha moción totalmente política, de publicidade do seu partido, tanto a nivel local como a nivel nacional, e vendo os puntos que piden, que nin sequera tiveron a molestia de estudar se realmente o que están pedindo é achegado á realidade, xa lles ten quedado clarísimo o fondo político e de publicidade do partido de Ciudadanos que ten esta moción, e o pouco interese que amosa pola situación real dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que, polo tanto, van cambiar o sentido do seu voto e van votar en contra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que, sen que sirva de precedente, van seguir as palabras da concelleira do PP e tamén de Asemblea Cidadá de Cambre, e tamén van votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Gómez González manifesta que non quere repetirse, pero que sendo así tamén votarán en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López expón que a Comisión de Facenda no Congreso non son os concelleiros de Cambre. A Comisión insta, efectivamente, ao Goberno a que cumpra e modifique a Lei de facendas locais, así que non diga que a Comisión de Facenda vota unha cousa e eles outra. Ela é unha concelleira dun concello e non é membro da Comisión de Facenda, que si son quen. O que lle está dicindo é que está mal formulada, que a súa moción está mal redactada e que os seus acordos son incorrectos.

Continúa dicindo que iso é o que lle están dicindo e a iso non contestou. Porque hai un problema grande, bastante grande, e é preparar as respostas antes de escoitar o que se di, e cando da casa se traen preparadas as respostas e non se escoita o que se está dicindo neste salón de plenos, pasa o que pasa, que se din cousas e pónense en boca de non se sabe quen, cousas que aquí non se pronunciaron.

Aquí en todo momento lle están dicindo que están totalmente de acordo con que o imposto, neste caso de plusvalía, necesita dunha revisión, e tanto é así que a invita a que cando teña un rato libre lea e relea a acta á que antes fixo referencia, de outubro do ano 2014, onde verá un debate encarnizado sobre a necesidade de modificar determinadas ordenanzas deste concello, porque falaba de vontade política, e a ela iso si que lle parece bastante mal, porque outra cousa non terán pero vontade haina e moita. E vontade política de modificar o imposto de plusvalías, entre outros, hai e houbo moita.

Di que isto non é algo exclusivo de Ciudadanos, que de súpeto chega e ten vontade de modificar un imposto. Hai moitas actas que acreditan que aquí se traballou moitísimo. Pídelle que non diga agora de súpeto que eles verán o que votan. Eles o que votan son mocións que se preparan, que se estudan, e que son absolutamente correctas, na súa forma e no seu fondo. E con incorreccións deste tipo non poden comulgar, por respecto aos veciños.

Porque se por respecto aos veciños de Cambre se presenta esta moción, se aproba, chega o veciño de Cambre ao día seguinte con ela na man e o que recibe é un portazo, será un portazo por culpa de Ciudadanos, e vaille explicar o porque. Ela chega con esta moción aprobada o día de mañá e di no concello que está aprobado que se vai estudar a devolución do que lle cobraron inxustamente, porque ela non obtivo plusvalías, e que segundo dixo Ciudadanos o concello vai arbitrar as medidas necesarias. Se lle len todo isto ao concelleiro que sexa responsable deste campo, non pasará nada, porque isto non se plasma absolutamente en nada.

Está é unha moción absolutamente baleira de contido, meramente populachera, meramente política e chea de incorreccións tan sumamente graves que non permiten a un grupo serio, como neste caso pode ser Asemblea Cidadá de Cambre, que trague con ese panfleto que lle traen para intentar chegar a nada, absolutamente a nada e a ningún tipo de medida concreta, para un tema tan serio como é o que lles ocupa.

Conclúe dicíndolle á concelleira de Ciudadanos que para o seguinte pleno prepare un pouquiño, lea, estude, consulte e traia algo que se poida coller, non con pinzas, que se poida coller e que se poida trasladar aos veciños de Cambre con total seriedade.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo expón que o punto número 3 fala claramente de arbitrar as medidas necesarias mediante as cales os afectados poidan reclamar. Pregunta se orientar a alguén en como pode reclamar é unha medida tan ilóxica no concello. Dixéronlle primeiro que están de acordo co punto número 1. O señor interventor fixo unha obxección no punto número 2, e dinlle que o punto número 3 é onde ven que hai un erro de exposición, e aínda que si están de acordo, votan en contra.

Manifesta que ela non pode dicir que está de acordo nunha cousa e votar a contraria, escusándose en que hai un detalle técnico na redacción.

Trátase de orientar aos veciños a reclamar e dar os pasos ben dados, dende o principio. Primeiro é instar ao Goberno a que cambie a Lei de facendas locais, e despois será o concello quen tome as medidas necesarias. Pregunta se iso é algo tan complicado.

Respecto da intervención da señora Santos dille que está sempre, pleno tras pleno, pleno tras pleno, intentando que Ciudadanos a axude a retratarse, e de verdade que non o vai facer, non vai entrar no seu

xogo, non se vai poñer ao seu nivel, porque a voceira de ACdC retrátase soa de marabilla, de verdade que o fai perfectamente, non a vai axudar a retratarse.

Se non queren votar isto porque politicamente queren dicir que non, pídelles que claramente lle digan que non, porque non lles convén, pero é de xulgado de garda que se un veciño pagou unha plusvalía, cando realmente non a obtivo, e cando tivo unha diminución, polo menos que mentres o Estado non lexisle que o concello poña a boa intención de explicarlle que medidas e que pode facer para reclamar esas cantidades satisfeitas que nunca tiña que ter pagado.

Conclúe dicindo que están facendo caso omiso a esa sentenza do TC, e eles verán. Seguramente que se a trouxera outro partido, ao mellor non era así, non o sabe. O caso é que non están votando contra a moción de Ciudadanos, están votando contra axudar a aqueles veciños que inxustamente tiveron que aboar ese imposto confiscatorio que non deberían ter pagado, e que poidan ter medidas.

Simplemente se trata de que poidan establecer medidas, ninguén está dicindo que se devolva o diñeiro xa, que mañá veña aquí a xente e que se lle devolva o diñeiro, non. Están axudando a un proceso de reclamación para cando o Goberno central lexisle como ten que lexislar.

Conclúe dicindo que ela entende o voto en contra do PP, o entende perfectamente. Na Comisión de Facenda do Congreso votaron en contra, e entende que agora voten en contra. Agora ben, os demais partidos a verdade é que non se entende que voten unha cousa nun sitio e voten outra noutro. Se non queren neste caso que a xente saiba como dar os pasos legais, dilles que eles verán o que fan.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que o que se está votando é a moción, non a intención que ela poida expresar. UxC, partido ao que el representa, non está no Congreso dos Deputados, e van votar en contra.

Di que el pediríalle que a retirase. Non é só unha parte do espectro político que está aquí quen lle está pedindo que a retire, son todos. Non cre que todos se equivoquen á vez. Ela estalles dicindo que non queren axudar aos veciños. Dille que os veciños, cando veñen a este concello, xa non é por un tema político, senón que son os funcionarios os que lles axudan en todo aquilo que é necesario, só faltaría. E se piden axuda para saber como poden facer unha reclamación, estáselles prestando esa axuda. Dende o minuto un e antes de entrar o actual Goberno aquí, que quede claro. Ese é o traballo que teñen os funcionarios, e dende logo o que teñen os políticos é o de facilitarlle o labor aos veciños.

Pero reitera que aquí non se está votando iso. Estase votando unha moción confusa, unha moción que está baleira, que lle están dicindo tanto o PP, como o PSdeG-PSOE, como UxC, como ACdC-SON que a retire, que lle dea unha volta, para poder votala a prol. Iso é o que lle están dicindo. Se non o fai así, votarán en contra, pero non están votando en contra de axudar ao veciño. Pídelles que non lle dea a volta ao feito de traer unha má moción, que é o que lle están dicindo, e intente dicir que están votando en contra dos veciños. Non vai ser así.

Conclúe dicindo que van pasar á votación da moción, pero antes pregúntalle á voceira do GM (C'S) se a retira.

Dona M^a José García Hidalgo pregunta se totalmente ou algún punto en concreto.

O señor alcalde contesta que toda.

Dona M^a José García Hidalgo pregunta se este tema se estudiaría posteriormente.

O señor alcalde dille que traia outra moción.

Dona M^a José García Hidalgo manifesta que retira a moción presentada.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

O señor alcalde dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito remitido polo coronel-xefe da Comandancia da Coruña da Garda Civil, rexistrado de entrada ao núm. 0/2470 o día 24 de marzo de 2017, felicitando á patrulla da Policía local de Cambre, números 50013 e 50029, que prestaron unha activa e valiosa colaboración na detención dos autores de varios roubos cometidos en establecementos da localidade de Culleredo.

A continuación, de orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 296/2017, do 27 de febreiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 27 de febreiro ao 3 de marzo de 2017 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 484/2017, do 27 de marzo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento de 2016 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	16.236.442,97
Modificacións	2.086.846,81
Créditos definitivos	18.323.289,78
Gastos comprometidos	16.041.928,82
Obrigas recoñecidas netas	15.081.726,12
Pagamentos ordenados	15.026.319,08
Pagamentos realizados	14.241.045,95
Obrigas pendentes de pago a 31/12	840.680,17
Remanentes de crédito	3.241.563,66

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	16.236.442,97
Modificacións	2.086.846,81
Previsións definitivas	18.323.289,78
Dereitos recoñecidos	16.384.258,47
Dereitos anulados	236.590,75
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	16.147.667,72
Recadación neta	14.881.649,14
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.266.018,58
Exceso de previsión	2.175.622,06

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 1.839.431,65 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.168.710,91 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 1.053.584,96 euros.
- remanente de tesourería total, 4.388.990,08 euros.
- exceso de financiamento afectado, 541.685,99 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 2.697.489,20 euros.
- capacidade de financiamento, 1.675.522,52 euros.
- aforro neto, 1.396.925,37 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2016 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com, e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada a través da sede electrónica ao núm. 999/072 o día 27 de marzo de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, e o mesmo día 27 de marzo ao núm. 0/2584 a través da oficina de rexistro presencial.

1º Nos últimos días, o Grupo Municipal Popular recibiu queixas dos veciños e visitantes do noso municipio sobre o estado de limpeza no que se atopa o centro da capital municipal o que, unido ás circunstancias meteorolóxicas adversas que estamos sufrindo neste final do mes de marzo, provoca que as nosas rúas e sobre todo as nosas beirarrúas, se convertan nun potencial perigo para os viandantes.

De aí que tendo en conta que a limpeza viaria é unha das competencias a prestar obrigatoriamente por todo municipio conforme co disposto polo artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dende o Grupo Municipal Popular se interesa do equipo de goberno municipal que se adopten as medidas pertinentes para resolver o problema advertido.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, aclara neste extremo que estas queixas sobre todo veñen dadas os días de choiva porque as beirarrúas se volven especialmente esvaradizas, non polo feito de estar molladas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, explica que como saben ben, isto faise todos os anos coa empresa encargada da empresa viaria, e o que si é certo é que este ano houbo algunha chamada a maiores por verdello nas beirarrúas, atendéronse eses avisos. Ademais, supón que moitas das queixas tamén virán polo que pasou no entroido, que todos saben o que pasou. Limpáronse e seguiranse a limpar todas aquelas rúas que o precisen.

2º Foron varias as ocasións que o Grupo Municipal Popular preguntou en sede plenaria pola probable adquisición, por parte do noso concello, de terreos na parroquia cambresa de Cela para a construción dun centro social, ante as xustas demandas dos veciños e o feito de ser a única parroquia do noso municipio que carece dela; a última delas no pleno ordinario do mes de febreiro, trala celebración, o 10 de febreiro, dunha reunión do alcalde e varios membros do goberno municipal cos veciños da dita parroquia sobre o particular.

Por iso sorprende como outra vez a través dos medios de comunicación, infórmase que o goberno municipal enviou un correo certificado á Fundación Tenreiro para preguntar se a dita fundación aínda ten interese na venda que se tiña concertado e, desda forma, propoñerlle a compra directa que se estivo negando os últimos meses; pese ao cal, o propio concello ten decidido iniciar os trámites para expropiar o terreo.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite do señor alcalde que informe sobre as previsións e intencións que agora parece ter sobre o particular.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta que a súa previsión, logo de quedar deserto o concurso, era a adquisición directa. O que pasa é que alguén compra cando ten alguén que venda. Neste caso, o último concurso foi en xaneiro e, despois dos requirimentos oportunos á Fundación Tenreiro, no concello aínda están agardando pola súa contestación.

Ante a posibilidade de que non contesten iniciaron un plan B, que é a posta en marcha dun plan especial e un proceso paralelo de expropiación.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, explica que a eles sorpréndelles esta situación, e é lóxico, porque este é un tema que leva dando voltas moitos anos. Dende EU, ACdC-SON, PP, todos os partidos, seguiron a negociación coa Fundación Tenreiro.

El cre que o que non se pode facer é marear, dende o seu punto de vista iso é o que non se pode facer. Se chegan a un acordo coa Fundación Tenreiro, esa fundación é un patronato, e como tal está sometido á Xunta de Galicia, e ten que aprobar o importe da venda na Xunta de Galicia.

O que non se pode facer é que se o pleno ten aprobado un prezo de 45.000 euros, ofrecer 36.000, porque chega un momento en que na Fundación Tenreiro cabréanse e din que non queren saber nada, é máis, como fundación que é non se pode presentar a un concurso público, non pode ofrecer os terreos.

Por iso preguntan se esa vai ser a tónica, porque dende logo el non cre, e non é xurista, pero non cre que se poida facer a expropiación, non o cre. Por iso considera que o mellor sería chegar de novo, coas orellas gachas, ata a Fundación Tenreiro e pedirilles que, por favor, lles vendan o terreo, porque nunha expropiación a ver como se xustifica o ben social. El cre que ese punto de vista é un erro deste equipo de goberno. Pero se teñen decidido ir por ese camiño, así lles irá.

Don Ramón Boga Moscoso expón que xa lle dixo que teñen un plan B. Dende o concello téñenlle manifestado á fundación, mediante carta certificada, mediante correos electrónicos, mediante chamadas telefónicas, o seu interese, e despois de quedar perfectamente de acordo, non obtiveron resposta. Explica que hai despois un rogo de ACdC-SON que vai nese sentido.

O que non pode unha fundación, sexa un patronato ou sexa o que sexa, é non contestar á unha alcaldía. Eles por iso seguen agardando e seguirán agardando. Non sabe que máis se pode facer. E por si acaso non funciona a primeira vía, teñen unha alternativa.

Don Manuel Rivas Caridad reitera que el pensa que o que non se pode facer é ir a unha fundación como esta, que ten un patronato detrás e detrás está a Xunta, chegar a un acordo con eles, chegar a un prezo de 45.000 euros, é dicir que só habería que pasar o trámite xurídico, pero que o acordo está feito, e ao mesmo tempo iniciar outro proceso, que é entrar nun concurso público de oferta de terreos. É lóxico que a fundación se sinta mareada e desprestixiada e que diga que do Concello de Cambre non quere saber nada. É normal.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que eles seguiron un procedemento administrativo que é o que lles recomendaron os técnicos. Seguiuse ese procedemento polo libro. Se ao final, despois das conversas mantidas non se presentan, el non sabe que máis se pode facer.

3º O pasado 18 de novembro de 2016, o Grupo Municipal Popular presentou por rexistro un rogo a incluír nas comisións informativas do mes de novembro, no que, á vista da colocación dunha rampla á altura dos números 9-11 e 13 da rúa Constitución da parroquia cambresa do Temple, solicitabamos do equipo de goberno que informara sobre os motivos que levaron ao goberno municipal a colocar a dita rampla, o seu importe, a empresa que realizou o traballo e o procedemento de contratación, así como a comunicación coa comunidade de propietarios do mencionado edificio, tendo en conta a consideración polos veciños de tal lugar, como un espazo privado de uso público.

Na sesión de comisións informativas do mes de novembro de 2016, o concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, contestou ao dito rogo, explicando que a dita colocación atopábase dentro do ámbito de actuación da Lei de accesibilidade e por iso se puxo. Neste caso: *“Creouse un ámbito de intencionalidade política, segundo o cal son públicos por principio todos os ámbitos, agás que se presente unha escritura de propiedade.*

En canto aos soportais si son ámbitos de dominio privado, pero de uso público.”

Respecto dos datos concretos da construción e contratación, remitíusenos polo Sr. Leirós a datos concretos que se nos darían, cousa que a día de hoxe, catro meses despois, non se fixo.

Sobre a base da dita actuación que non contou coa necesaria consulta, autorización e consenso dos veciños, así como sobre a *“intencionalidade política”* manifestada polo equipo de goberno, de considerar, como principio públicos todos os ámbitos agás que se presente unha escritura de propiedade, a dita rampla foi colocada sobre un rexistro de saída de auga que provocou que en datas recentes, tras os últimos temporais, se inundaran todos os espazos lindeiros, cos encharcamentos correspondentes e a dificultade da súa reparación ao estar colocados baixo a rampla.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicita ao equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas que se provocaron coa colocación da dita rampla.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que a verdade é que non sabe onde está o rogo, pero van contestar igual, porque realmente o que fan son unha serie de observacións, que son moitas, non unha, nin un rogo, pero ben.

Vai facer só dous matices. Primeiro un matiz, e despois contestar a última observación, que cre que é o rogo.

Para empezar di que nunca hai unha intencionalidade política, non son tan salvaxes, levan 30 anos na Administración e pódense equivocar, pero saben o que fan. Non hai unha intencionalidade política para declarar un espazo público ou privado, non son tan anormais. Hai unha lectura do plan xeral, e hai unha lectura das distintas lexislacións, da Lei do solo, nas súas diversas vertentes dende o ano 1956. Non están falando de agora, 1956, 1975, 1990, 1992, 2002, etc.

Polo tanto, esa é a lectura. Non son tan salvaxes como para dicir isto público, privado ou tal, non. Hai unha lectura clara das Normas subsidiarias. Ata agora ninguén o tiña claro, e eles teñen posto as regras.

Unha vez determinado isto, vai contestar ao que preguntan cando solicitan ao equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas que se provocaron coa colocación da dita rampla.

Di que algúns veñen aquí a facer política, non a actuar sobre os aspectos técnicos. Para iso teñen a uns señores, que están suficientemente pagados para facer o que son as cuestións técnicas. Cando se decidiu a rampla, decidiuse facela nun espazo público, clarisimamente público, a pesar do que digan dous veciños, dous dos corenta que hai. É público porque así está detectado e así está confirmado.

En segundo lugar, fíxose a rampla por un tema de accesibilidade. Cren que é un tema de lei que hai que facer.

Terceira cuestión, o sumidoiro ao cal se fai mención estaba previsto, e avisouse de que se coidara por parte dos técnicos que ese sumidoiro funcionara.

Cuarta cuestión, os técnicos o fixeron funcionar, e el mesmo o ten comprobado in situ, deixando unha fenda na parte de abaixo do peche, con cinco centímetros, e funcionou.

Quinta cuestión, no houbo ningunha alegación, nin comentario, nin nada, agás unha señora que perseguiu a tres dos concelleiros que hai aquí pola rúa, incluso achegándose a un cando estaba comendo, ou sexa, esaxerado, unha señora que dixo que aquilo se encharcara.

Di que non é verdade. Que cando foron os temporais, como en todas ou practicamente todas as rúas de Cambre, prodúcense charcos. Alí produciuse, é verdade, nun punto onde non corre ben a auga, produciuse un charco. Ao día seguinte non había nada.

De calquera forma, o primeiro día que chova, ou incluso cun camiión, irán alí, observarano, e os técnicos teñen a directriz de ir e comprobar se efectivamente hai charcos. Se hai charcos vaise solucionar.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que respecto do que dixo o Sr. Leirós da intencionalidade política, el deu lectura, porque está escrito, ás palabras do propio Sr. Leirós, non foi el quen utilizou esa frase, foi o Sr. Leirós, e así consta na acta das comisións informativas, por iso o dixo, non por outro motivo. Foi el quen dixo que estaba nun ámbito de intencionalidade política e cal era o concepto, dende o seu punto de vista, do que era público e do que era privado.

Respecto da advertencia ao Goberno para que se tratara de resolver, é porque a eles tamén lles viñeron veciños a dicirlles que houbo ese problema. Se a rampla dificultaba os labores de mellora do sumidoiro da auga que se provocou, era o que estaban solicitando.

Por outro lado, queren dicirle que ademais de que os veciños, mal que lle pese a algúns concelleiros, entre os que o Sr. Leirós se atopa, se acheguen a concelleiros do PP para manifestarlles as súas queixas e que eles llas transmitan ao equipo de goberno, está que veciños dese mesmo edificio, edificio 9-11-13, presentaron por escrito precisamente unha solicitude de aclaración por parte do equipo de goberno e da Concellería de Urbanismo, sobre a titularidade do terreo onde está a rampla e a clarificación sobre a responsabilidade en caso de accidente.

Ese escrito foi presentado o 28 de novembro de 2016 e lles refiren que aínda está sen contestar. Non sabe se lles van contestar, porque xa pasaron máis de catro meses dende que se presentou e sería conveniente contestarlles aos veciños cal é a titularidade, si se considera privado ou privado de uso público.

Don Juan González Leirós manifesta que el non dixo que lle moleste que os concelleiros do PP reciban aos veciños, son parte desta Corporación e, polo tanto, é lóxico. El leva 30 anos no ámbito civil reivindicando ese asunto, co cal, con iso non vai.

En segundo lugar, respecto dese escrito, vaino apuntar. Se o Sr. Abalo o ten pídelle por favor que llo faga chegar, en todo caso, el verá onde está e por suposto que se vai contestar, é unha obrigación.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/075 o día 27 de marzo de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Varias persoas puxéronse en contacto co noso grupo, informando que por parte da Policía local se estaban denunciando os vaos de reserva de entrada a garaxes que carecen de licenza.

En moitos casos informáronnos que teñen solicitada a licenza dende hai anos, e os seus expedientes están sen resolver, sentíndose prexudicados pola situación de irregularidade.

Pregamos nos informen cantos vaos están de forma irregular e cantas solicitudes de licenza están sen resolver.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que hai sobre uns vinte garaxes sen licenza de vao, e a causa é porque no seu momento non os deron de alta, e despois cambiou a normativa. Agora estase mirando para ver se cambiar a actividade do garaxe para poder dar licenza só de vaos.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que comprenden que é necesario que isto teña un prazo previo de inspección e de fiscalización da existencia dos vaos, tanto dos que están en trámites como dos que están xa concedidos pero non feitos efectivos, ou que están nin sequera sen pedir, pero consideran que non pode darse esta situación durante moito máis tempo, tendo en conta que os veciños son os prexudicados finais, e que ademais poden estar sendo multados dunha forma irregular.

Iso tamén implica que os vaos non estean nunha correcta orde e obriga á Policía local a facer dobre traballo, tanto non soamente o de corroborar que estea de alta a licenza, senón despois facer o procedemento correspondente de multa, ou o que sexa necesario.

Polo tanto, é un tema no que lle piden brevidade, concisión no traballo e que lles informen de cando comecen con estes temas e o proceso en si.

Dona Josefa Vázquez Soto explica que neste momento non se denunciou a ninguén. O que se estivo facendo é un estudo. Están facendo os trámites necesarios para axilizalo canto antes.

2º En distintos plenos do concello téñense presentado varias iniciativas polo grupo de EU solicitando se promovan as medidas necesarias, co fin de que o noso concello sexa compensado polo Goberno do Estado pola bonificación fiscal do 95% do IBI, que se recoñece á empresa concesionaria da autoestrada AP-9 que discorre polo noso termo municipal.

A importancia deste problema é fundamentalmente de carácter económico, sirva como exemplo que no ano 2007 o noso concello deberían ter ingresado polo pago do IBI de Audasa 177.662,77 euros, percibindo soamente 8.813 euros, correspondente ao aboamento do 5% do imposto, deixando de ingresar as arcas municipais 168.849,63 euros.

Considera o noso grupo que non existe xustificación para seguir mantendo a aplicación desta bonificación, neste sentido pronunciouse o Ministro de Fomento explicando que o beneficio fiscal que tiñan as concesionarias que unicamente debían aboar o 5% de IBI aos concellos finalizou o 31 de agosto de 2016 e

teñen que aboar os correspondentes impostos “cando o calendario tributario previsto polos concellos así o indique”.

Tendo en conta o anterior, o noso grupo prega ao Goberno realice cantas xestións sexan precisas ante quen corresponda, co fin de cobrar o IBI correspondente ao 100% á concesionaria da autoestrada AP-9, así mesmo dea traslado do problema ao Consorcio As Mariñas, para que sexa tratado no ente supramunicipal e se nos informe dos trámites realizados aos membros da Corporación e veciñanza.

O señor alcalde contesta que aceptan o rogo. O día 20 teñen unha reunión, invitados polo alcalde de Abegondo e presidente do Consorcio As Mariñas, cunha serie de avogados que os van instruír para ver como poden levar este tema.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que agradecen que se acepte o rogo, como entenden que non pode ser doutra forma, porque si que hai cálculos feitos xa. Concretamente en Galicia son 57 os concellos atravesados por algunha das catro autoestradas da comunidade, que poderán percibir o cobro íntegro do IBI que durante décadas, máis de 40 anos, viñan percibindo o 5% dese importe total. As bonificacións, como dixeron no rogo, supoñían o 95% do imposto.

O que ela non sabe, e trátase xa dunha pregunta ao aire, non a fai para que se lle responda neste momento, a verdade é que non lle deu tempo a miralo, é se nos orzamentos do 2017 xa se contempla como ingreso ese 95%, pero xa ve que non, porque llelo está dicindo o señor interventor coa cabeza.

Isto o di porque esas contas ás que facía referencia din que aproximadamente 7 millóns de euros vai ser o que teñan que pagar as concesionarias aos 57 concellos de Galicia, e iso para eles, para un concello como Cambre, pode supoñer unha inxección importante nos seus ingresos, por iso cre que hai que traballar nese sentido e agradece que xa estean con este tema.

O señor alcalde contesta que están de acordo, pero a ver onde acaba o tema, porque se as empresas van pagar 7 millóns de euros, a ver despois como fan. É certo que dende o concello teñen a obriga de pelexar porque lles paguen o que realmente lles corresponde, niso están de acordo e xa lles dixo que o día 20 teñen unha visita ao xulgado, pero despois teñen que ir a Abegondo.

3º O pasado mes de febreiro o alcalde en xuntanza cos veciños de Cela, aseguraba que non parecía existir intención de venda por parte da Fundación “Hermanos Tenreiro”, dos terreos sitos na dita parroquia.

O noso grupo púxose en contacto coa dita fundación onde nos informaron que o expediente está parado, que están pendentes de dar resposta a unha comunicación feita polo concello tentando conseguir unha explicación da negativa a presentarse a concursos de venda, pero que segundo os últimos acordos adoptados no patronato da fundación, a venda directa polo prezo acordado de aprox. 18 €/m² é o que lles vale.

Pregamos realicen os trámites necesarios para restablecer as relacións que permitan a compra dos terreos da fundación.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Xuventude, Turismo e Patrimonio, explica que efectivamente a Fundación Tenreiro informou ben a ACdC do estado da cuestión, están pendentes de dar resposta a unha comunicación feita polo concello. É dicir, están pendentes eles, non o concello. O concello o que está pendente é de recibir a contestación que lles pediron. Dende xaneiro está pendentes diso, agora están case en abril.

O rogo o di claramente, que están pendentes de dar resposta a unha comunicación feita polo concello tentando conseguir unha explicación da negativa a presentarse a concursos de venda, pola cantidade pola que quedaron de acordo, por 18 euros.

O Goberno estará encantado, xa o dixo antes, de restablecer as relacións, eles non romperon ningunha relación.

Conclúe dicindo que aceptan o rogo.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, explica que o que aquí traen a debate é a circunvalación que parece que se está facendo por parte do Goberno actual respecto dun camiño negociado xa dende hai moitos anos, e que tamén afectou a moitas lexislaturas.

Non entenden por que se fixeron os concursos cando xa se tiña feito o acordo de venda directa, a pesar do que din agora os técnicos. Non entenden como se atrasou en dar unha explicación aos veciños, a través tanto do correo ordinario, webs, prensa, como comunicación cos responsables da dita veciñanza.

Todo queda nun estado moi escuro, ou polo menos cuestionable. Agora a fundación, segundo a declaración que eles mesmos lles fan, agardan retomar os trámites necesarios para facer a venda directa, que é o acordado, e por favor lles piden que o fagan xa, sen máis atrasos, sen achacarlle nada máis, indo se é necesario ata alí, á fundación, e falando con eles.

O que non se pode facer é empezar a abrir novos frontes de batalla, que ao mellor impliquen prexuízos a longo prazo para esa parroquia que agora está xa bastante desprezada. Refírese á alternativa que se está comentando agora mesmo, co tema dos aparcadoiros, o tema do parque infantil no lugar dos aparcadoiros que agora xa se están utilizando.

O parque infantil está contemplado xa como parte dos usos que se acordaron para os terreos da Fundación dos *"Hermanos Tenreiro"*. Pregunta por que van abrir outro fronte máis cando ese aínda non o teñen pechado, e mesmo é necesario retomar ese tema antes de abrir outras cousas. Así que, por favor, pide que axilicen eses temas. Que ao mellor unicamente con presentarse alí e falar con eles, soluciónase o tema. Ao mellor é tan sinxelo como iso.

Don Ramón Boga Moscoso explica que hai un procedemento que hai que seguir, é dicir, dende a Administración non se pode dicir que se van comprar os terreos da Fundación Tenreiro, porque pode haber outros terreos que cumpren as mesmas condicións, e hai un tema que se chama concorrencia competitiva. É dicir, ten que ir a concurso, non hai volta, non se pode comprar directamente por máis que digan.

Eles teñen os informes técnicos, falaron coa Fundación, estiveron de acordo nisto previamente. Hai un montón de correos que o demostran, de comunicacións e de reunións con eles. O que non saben é porque despois de aceptar todo este proceso, que é absolutamente legal, volvéronse atrás sen comunicalo sequera.

Respecto dos aparcadoiros, pregunta onde hai un aparcadoiro en Cela. O que hai é unha leira privada. Pregunta se hai algún permiso. É dicir, non hai un aparcadoiro, están aparcando alí porque os propietarios non o pechan. Se o propietario vén agora e pecha, non se pode aparcarse alí. Di que iso é un pouquiño intoxicar tamén á opinión pública.

O asunto é que mentres o concello non consiga os terreos para construír, Cela leva máis de 30 anos sen local. O actual Goberno leva dous anos, e están falando de 30 anos. O actual Goberno está poñendo todo o que ten para mercar os terreos que sexan, dá igual que sexa da Fundación Tenreiro ou de quen sexan, e para iso o concello terá que facer unha oferta pública, é como se fai.

Mentres tanto algo que prometeron foi facer un parque infantil, pediron a cesión dun terreo, vánllo deixar e acometerán iso mentres non se poida facer o do local social.

O do local social, fose como fose, tardaría un ano polo menos, fose dunha maneira ou doutra. É dicir, sexa por compra directa ou sexa por concorrència competitiva.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que empezando pola parte do final, o da intoxicación. Di que non é unha intoxicación cando os veciños manifestan que non queren un parque infantil onde agora están tendo autorización para aparcar. Sería un prexuízo para a parroquia poñer un parque infantil onde agora non ten ese uso pola veciñanza.

Pero volvendo ao tema que lles atinxe, que é o tema dos terreos da fundación. Pregunta se dende esta lexislatura cambiou algún tipo de normativa, algún tipo de cousa que faga necesario agora o concurso, cando antes non era necesario. Di que iso é algo a ter en conta, porque tamén é sorprendente a actitude que está tendo agora o PP nese sentido, de estar moi preocupado por esa parroquia, cando no seu momento tivo catro anos para facer todo o posible e finalizou o seu mandato sen telo conseguido.

Agora non poden permitir que se volva repetir o tema, que pasen estes catro anos e que non soamente non teñan un acordo xa fixado coa fundación, senón que teñan que volver a empezar coas negociacións. Iso é o que non poden permitir, non se pode tirar por terra o traballo de tanto tempo. Pero é o que parece que se está facendo.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, simplemente por alusións quere manifestar que eles sempre estiveron preocupados pola parroquia de Cela, iso é en contestación ao que dixo o concelleiro de ACdC. O problema era que a Fundación Tenreiro non tiña escriturado o terreo. No seu día tíñase taxado, pero a fundación como tal, e como tal patronato que é, ten que pedir autorización á Xunta e ten que fixar un prezo exacto do terreo. Ese prezo fixouno na lexislatura do Sr. García Patiño, non o fixou na súa, e perfecto. Pero unha vez chegado a acordo, cando se trae ese acordo a pleno, o que non se pode despois é marear a perdiz.

Intervén o señor alcalde para lembrarlle ao voceiro popular que está na intervención por alusións, exclusivamente por alusións, porque non lle tocaba outra quenda de palabra, tocáballe por alusións. Polo tanto, se quere facer referencia á alusión, pode facelo, pero pídelle que non faga outro discurso político.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que el non fai ningún discurso, pero que é un rogo, e nos rogos poden intervir todos.

O señor alcalde dille que xa o fixo, que xa interveu unha vez.

Don Manuel Rivas Caridad aclara que neste rogo, non. Foi no seu rogo.

O señor alcalde pídelle desculpas.

Don Manuel Rivas Caridad responde que está desculpado, e continúa manifestando que, como dixo, o que non se pode despois é marear a perdiz. Se a fundación ten aprobado 45.000 euros e eles o teñen aprobado aquí, no pleno do concello, o que non se pode é andar con regateos, porque a fundación non ten opción, é o que ten aprobado pola Xunta de Galicia para poder vender o terreo.

Continúa dicindo que se hai interese en facelo, pódese facer, se hai interese, pero claro, con anuncios en prensa dicindo que inician o expediente de expropiación, a Fundación Tenreiro, propietaria dos terreos, o que dirá é que se vaian a outro lado, con perdón. Así de claro.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente expón que si se chegou a un acordo coa fundación, si se chegou a un acordo co seu presidente, e ninguén mareou a perdiz. A historia está no mesmo prezo ao que se chegou a acordo co presidente, que non foi o que estaba previsto ao principio, e a fundación tivo que obter permiso da Xunta para adaptarse ao último prezo, que é o que hai, o de 18,125 euros, e punto, non lle hai que dar máis voltas.

O único que pasa é que se fixeron os procedementos que se tiñan que facer, e como non houbo ningún ofertante, iso é o que che abre a porta á compravenda directa. Nese momento é no que se quedou, pero non hai dúbida da grande insistencia do señor alcalde en chamar unha, dúas, tres, catro veces, en mandar catro fax. Pero non recibiron contestación da fundación, polo que sexa, porque se sentiron doídos, polo que sexa, non o saben. Volveron chamar, e o único que agardan é que a Fundación Tenreiro chegue un momento no que miren as oito chamadas e digan que se van sentar para ver a cousa. De momento dende o concello non conseguiron chegar a eles, ese é o único problema que hai.

O tema da expropiación é a segunda vía. Explica que para facer o edificio só se pode facer mediante un plan especial de dotacións. Acabouse, non hai outra forma, co cal teñen que facer ese plan especial de dotación si, ou si, ou si. O plan especial de dotacións é o que lles habilita para declarar iso como de interese público e social, porque o necesitan, e iso é o que lles permite expropiar. É así.

Conclúe dicindo que por iso están abrindo outra vía, pero que oxalá a vía sexa a que estivo aberta sempre, que é que chamen da fundación e ao día seguinte pónense a deixar fixado ese prezo de 18,125 euros/m², e acabouse o problema. Non hai máis. Pregunta se lles quedou claro.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que segue sen quedarlle moi claro por que non acoden á fundación para falar sobre este tema. Porque se lles están demostrando que a que utilizan non é a vía adecuada de comunicación, ao mellor hai que abrir outra, e a presencial é unha moi poderosa. Abrir un proceso de expropiación implica botarse enriba todas as posibles negociacións futuras que se teñan con esa fundación, e teñen máis terreos aos que se pode acceder.

Conclúe dicindo que por iso pensa que ao mellor hai que mirar outras cousas.

O señor alcalde pídelle ao concelleiro de ACdC que retire da súa intervención a frase de “a pesar do que digan os técnicos”. Dille que foi o que dixo, que quedou gravado e pode escoitar o audio.

Manifesta que a eles non lles dá igual, nin agora nin antes, o que digan os técnicos. Igual que os políticos poden discrepar e discrepar o que queiran, seguen ao pé da letra as instrucións que lles dan os técnicos para facer estes procedementos. Iso punto número un.

Punto número dous. Xa están co plan de dotacións, xa o dixo o concelleiro de Urbanismo, que vai ser necesario si ou si. Niso xa están traballando, porque aínda que teñan mañá os terreos, non poden facer nada neles, mentres que non teñan o plan de dotacións aprobado. Supón que niso tamén estarán de acordo. Pois iso xa está iniciado, como tamén llelo dixeron aos veciños e veciñas de Cela, xa está iniciado ese procedemento. Como van obter os terreos dálles igual, ata dentro de nove meses ou un ano non poden telo, porque o plan de dotación é o tempo que leva.

Respecto da pregunta de se cambiou a normativa. Pídelle que mañá presente polo rexistro municipal, á atención de Patrimonio, unha solicitude para que lle expliquen si cambiou ou non a normativa, e daranlle unha contestación, non política, técnica, por rexistro. El non sabe se cambiou dende que están aquí, el simplemente fai o que lles din dende Patrimonio, nin máis nin menos.

En cando a iso de que pode ser que se equivocaran na relación coa fundación, o Goberno díxolle en todo momento aos veciños en que situación estaban e como estaban facendo as cousas. Non é que falaran coa fundación, é que falaron co presidente da fundación, e todo se dirixiu ao presidente. Como cambiou, e como cando se fala as palabras poden dicir que se dixeron ou que non, limitáronse a escribir, que iso queda sempre aí, e queda rexistrado. Así que llo mandaron por escrito e agardan unha contestación por escrito, nin máis nin menos.

Engade que a fundación ao principio pediu toda a documentación para presentarse a ese segundo concurso, e el preguntalles para que a pediron se non ían ir, para que piden toda a documentación e logo no último momento din que non. Queren unha explicación diso, porque cre que llela deben dar. Pode ser que o pediran, e despois viran que se equivocaran, que non podían ou non querían, pero polo menos que lles dean unha explicación. Por iso lla pediron por escrito.

E iso é o que fixeron ata o de agora. Agardan conseguila. Se preguntan se este tema vai ir nesta lexislatura, a resposta é si, dunha forma ou doutra, porque xa iniciaron o procedemento.

Respecto das dúbidas do Sr. Rivas sobre se pode facerse ou non, a eles os técnicos dinlles que si e eles tiran para adiante, verán a ver onde acaban. Eles fanlles caso aos técnicos, non é unha crenza, porque el pode crer ou non crer, pero non, son os técnicos os que lles dixeron si, o procedemento pódese facer desa maneira, e xa está, niso están.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que, por aclarar, dende o grupo de ACdC-SON non van poñer en dúbida o traballo e a boa fe dos técnicos, iso está claro, pero quere especificar que a súa frase foi “ao que digan agora os técnicos”, nunha clara alusión non a que cambien de criterio do mes pasado ao mes actual, senón da anterior lexislatura a esta lexislatura.

O señor alcalde agradece a aclaración.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, di que de maneira moi breve, total e absolutamente sucinta, el fai dende o seu grupo un chamamento conxunto de actores implicados, a unha relativa calma, e a analizar todos os elementos do caso de maneira minimamente serena.

Di que se poden discutir moitas cousas ao actual Goberno municipal, pero dende logo hai unha que non, que todos os pasos que deu, cinguíronse cos ollos pechados ao ditame dos técnicos desta casa, sen mover absolutamente nin o máis mínimo milímetro nese sentido. E iso é moi importante, porque dá garantías de que o concello está facendo as cousas ben, ao seu modo de ver.

Hai unha cuestión que el leva moito tempo pensando en dicir, e que, afortunadamente alguén dixo por el, polo que fai un chamamento a todos os grupos políticos a que calibren cal está sendo o seu papel real en todo este caso, e do lado de quen están, dalgunha maneira, defendendo os intereses. Loxicamente os intereses do pobo, iso por suposto, pero á hora da verdade a quen están servindo ou a quen están sendo útiles con determinadas posicións e con determinadas estratéxicas.

E o di así de claro porque non el, senón o Sr. Rivas, dixo aquí, hai un momento, unha frase que para el é para enmarcar, que é que detrás da Fundación Tenreiro está a Xunta, e a partir de aí se poden explicar como nun momento no que hai unha boa relación, un acordo que está a punto de chegar a bo porto coa Fundación “Hermanos Tenreiro”, a fundación deixa de coller o teléfono, deixa de responder aos correos electrónicos deste concello e deixa de responder a comunicacións oficiais por parte deste concello. Pregunta se non será que alguén, politicamente na sombra, quere impedir que este acordo, que estaba xa practicamente a punto de concretarse, chegue a bo porto. Di que aí o deixa, que non o pode dicir máis claro, podería dicilo moito máis



alto, pero cre que se entende perfectamente. Pregunta quen está detrás da Fundación Tenreiro, a que intereses obedece. E non o di el, díxoo o Sr. Rivas, detrás da fundación está a Xunta de Galicia.

O señor alcalde pide aos presentes que, por favor, garden silencio.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille ao señor alcalde que esa señora lle acaba de dicir “tú estás mal, chaval, lávate los oídos”.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, dille que non, o que dixo foi “tú oyes mal”.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que, entón, ti oes mal, pero lavarse os oídos, el lávase os oídos con frecuencia e asiduidade, e así pode escoitar os seus improperios.

Intervén o señor alcalde para pedir que, por favor, volvan ao rogo, e concédelle a palabra ao voceiro do PP.

Don Manuel Rivas Caridad di que a el amólalle que lle digan estas cousas, e que este señor concelleiro, por riba concelleiro de goberno, se atreva a dicir o que dixo. Manifesta que el o único que dixo, e segue repetindo, é que a Fundación Tenreiro ten por riba un patronato, foi o que dixo, e ese patronato é o que ten que dar a autorización, e ten que pedila á Xunta.

Que se lle acuse de paralizar, ou que se deixe na sombra que el, por ser do PP, que goberna na Xunta, incitou para que a Fundación Tenreiro non reciba ao alcalde de Cambre, dilles que perdón, que el vai co señor alcalde á fundación, non ten ningún problema en facelo. Pídelle ao Sr. Carballada que deixe de tirar pedras ao aire, porque iso é unha desvergonza, así de claro.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/074 o día 27 de marzo de 2017.

- En decembro de 2016, Ciudadanos Cambre solicitou mediante un rogo que o escudo oficial de Cambre compartira presenza na portada da páxina web do concello co logotipo oficial, para que ambos fosen visibles ao acceder á páxina.

Contestóusenos que non había ningún problema e que podía facerse. A día de hoxe non ten sido incorporado, e é por iso polo que novamente rogamos que se atenda á petición e se lle dea cumprimento en canto sexa posible.

O señor alcalde contesta que a día de hoxe xa está, está dende que recibiron o rogo. Explica que a verdade é que estaban pendentes de incluílo coa nova páxina web, na que se está traballando, pero como lle están dando uns retoques máis, decidiron meter o escudo xa na antiga páxina, e na nova tamén aparecerá.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada a través da sede electrónica ao núm. 999/072 o día 27 de marzo de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno, e o mesmo día 27 de marzo ao núm. 0/2587 a través da oficina de rexistro presencial.

1^a O pasado mes de decembro, máis concretamente entre os días 22, 23 e 24, tivo lugar no Campo da Feira de Cambre, o “*Mercado de Nadal*”, proxecto desenvolvido dende a Concellería de Promoción Económica, con

gran despregue mediático e proxecto de actividades paralelas, como obras de teatro ou actuacións musicais. Segundo declaracións da propia concelleira de Promoción Económica, os produtos de calidade de Cambre non se poden encontrar nas grandes áreas comerciais polo que hai que apostar polo comercio de proximidade, para o cal, *“Programamos unha serie de actividades paralelas aos sorteos das cestas para fomentar aos nosos comercios.”*

Ante as queixas recibidas tanto de empresarios e comerciantes como de veciños e usuarios do comercio e hostalería de Cambre, sobre o desenvolvemento do dito “Mercado de Nadal”, que provocou non só críticas negativas senón unha moi má imaxe do noso municipio; dende o Grupo Municipal Popular solicitamos que a concelleira de Promoción Económica informe sobre os resultados e o grao de cumprimento das perspectivas previstas dende a concellería no desenvolvemento do dito mercado e o realmente acontecido.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, explica que lles vai contestar, a pesar de que esta pregunta xa a trouxeron a pleno o día 28 de decembro, non obstante, non ten problema en volver a contestala.

Dende a Axencia de Desenvolvemento Local decidiuse organizar un mercado de Nadal no Campo da Feira de Cambre durante seis días, do 19 ao 24 de decembro de 2016, a instancia dun grupo de vendedores ambulantes especializados en mercados temáticos de toda Galicia.

Unha vez aprobadas e publicadas as bases de desenvolvemento do mercado, por resolución da súa concellería núm. 1914/2016, do 28 de novembro, presentáronse un total de 11 solicitudes para asistir ao mercado. Posteriormente, desistiron da súa solicitude dous vendedores.

Dende a ADL considerouse que o número de postos sería insuficiente para desenvolver un mercado o suficientemente atractivo para a poboación. Comunicáronlle aos vendedores que presentaran solicitude e, nese momento, os artesáns e vendedores de Cambre solicitaron que o mercado se realizara de igual xeito. Dende a ADL decidiron continuar coa celebración do mercado para non prexudicar a eses artesáns e vendedores, pero cunha serie de cambios. Reduciron o número de días, que pasou de seis a tres, do 22 ao 24 de decembro, e complementouse cunha serie de actividades paralelas, como foi a instalación dunha pista de karts permanente e gratuíta para nenas e nenos durante os tres días de celebración do mercado, unha obra de teatro infantil o xoves día 22, que se anulou pola choiva, e un concerto dirixido tamén ao público infantil, o día 23, onde houbo moita afluencia.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta a micrófono pechado que non se responde á pregunta.

O señor alcalde indica que volven ao mesmo, non é o que ela agarda que lle respondan, pero a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico respondeu como cría que debía responder. A concelleira do PP cre que non é a resposta adecuada, pero non hai debate no tema das preguntas, así que lle pide que o presente por escrito, que se lle contestará por escrito, e se non está de acordo, pode volver a preguntar.

2ª O pasado 8 de marzo celebrouse o Día internacional da muller, que tamén contou cun acto institucional no Concello de Cambre, programado dende a Concellería de Igualdade.

No dito acto, por parte da concelleira de Igualdade, avogouse pola corresponsabilidade parental, cando apenas uns días antes, o seu grupo municipal, así como o resto de membros do equipo de goberno do que forma parte, votaron en contra da moción presentada a prol da regulación da dita corresponsabilidade parental.

Máis sorprendentes aínda foron as declaracións do noso alcalde, quen no seu discurso reclamou loitar contra a desigualdade salarial de xénero, situación que existiu nos catro gobernos nomeados dende que tomou as rendas do goberno municipal en xuño de 2015. Situación xa advertida por este Grupo Municipal Popular dende o primeiro pleno ordinario desta lexislatura.

Dende o convencemento de que debe predicarse co exemplo, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre, que medidas adoptou dende que tomou posesión como alcalde para loitar contra a desigualdade salarial de xénero no seu propio goberno, isto é, respecto das concelleiras que formaron parte de cada un dos catro gobernos que ten nomeado en apenas 18 meses.

Dona M^a Jesús Gómez González, concellería con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta que no seu día consensuáronse os salarios de todos os concelleiros, sendo todos iguais, sen ter en conta o xénero, exceptuando os dous compañeiros que tiñan estipulado o salario como funcionarios.

Dilles que ela, persoalmente, como muller e como socialista, non necesita que a defendan.

3^a O pasado mércores 15 de marzo levouse a cabo a inauguración do campo de fútbol “Os Pinares”, de Brexo-Lema, infraestrutura auspiciada durante o mandato do Partido Popular no Concello de Cambre, inauguración oficial que contou coa asistencia de diversas autoridades provinciais e rexionais, no que tras os actos protocolarios de rigor celebrouse un partido de fútbol entre o Fabril e un combinado de equipos de fútbol de Cambre.

Ademais dos evidentes problemas de protocolo que se produciron no dito acto, veciños asistentes á celebración posterior ao partido advertiron falta de previsión e desorganización xeral.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de deportes sobre os problemas advertidos polos veciños na celebración posterior ao partido de fútbol que tivo lugar tras a inauguración oficial do campo “Os Pinares” en Brexo-Lema.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta que polo coñecemento que el ten, e que lle transmitiu así o concelleiro do servizo de Deportes, todas as cuestións relativas a organización, protocolo, horarios e demais, foron consensuadas co club de fútbol do Brexo-Lema, cando non, directamente partiron del, como non podía ser doutra maneira.

Eles a información que teñen, en xeral, é que o acto, que resultou masivo, foi moi, moi positivo, supón que os concelleiros do PP non o saberán porque marcharon antes de rematar. Dicur que atenderon na celebración que houbo tras a inauguración aos requirimentos que se lles deron, e chega a un extremo de explicación exhaustivo ao explicar que a carpa dispúxose coas medidas que lles facilitaron, e que a lexislación permitía naquel emprazamento. Dende o concello facilitáronse todos os utensilios necesarios para servir o ágape, tomar un pincho e brindar polo novo campo de fútbol, tanto o viño, que sobrou, como 200 kilos de churrasco e 200 chourizos crioulos, que entenden que chegan, máis que de sobra, para unha celebración dese tipo, tendo en conta a xente que foi.

O señor alcalde pide orde.

Don Daniel Carballada Rodríguez conclúe dicindo que resultou un día feliz, que a xente en xeral saíu satisfeita, que por suposto todo é mellorable, e iso aceptarano sempre, pero entenden que en xeral o balance do día foi positivo.

Antes de dar lectura ás preguntas presentadas para este pleno polo grupo municipal de ACdC-SON, dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, lembra que no pleno pasado quedaron algunhas cuestións pendentes de contestar por escrito. Hai unha pregunta que non se contestou por escrito, e como para este pleno traen dúas, gustaríalles que se contestara.

O señor alcalde pídelle desculpas. El non estivo no pleno pasado e non sabía isto, non se lle comunicou ou non se deu conta que había algo pendente de contestar. Pregunta se había unha soa.

Dona M^a Olga Santos López di que no seu caso quedaron sen contestar tres, teñen contestación de dúas pero a terceira está pendente.

O señor alcalde indica que non sabe se o concelleiro a quen vaia dirixida estará preparado para contestar, pero dálle permiso para lela.

Pregunta de ACdC-SON presentada por escrito para o pleno do 23 de febreiro de 2017

Pregunta rexistrada de entrada ao núm. 999/0040 o día 20 de febreiro de 2017

- Na literalidade da presentación do entroido cambrés atopámonos coas manifestacións do concelleiro de Cultura que afirma que “a programación que se presenta é máis completa, diversa, ampla e variada que a de anos anteriores”. Diremos que estamos totalmente de acordo con esta afirmación se nos atemos ás innovacións introducidas no noso entroido pequeno, tales como que sexan 11 días de festa, a recuperación do enterro da sardiña, os testamentos, o concurso de postres típicos e a posta en disposición dunha nave para a elaboración das carrozas. Así mesmo, parécenos moi acertada a programación infantil con maxia, música ao vivo, atraccións e obradoiros, e tamén a posta en marcha do servizo de bus municipal no entroido pequeno.

A única salvidade que podemos poñer a esta programación, tendo en conta que tamén declara o concelleiro que pretenden poñer en valor a cultura galega e a historia de Cambre, é a actuación o día grande de Karina, persoa, que ata onde nós sabemos, pouca ou ningunha relación ten con Cambre nin con Galicia. Se a pretensión era tal e como declara o concelleiro na web do concello “chegar a un público interxeracional” ocórresenos unha morea de nomes galegos que poderían ter ocupado ese espectro de idades e xeracións. Sirvan como exemplo no estilo de Karina, Xil Ríos, Pipi Pampín, Lucía Pérez.

Se se pretende dar un pouquiño máis de calidade artístca, poderíamos pensar en Fuxan os Ventos, Milladoiro, Ugía Pedreira, Xabier Díaz, Guadi Galego.

Pode o concelleiro responsable facernos entender a decisión de contratar a Karina para o día grande do entroido pequeno, sendo o primeiro que sempre avogou polo fomento da nosa música e os nosos artistas nas festas que se celebran durante o ano no noso concello?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta que, indo por partes, porque é unha pregunta moi ampla, el procurará ser breve. Di que el non ve ningún tipo de contradición entre o que el persoalmente defendeu historicamente na oposición e o que fai no goberno. Moi claramente baixo o seu criterio e o dos técnicos da Concellería de Cultura, que elaboraron este programa despois de ter varias reunións co tecido asociativo de Cambre.

Claramente é un programa amplo, é un programa plural, onde hai un predominio, que loxicamente non é exclusivo, porque non pode ser ese o obxecto dunha programación municipal, dunha serie de artistas que realizan a súa actividade artística e cultural en galego, dende Fran Amil, Chuches Amil, que foi unha cuestión que se fixo para nenos, igual que un mago que era Martín Camiña, o propio Santa Compañía, que tocaron

moitísimos temas galegos, como por exemplo a charla que deu Felipe Senén, recuperación de traxes, recuperación do Meco na historia do enterro da sardiña, ou a recuperación das coplas que tamén se fixo en galego. É dicir, que a presenza do galego el cre que foi moi importante.

Non obstante, o feito de que el sexa concelleiro do BNG non quere dicir que absolutamente todo o que saia da súa concellería teña que ser en galego, ou teña que ser do gusto do concelleiro, ao contrario.

En canto á contratación de Karina obedece, primeiro, a unha serie de reunións que mantiveron con diversos colectivos, e onde coincidiron na necesidade de buscar unha certa actuación musical de carácter interxeracional, para preservar o carácter fundamentalmente familiar que debe ter o Entroido pequeno de Cambre, sobre todo na zona da carpa, que é onde se fan os concursos tanto de comparsas, como modalidade individual e infantil.

Consideraron, ademais, que era unha artista que tiña un prezo realmente adecuado ao que podía ser o orzamento municipal, 2.500 euros (IVE incluído), e que podía ter certo éxito entre o público, procurando que haxa outras zonas do Campo da Feira que si tenden máis, por así dicilo coloquial e brevemente, ao botellón.

Ten que dicir, así de claro, que se portou estupendamente con eles, que sobrepasou con moito o contratado durante a súa actuación, que se prestou a todo canto eles lle pediron, e incluso, por certo, que rematou a súa actuación cantando a capela en galego.

Son perfectamente conscientes de que igual o perfil de Karina non é o máis propio para unha programación cultural con carácter estable, pero si para unha celebración do Entroido que, por certo, e non porque o diga el, senón porque o din os informes oficiais, foi a máis numerosa, con moita diferenza, dos últimos anos en Cambre. Aumentaron un 120% a participación no número de carrozas, e pasouse dunha afluencia aproximada de 2.500, fala de memoria, a máis de 4.000 persoas, segundo os informes policiais.

Conclúe dicindo que, polo tanto, están moi contentos. Moi contentos de Karina, moi contentos do Entroido e sobre todo moi contentos de que Cambre siga sendo un concello aberto, plural, diverso, cunha programación cultural ampla, e cun grao de tolerancia aínda máis amplo que permite, incluso, que mentres un concelleiro está falando no salón de plenos haxa veciños que se estean rindo del con total impunidade, e non pasa absolutamente nada.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito para este pleno

Rexistradas de entrada ao núm. 999/075 o día 27 de marzo de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª No noso concello aprobouse unha iniciativa para dar carácter institucional ao día da “Festa da árbore”. O pasado día 21 de marzo foi o “Día forestal mundial” denominado tamén “Día internacional dos bosques”, dende o noso grupo non tivemos coñecemento de ningunha iniciativa por parte do concello encamiñada a promover valores de respecto á natureza e o indispensable papel das árbores no mantemento do ecosistema. Tampouco se levaron a cabo actos sobre a recuperación e celebración da festa tradicional do “Día da árbore”. Neste sentido o noso grupo pregunta:

Poden informarnos dos motivos para non realizar ningún acto na mencionada data, nin ter dado cumprimento ao acordo plenario?

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta que dende o



concello se programaron, toda a mañá do día 21, actividades cos nenos en todos os CEIPs, plantando árbores.

Nun principio o señor alcalde non puido asistir, por razóns persoais, pero dende o concello estiveron en todos os CEIPs que solicitaron árbores para plantar.

2ª Dende hai varios meses na beirarrúa na rúa Estanque de Abaixo, no Temple, atópase unha prancha de metal que como única sinalización ten unha pedra pintada de vermello. Poden informarnos da obra en cuestión e que se sinalice debidamente para apercibir do problema?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que se estaba sinalizando debidamente. Explica que este tema está da seguinte forma, 23/09/2016, 28/11/2016, 26/01/2017, 28/03/2017. Son todo notificacións a Telefónica. Por fin, a persistencia neste tema fixo que recibiran un escrito de Telefónica no que se lles di que deron traslado ao departamento correspondente da planta, achegando fotos e información para que se realice a reparación.

Agardan que iso signifique que o van arranxar pronto. De todas formas, por parte do concello levantouse un expediente disciplinario contra Telefónica, porque se eles non o fan, van facelo dende o concello subsidiariamente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia